

DIARIO DE SESIÓNS DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

XII lexislatura
Serie Pleno
Número 47

Sesión Plenaria
9 de abril de 2025

Presidencia do Excmo. Sr. D. Miguel Ángel Santalices Vieira



ORDE DO DÍA (continuación)

Punto 1. Comparecencia

1.1 22622 (12/CPP-000042)

Do conselleiro de Emprego, Comercio e Emigración, por petición propia, para informar sobre as liñas mestras do Plan Estratéxico do Comercio 2025-2030

Publicación da iniciativa, BOPG nº 182f2, do 02.04.2025

Punto 5. Preguntas para resposta oral do presidente da Xunta de Galicia

5.1 22620 (12/POPX-000039)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gómez Besteiro, José Ramón

Sobre as medidas previstas polo Goberno galego ante os déficits actuais do sistema sanitario público de Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 182f2, do 02.04.2025

5.2 22621 (12/POPX-000040)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén

Sobre a evolución das listas de espera sanitarias na actual lexislatura da Xunta de Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 182f2, do 02.04.2025

Punto 6. Preguntas ao Goberno

6.1 16753 (12/POP-002584)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Trenor López, Gonzalo e oito deputados/as máis

Sobre a valoración do Goberno galego respecto das incidencias que se están a rexistrar no transporte ferroviario

Publicación da iniciativa, BOPG nº 144f1, do 24.01.2025

6.2 22147 (12/POP-003364)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández González, Ariadna e Rodil Fernández, Olalla

Sobre a postura da Xunta de Galicia en relación co proceso de acollemento de menores estranxeiros non acompañados

Publicación da iniciativa, BOPG nº 179f2, do 26.03.2025



6.3 18285 (12/POP-002859)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Lorenzo Gómez, Rubén e oito deputados/as máis**

Sobre a información que ten a Xunta de Galicia das previsións do Goberno central no que atinxe á procura dunha solución enerxética para os proxectos industriais estratéxicos de Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 153f2, do 06.02.2025

6.4 21557 (12/POP-003271)**Grupo Parlamentario Mixto****Ojea Bouzo, Armando**

Sobre as razóns para non asignar a Ourense unha partida orzamentaria de 24 millóns non executada en Vigo

Publicación da iniciativa, BOPG nº 175f2, do 19.03.2025

6.5 17285 (12/POP-002731)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****López Font, Carlos e Castro Rey, Paloma**

Sobre os prazos previstos pola Xunta de Galicia para iniciar as accións necesarias co fin de conseguir a eliminación das peaxes nas autoestradas de titularidade autonómica AG-55 e AG-57

Publicación da iniciativa, BOPG nº 145f1, do 27.01.2025

6.6 18208 (12/POP-002849)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Fernández Alfonso, Ramón Tomás e tres deputados/as máis**

Sobre a dotación do sistema público de saúde de Galicia dunha unidade especializada na silicose

Publicación da iniciativa, BOPG nº 148f1, do 30.01.2025

6.7 22611 (12/PUP-000101)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Amigo Díaz, María Encarnación e oito deputados/as máis**

Sobre as medidas previstas pola Xunta de Galicia ante o derrubamento do falso teito no Hospital Materno-Infantil de Ourense

Publicación da iniciativa, BOPG nº 182f2, do 02.04.2025

6.8 22618 (12/PUP-000102)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Rodríguez Dacosta, María del Carmen**

Sobre o derrubamento do teito do Hospital Materno-Infantil de Ourense

Publicación da iniciativa, BOPG nº 182f2, do 02.04.2025

6.9 22609 (12/PUP-000100)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Queixas Zas, Mercedes**

Sobre a garantía da protección do Camiño Francés como Patrimonio da Humanidade ante a instalación da macrocelulosa de Altri en Palas de Rei

Publicación da iniciativa, BOPG nº 182f2, do 02.04.2025



SUMARIO

Retómase a sesión ás dez e dous minutos da mañá.

Alteración da orde do día

O señor presidente anuncia unha alteración da orde do día consistente en debater as dúas preguntas ao presidente da Xunta de Galicia de xeito acumulado, rexistradas cos números 22620 e 22621. (Páx. 7.)

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D. José Ramón Gómez Besteiro, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as medidas previstas polo Goberno galego ante os déficits actuais do sistema sanitario público de Galicia. (Punto quinto da orde do día.)

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D^a Ana Belén Pontón Mondelo, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a evolución das listas de espera sanitarias na actual lexislatura da Xunta de Galicia. (Punto quinto da orde do día.)

Intervención do autor e da autora: Sr. Gómez Besteiro (S) (Páx. 7.) e Sra. Pontón Mondelo (BNG) (Páx. 9.).

Resposta do presidente da Xunta de Galicia: Sr. Rueda Valenzuela. (Páx. 10.)

Réplica do autor e da autora: Sr. Gómez Besteiro (S) (Páx. 12.) e Sra. Pontón Mondelo (BNG) (Páx. 14.).

Réplica do presidente da Xunta de Galicia: Sr. Rueda Valenzuela. (Páx. 15.)

Pregunta de D. Gonzalo Trenor López e oito deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre a valoración do Goberno galego respecto das incidencias que se están a rexistrar no transporte ferroviario. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención do autor: Sr. Trenor López (P). (Páx. 17.)

Resposta da Xunta: Sr. conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes (Calvo Pouso). (Páx. 19.)

Réplica do autor: Sr. Trenor López (P). (Páx. 20.)

Réplica da Xunta: Sr. conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes (Calvo Pouso). (Páx. 20.)

Pregunta de D^a Ariadna Fernández González e D^a Olalla Rodil Fernández, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a postura da Xunta de Galicia en relación co proceso de acollemento de menores estranxeiros non acompañados. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención da autora: Sra. Fernández González (BNG). (Páx. 22.)

Resposta da Xunta: Sra. conselleira de Política Social e Igualdade (García Martínez). (Páx. 22.)

Réplica da autora: Sra. Fernández González (BNG). (Páx. 23.)

Réplica da Xunta: Sra. conselleira de Política Social e Igualdade (García Martínez). (Páx. 24.)



Pregunta de D. Rubén Lorenzo Gómez e oito deputados/as máis, do G. P. Popular, sobre a información que ten a Xunta de Galicia das previsións do Goberno central no que atinxe á procura dunha solución enerxética para os proxectos industriais estratéxicos de Galicia. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Lorenzo Gómez (P)*. (Páx. 25.)

Resposta da Xunta: *Sra. conselleira de Economía e Industria (Lorenzana Somoza)*. (Páx. 26.)

Réplica do autor: *Sr. Lorenzo Gómez (P)*. (Páx. 27.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Economía e Industria (Lorenzana Somoza)*. (Páx. 28.)

Pregunta de D. Armando Ojea Bouzo, do G. P. Mixto, sobre as razóns para non asignar a Ourense unha partida orzamentaria de 24 millóns non executada en Vigo. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Ojea Bouzo (M)*. (Páx. 29.)

Resposta da Xunta: *Sr. conselleiro de Facenda e Administración Pública (Corgos López-Prado)*. (Páx. 30.)

Réplica do autor: *Sr. Ojea Bouzo (M)*. (Páx. 31.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Facenda e Administración Pública (Corgos López-Prado)*. (Páx. 32.)

Pregunta de D. Carlos López Font e D^a Paloma Castro Rey, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre os prazos previstos pola Xunta de Galicia para iniciar as accións necesarias co fin de conseguir a eliminación das peaxes nas autoestradas de titularidade autonómica AG-55 e AG-57. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. López Font (S)*. (Páx. 33.)

Resposta da Xunta: *Sra. conselleira de Vivenda e Planificación de Infraestruturas (Martínez Allegue)*. (Páx. 34.)

Réplica do autor: *Sr. López Font (S)*. (Páx. 35.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Vivenda e Planificación de Infraestruturas (Martínez Allegue)*. (Páx. 35.)

Pregunta de D. Ramón Tomás Fernández Alfonzo e tres deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a dotación do sistema público de saúde de Galicia dunha unidade especializada na silicose. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Fernández Fernández (BNG)*. (Páx. 36)

Resposta da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (Gómez Caamaño)*. (Páx. 37.)

Réplica do autor: *Sr. Fernández Fernández (BNG)*. (Páx. 38.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (Gómez Caamaño)*. (Páx. 39.)

Alteración da orde do día

O señor presidente anuncia unha alteración da orde do día consistente en debater dúas preguntas ao Goberno de xeito acumulado, rexistradas cos números 22611 e 22618. (Páx. 40.)



Pregunta de D^a María Encarnación Amigo Díaz e oito deputados/as máis, do G. P. Popular, sobre as medidas previstas pola Xunta de Galicia ante o derrubamento do falso teito no Hospital Materno-Infantil de Ourense. (Punto sexto da orde do día.)

Pregunta de D^a María del Carmen Rodríguez Dacosta, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre o derrubamento do teito do Hospital Materno-Infantil de Ourense. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención das autoras: *Sra. Pérez López (P)* (Páx. 41.) e *Sra. Rodríguez Dacosta (S)* (Páx. 42.).

Resposta da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (Gómez Caamaño)*. (Páx. 43.)

Réplica das autoras: *Sra. Pérez López (P)* (Páx. 44.) e *Sra. Rodríguez Dacosta (S)* (Páx. 45.).

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (Gómez Caamaño)*. (Páx. 46.)

Comparecencia do Sr. conselleiro de Emprego, Comercio e Emigración, por petición propia, para informar sobre as liñas mestras do Plan estratéxico do comercio 2025-2030. (Punto primeiro da orde do día.)

Intervención do Goberno: *Sr. conselleiro de Emprego, Comercio e Emigración (González Vázquez)*. (Páx. 48.)

Rolda dos grupos parlamentarios: *Sra. Rodríguez Dacosta (S)* (Páx. 54.), *Sra. González Iglesias (BNG)* (Páx. 57.) e *Sra. Rodríguez Carrera (P)* (Páx. 60.).

Réplica do Goberno: *Sr. conselleiro de Emprego, Comercio e Emigración (González Vázquez)*. (Páx. 63.)

A señora presidenta (Candía López) abre unha rolda especial de aclaracións, con dúplica do Goberno. (Páx. 67.) Nesta rolda interveñen a señora Rodríguez Dacosta (S) (Páx. 67.), a señora González Iglesias (BNG) (Páx. 68.), a señora Rodríguez Carrera (P) (Páx. 70.) e o señor conselleiro de Emprego, Comercio e Emigración (González Vázquez) (Páx. 72.).

Remata a sesión á unha e cincuenta e dous minutos da tarde.



Retómase a sesión ás dez e dous minutos da mañá.

O señor PRESIDENTE: Bos días.

Reanúdase a sesión.

Quixera, en primeiro lugar, saudar os alumnos de 1º e 2º do grao de Dirección e Xestión Pública, da Universidade de Vigo (Campus de Pontevedra), que nos acompañan hoxe. Benvidos ao Parlamento.

Comezamos co punto 5º, preguntas para resposta oral do presidente. Neste caso son dúas preguntas que se debaten de xeito acumulado.

Alteración da orde do día

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D. José Ramón Gómez Besteiro, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as medidas previstas polo Goberno galego ante os déficits actuais do sistema sanitario público de Galicia

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de Dª Ana Belén Pontón Mondelo, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a evolución das listas de espera sanitarias na actual lexislatura da Xunta de Galicia

O señor PRESIDENTE: Comeza formulando a pregunta o señor José Ramón Gómez Besteiro, portavoz do Grupo Parlamentario Socialista.

O señor GÓMEZ BESTEIRO: Bos días.

Grazas, presidente.

De entre as moitas cuestións mellorables do sistema sanitario público en Galicia hai dúas que a cidadanía percibe dunha forma máis directa, máis clara e que, ao meu xuízo, reflicten un grave síntoma. A primeira é que agora se tarda máis en ser atendido e, ademais, hai unha enorme diferenza entre os pacientes, os galegos e galegas, en función de onde viven no territorio, no noso país. E, en segundo lugar, que, cando se consegue, esa nova consulta é atendida por especialistas diferentes cada vez. Hoxe tómase con resignación que haxa varios días para recibir unha cita nun centro de saúde e varios meses para a atención hospitalaria.

Eu pregúntolle se vostede, señor Rueda, é consciente de que ese tempo de espera provoca que a xente non sexa avaliada en tempo e pregúntolle se é consciente, señor Rueda, de que iso incluso pode provocar agravamento de moitas enfermidades. E tamén lle pregunto se é consciente de que, efectivamente, iso xera unha inseguridade nos galegos e galegas, que non teñen un recoñecemento áxil da atención no ámbito sanitario, como tiñan hai tempo. E se un paciente ten que esperar once meses para recibir unha cita e unha espera en cardioloxía, ou unha muller que ten endometriose ten que esperar máis dun ano para recibir unha



revisión, para ter unha revisión, ¿realmente vostede é consciente da angustia que iso provoca en moitos galegos e galegas?

A investigación en Europa vén recoñecer que cando un médico ou unha médica de familia atende un paciente durante quince anos hai unha redución da atención hospitalaria cifrada dun 30 por cento e que cando ese mesmo médico ou médica de familia atende esa familia, eses pacientes, hai unha relación directa con menor taxa de mortalidade de entre un 15 e un 20 por cento; un 20 por cento que, curiosamente, foi o que se incrementou a subscrición de seguros médicos privados nos últimos dez anos aquí, no territorio. Por tanto, é evidente que hai que establecer unha relación: se iso é un problema ou se era unha situación querida por todos vostedes.

Isto é o que acontece, e ao que nos leva é ao que reflicten os datos. En atención primaria, hai 900 sanitarios menos que hai quince anos. En saúde mental, segundo os especialistas, hai unha espera de máis de cinco meses para recibir esa primeira atención; as listas de espera están en cifras máis altas que en períodos de prepandemia; e hai 11.000 nenos e nenas que non teñen adscrito ou asignado un pediatra de referencia en toda Galicia.

Por tanto, en Galicia hai un verdadeiro problema de xestión de recursos sanitarios, de recursos humanos do sistema. E non o dicimos nós, dío o propio Informe do Consello de Contas, que reflicte que hai unha planificación inadecuada ano tras ano, porque levan gobernando a sanidade deste país durante os últimos dezaseis anos.

E cando se di que hai unha planificación inadecuada despois de dezaseis anos, hai unha tendencia a crer que a actuación inadecuada é *a sabiendas*, e isto é o grave do sistema; unha actuación *a sabiendas* onde se xeran mentiras que fabrican vostedes nos despachos e que afectan miles de fogares en Galicia que non teñen acceso á sanidade pública, como deberían ter.

Ben, hai propostas encima da mesa. Nós fixemos unha esta mesma semana, que vimos de rexistrar, para que se atenda no ámbito da atención primaria e non se teña que esperar un período superior a esas 48 horas.

Tamén hai propostas encima da mesa en materia de saúde mental. É necesario eliminar esa barreira para acceder á saúde mental de forma rápida e a través do propio sistema de atención primaria. Pero hai outras fórmulas tamén, catálogos claros de servizos que se presten nos hospitais comarcais.

En definitiva, hai un déficit evidente de planificación de recursos humanos, como dicía. E ese déficit leva a que moita xente viva con ansiedade uns períodos de espera e unha accesibilidade ao sistema que hai anos non tiña. E todos lembramos cando podíamos solicitar e ser atendidos nos centros de saúde cuns períodos moi inferiores ás 48 horas. Eu recórdoo, non son tan maior; vou tendo a miña idade, pero si recordo cando o sistema funcionaba perfectamente.

Por tanto, hoxe o sistema funciona cando hai bos profesionais e cando chegamos ás consultas dos profesionais, pero tardamos moito máis —de forma absolutamente...



O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor GÓMEZ BESTEIRO: ...inadmisible— en chegar a esa consulta dos sanitarios.

Por iso é polo que lle pregunto: ¿que medidas valora tomar vostede para mellorar os déficits actuais do sistema sanitario público en Galicia? (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Formula agora a pregunta dona Ana Pontón Mondelo, portavoz do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

A señora PONTÓN MONDELO: Moitas grazas, presidente.

Señorías.

Señor Rueda, o seu goberno leva dezaseis anos de recortes e privatizacións da sanidade pública; dezaseis anos quitándolle cartos á sanidade pública mentres incrementa o gasto na sanidade privada. É a ideoloxía dun Partido Popular que cre que coa saúde tamén se fai negocio.

Por iso vostedes teñen a atención primaria colapsada despois dun recorte de 2.000 millóns de euros. Ten vostede a 358.000 galegos e galegas en lista de espera, e non estamos falando de números, señor Rueda, estamos falando de persoas angustiadas que agardan unha atención que non teñen.

Pero isto é só a punta do iceberg, porque os galegos e as galegas teñen que saber que hai miles de persoas que non figuran nas súas listas de espera oficiais porque están manipuladas e falsificadas polo Goberno do Partido Popular; (*Aplausos.*) listas de espera que esconden que hai miles de persoas que, cando van pedir cita, a resposta que obteñen é que as axendas están pechadas e que xa as chamarán; listas de espera que esconden que, cando recibes a primeira consulta, quedas fóra, pero segues esperando a poder ter un diagnóstico e por outras citas en especialistas; ou que esconden que, se rexeitas ser atendido na privada, pasas a unha lista negra da que nada sabemos.

Por iso os 358.000 galegos e galegas na lista de espera son só a punta do iceberg, porque hai miles de persoas agardando que non computan na súa lista oficial, esa que está manipulada e falsificada.

E mentres isto pasa o seu Goberno aumenta un 18 por cento a derivación de cartos á privada, como acaba de denunciar o Consello de Contas; en 2023, 242 millóns de euros. Só con 10 deses millóns poderíamos contratar a todo o persoal de psicoloxía clínica que necesita a nosa atención sanitaria. Non hai cartos para psicólogos e psicólogas, pero si que hai cartos para os 470 millóns de euros que van ás construtoras amigas do Partido Popular polo sobrecusto do Hospital de Vigo; (*Aplausos.*) 470 millóns de euros ás construtoras mentres se derruba o teito do Hospital Materno de Ourense e as mulleres de Ourense teñen que parir nun hospital que cae a cachos, señor Rueda. (*A señora Pontón Mondelo mostra unha fotografía.*) É a foto per-



fecta que retrata a súa política sanitaria. Acoso e derribo á sanidade pública deste país. *(Aplausos.)*

Pero, claro, ¿que agardar dun goberno que pensa que a saúde é un negocio ou que nos di que definir a saúde como o máximo benestar físico, psíquico e social é un disparate, ou que se atreve a dicir que «a unha persoa que non le moito, para que a van operar de cataratas»? Isto é o que realmente pensa o Partido Popular en materia de sanidade. E así nos vai, señor Rueda.

Por iso eu hoxe pregúntolle se vai rectificar ou se vai seguir coa súa política de acoso e derribo á sanidade pública, única e exclusivamente para beneficiar a sanidade privada, a custa da saúde dos galegos e das galegas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Resposta do presidente da Xunta.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Rueda Valenzuela): Moitas grazas, señor presidente.

Señorías.

Saúdo os alumnos que nos están escoitando e os invitados en xeral.

A verdade é que segundo *round*: manifestación a fin de semana e pregunta do Partido Socialista e do Bloque o mércores seguinte.

Da manifestación do outro día escoitáballes o de «manifestación histórica». Señora Pontón, no cuarto de século que leva vostede como deputada da oposición, ¿en cantas manifestacións históricas estaría? En vinte ao ano, por vinte e cinco anos...

Mire, ¿sabe o que é histórico, antes de falar de sanidade? ¿Sabe o que é histórico? Histórico é o que imos asinar dentro de dúas horas no Palacio de Raxoi.

Cando o secretario de Estado de Medio Ambiente —do Partido Socialista— dixo que o que quería facer a Xunta de Galicia era peor que unha declaración de independencia, eu dixen: ¡Ah!, entón o Bloque vaina apoiar. Pero non foi nin sequera capaz diso. Non vai nin asistir —creo—.

Mire, eu alégrome moitísimo de que reservemos o cualificativo «histórico» para cousas importantes como o que imos facer hoxe ás 12 da mañá, *(Aplausos.)* e ao que vostede non vai nin asistir.

E estaba escoitando, señora Pontón, os seus argumentos potentísimos e rigorosísimos, como sempre: falsificación de axendas, listas negras de pacientes, negativas a operar a xente, así ao chou, porque nos dá a gana, porque os médicos din que non vale a pena, entón, non se



opera, ou porque non lles apetece —non sei o que dixo vostede—, desviación de cartos para dárllelos ás construtoras... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

Señora Pontón, nada novo baixo o sol, é o que leva vostede... Estes son os seus argumentos; argumentos falsos, porque sabe que, se vai á verdade, entón, non pode dicir todo o que está dicindo.

Eu o que lamento moitísimo, señor Besteiro, é que vostede faga de palmeiro de todo isto. Cada vez queda mellor entre bandeiras estreladas nas manifestacións que montan eles —si, si, non ría—, cada vez máis diluído, cada vez máis irrelevante... Vostede cre que desgasta á Xunta e a quen está desgastando é ao Partido Socialista, señor Besteiro. Vostede verá, vostede verá...

Mire, se quixese falar en serio... Eu comprendo: eles non enganan a ninguén. Xa o dixeron os xefes da señora Pontón: tensar a rúa, crear crispación a toda costa... É o que están facendo, e vostede está asistindo a todo iso. Se quixese falar en serio de sanidade, eu estaría encantado, señor Besteiro.

Mire, fan falta moitas cousas para a sanidade, pero unha fundamental son os recursos públicos. ¿Vostede dáse conta de todo o que poderíamos facer se tivésemos o mesmo trato que lle está dando o seu Goberno central ao independentismo? Non falo de condonación de débedas. Vostede díxome o outro día que con 4.000 millóns, aos que estamos renunciando, poderíamos facer hospitais. Sabe de sobra... Xa o desmentiron desde Madrid dicindo: «¡Que vai ser iso! ¿Pero que están dicindo os socialistas de Galicia? Catro mil millóns de libre disposición». Vostede metíaos nos hospitais, e todo o mundo sabe que non é así.

Eu fállolle doutra cousa, fállolle do financiamento autonómico. ¿Cantas cousas poderíamos facer? Tamén en sanidade e en tantísimas cousas. Pero, claro, xa sabemos: ao independentismo, os cartos e en Galicia, as pancartas. ¡Pois alá vostede!

Mire, se queren falar de sanidade e falar en serio das cousas que se están facendo, eu estou absolutamente encantado. Podíamos falar, por exemplo, de que... Ben, voulle dicir algo: creo sinceramente que temos a mellor sanidade pública da historia; con moitísimas cousas que corrixir, si, (*Aplausos.*) con moitísimas cousas que corrixir.

Non me dá tempo a rebaterlle todos os datos. Eu creo sinceramente que non merece a pena estar todos os días, sempre, rebatendo as falsidades da señora Pontón, que é ao que se dedica. Vostede tivo un ton máis construtivo, e eu agradézollo moito, pero téñolle que dicir que as cousas non son así. Por iso non entendo a súa presenza sempre de palmeiro das cousas que monta o Bloque.

Se vostede quixese falar en serio do que estamos facendo, do que hai que mellorar, por suposto, poderíamos ter un debate, e ademais fainos falta a colaboración do Goberno central, que non estamos tendo. Pero, mire, se vostede acode á manifestación para falar do calendario de vacinación máis avanzado do mundo, que o ten Galicia, dígolle que si, que queremos máis. Se foi á manifestación para pedir máis esforzo aínda do que estamos facendo —e iso si que



é histórico en infraestruturas hospitalarias—, dígolle que si, e que queremos máis. Se quixese falar do esforzo importantísimo que estamos facendo en renovación tecnolóxica de aparellos, sobre todo en oncoloxía, diríalle que si, e que queremos máis. Se quixese falar tamén do esforzo en persoal, de 1.400 prazas que vai convocar o Sergas este ano e de máis persoal traballando na sanidade pública que nunca, diríalle que si, e que vai haber máis. Se quixese falar do esforzo orzamentario, do orzamento récord deste ano, tamén en atención primaria —outro bulo da señora Pontón—, diríalle que si, que vai haber máis. Se quixese falar de que as galegas de entre 30 e 35 anos van poder conxelar os seus óvulos de xeito gra-tuíto e de que os tratamentos *in vitro* van ser ata o 45 anos —a idade para as fecundacións *in vitro*—, diríalle que si, e que queremos seguir por aí. Se quixese falar de todas as melloras, pois, por suposto, estaríamos falando en serio. Pero, sinceramente, o que fixeron o domingo non foi para iso; o que están dicindo agora aquí, señor Besteiro, non é para iso.

Mire, vostedes estaban alí para o de sempre, eles estaban alí para o de sempre; é dicir, para dicir «non» a todo —que iso o saben facer moi ben; ninguén o fai mellor ca eles—, para non botar unha man nunca en nada, para falsear todos os datos e para non querer que as cousas melloren. Isto é así, isto hai que dicilo e isto ten que saberse.

Vostedes estiveron este domingo dicindo que non a que haxa máis orzamento, cada vez máis. E estao habendo, outra cousa é que o queiran recoñecer. Vostedes dixeron que non a que haxa máis profesionais que nunca; a que esteamos construíndo máis hospitais que nunca, máis centros de saúde; a que haxa 240 novas prazas en saúde mental, señora Pontón; a que vaíamos ser a primeira comunidade autónoma onde funcione un centro de protonterapia; e estiveron dicindo que non a máis cribados, máis vacinas... Estiveron dicindo que non a moi-tísimas cousas.

Nós imos seguir traballando. Non vou dicir nunca que todo está ben, pero vou reivindicar a excelente calidade da sanidade pública de Galicia, e imos seguir traballando con firmeza para que así sexa. (Aplausos.)

Se se queren seguir opoñendo a todo, ¡alá vostedes! Se queren ser parte da solución, encan-tados. Pero con bulos, con declaracións tremendas que non son verdades e con falsidades axudan pouco. ¡Alá vostedes! Se queren dicirlle «si» á sanidade, estean con nós; se queren dicir «non» a todo... Levan moito tempo así, supoño que por iso, entre outras razóns, están na oposición. Intenten dicir «si», xa verán como as cousas funcionan mellor.

Máis nada e moitas grazas. (Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Para a réplica, o señor Gómez Besteiro.

O señor GÓMEZ BESTEIRO: Moitas grazas, señor presidente.

Señor Rueda, eu creo que lle fixen unha aproximación obxectiva á situación que está acon-tecendo en Galicia. É dicir, é unha evidencia que vostedes levan dezaseis anos gobernando.



Por tanto, cando o Informe do Consello de Contas fala de planificación inadecuada ano tras ano, algunha responsabilidade terán que asumir. (*Aplausos.*) ¡Claro!

Cando gobernaba Mariano Rajoy, médicos de familia [...], 100 anuais; agora, 207. Ben, pasaron sete anos. ¿A evolución foi do dobre? As prazas, si. Por tanto, hai, evidentemente, unha mala xestión. Por iso lle dicía que mentres fabricaban mentiras dende os despachos, a angustia de todos os fogares galegos, de moitos fogares galegos, se baseaba na falla de acceso ou no impedimento de acceso rápido e áxil ao sistema sanitario público. E iso é responsabilidade de vostede.

Despois de dezaseis anos, ¿que tipo de escusas se poden dar?, ¿orzamentarias?, ¿de mala colaboración coa xestión do Goberno, habendo diferentes gobernos no ámbito de España? ¿Cales son as *ratios* profesionais que hai en Galicia hoxe? Pois dígollas eu: en enfermeiras, ocupamos o lugar 16 de 17 comunidades autónomas —o 17 é, como non, a Comunidade Autónoma de Madrid—; en fisioterapia, o lugar 13 de 17; en psicólogos, o 13 de 17; e en médicos, o 11 de 17.

Estas son as realidades do sistema público de Galicia e vostede mira para outro lado. Pero non hai un día no que nos medios de comunicación non aparezan noticias relacionadas co mundo e que afecten a sanidade pública en Galicia. (*O señor Gómez Besteiro mostra unha folla dun xornal.*) Isto é o que aparece nos medios de comunicación, e vostede mira para outro lado. E di que é unha conspiración.

Hoxe vaise firmar a competencia sobre o litoral e, por certo, vai vir un ministro firmala aquí, a Santiago. Por tanto, creo que a colaboración se manifesta desa forma tamén. Podíase facer... (*Murmurios.*) Podíase facer, podíase facer... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Non, señor Rueda... (*Murmurios.*)

Hoxe agradezo, de todas formas, que non mencionase a Pedro Sánchez, por primeira vez, na contestación ás preguntas. Pero é unha realidade: hai quen opta por colaborar e quen torpedea esa relación en función doutros fins. Pero coa sanidade pública non se debe xogar, ¿sabe por que? Porque é unha competencia exclusiva de vostedes, e levan dezaseis anos gobernando. Claro, con dezaseis anos, é difícil buscar escusas...

Eu ofrézolle toda a miña colaboración, coma sempre. Hai ben poucos días tamén lle pedín unha reunión para afrontar cuestións importantes, tamén no campo da sanidade. Vostede é libre de tomar esas decisións, por suposto, que é o presidente da Xunta. Pero o que non pode é acusarnos aos demais, se nos preocupamos, como neste caso, polo sistema público sanitario de Galicia, de tomalo a broma, porque é unha cuestión que lles preocupa a moitísimos galegos e galegas e que está na axenda diaria de moitísimos fogares en Galicia.

Por iso lle dicía que basta xa de producir mentiras dende os despachos, e poñámonos a xestionar máis e mellor a sanidade pública; por certo, centrándonos na sanidade pública e deixando a sanidade privada para outros campos que non son os que lle interesan á inmensa maioría dos galegos e das galegas, e no importante, e deixemos esas liortas políticas que tan pouco lle interesan á inmensa maioría dos galegos e das galegas. (*Aplausos.*)



O señor PRESIDENTE: Grazas.

Para a réplica, a señora Pontón.

A señora PONTÓN MONDELO: Señor Rueda, nós vimos aquí falarlle sobre un dos principais problemas que ten este país, un dos principais problemas que preocupa á cidadanía, como é a sanidade pública, e xa vemos que a súa resposta é ir preparando un meme para colgar un vídeo en internet. Dígolle, señor Rueda, que teña coidado cos memes, porque, de tanto repetilos, pode acabar converténdose nun. *(Aplausos.)* ¡Teña coidado, señor Rueda! Si, si, sobre todo porque xa vemos que vostede non ten argumentos e que o seu único argumento é o bulo e a mentira para vir aquí facer de oposición ao BNG.

Díxonos que hoxe se vai asinar un feito histórico, ¡unha competencia! Ou sexa, para vostede é histórico ter unha competencia en dezaseis anos... ¿Que quere?, ¿que o saquemos «en volandas» do Parlamento? *(Aplausos.)* ¡É que a este ritmo tardaremos trescentos anos en cumprir o actual Estatuto, señor Rueda!

¿Sabe o que é histórico e triste? Velos a vostedes votando en contra de cumprir o Estatuto, por exemplo, cando pedimos que se desenvolva a Policía galega, que recolle o Estatuto. Iso si que é histórico, a súa submisión ao centralismo, ¡a súa submisión ao centralismo! *(Aplausos.)*

E vén aquí co argumentario de sempre dicindo que damos datos falsos. Dígame un só dato falso, señor Rueda, ¡un só dato falso! Rétoo a que me diga un só dato falso do que lles dei. ¿Acaso é falsa a gravación do seu conselleiro na que di que para que imos operar de cataratas a unha persoa se non sabe ler? ¿É unha manipulación ou son palabras do seu conselleiro dicindo o que pensa o Partido Popular en materia de sanidade? *(Aplausos.)*

Dígame, señor Rueda, ¿son falsos os informes do Consello de Contas? ¿É falsa a denuncia que fai o Consello de Contas de que incrementaron nun 18 por cento os cartos por derivacións á privada? Son 242 millóns de euros no ano 2023, e este ano son máis que no ano 2023.

Tamén, señor Rueda, ¿é falso que vostedes recortaron 2.000 millóns de euros en atención primaria? *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¡Ah!, si. Ai, si, si... ¡Ah!, estiveron investindo máis durante estes anos. *(Murmurios.)* ¡É que negan a realidade dos seus propios orzamentos! ¡É que cren os seus propios bulos! *(Aplausos.)*

¿Pero sabe que é o peor? Que os seus orzamentos tamén son un bulo, porque acaba de denunciar o Consello de Contas que, no ano 2023, lle quitaron 170 millóns de euros á atención primaria en pleno colapso. Así é como trata o Partido Popular a saúde dos galegos e das galegas. *(Aplausos.)*

E mire, señor Rueda, eu ánimoo a vostede a que empece a dicirlle «si» á sanidade pública. Dígalle «si» á transparencia nas listas de espera, diga «si» a publicar todos os datos da xente que realmente está esperando no noso sistema sanitario. Diga «si» a contratar todo o persoal que se necesita na pública para non ter que derivar á privada. Ou diga «si» a aca-



bar coa precariedade que hai no sistema sanitario do noso país, que converteu o Sergas nunha ETT, señor Rueda, onde hai categorías profesionais, como é a de enfermmería, que teñen case un 50 por cento de temporalidade...,

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PONTÓN MONDELO: ...de precariedade, señor Rueda. E dígalle «si» a un plan de rescate en atención primaria, porque, mire, estamos na cola do investimento en atención primaria. Só Madrid —¡Madrid!— inviste menos que Galiza. Parece que están competindo a ver quen deteriora máis o noso sistema sanitario.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora PONTÓN MONDELO: Mire, señor Rueda, menos memes...

O señor PRESIDENTE: Grazas...

A señora PONTÓN MONDELO: ...e un pouquiño máis de sanidade pública. Deixe de xogar...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Pontón.

A señora PONTÓN MONDELO: ...coa saúde dos galegos e das galegas...,

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora PONTÓN MONDELO: ...que non é un negocio. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Para o peche da pregunta, o señor presidente.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Rueda Valenzuela): Moitas grazas, señor presidente.

Señora Pontón, agradézolle moitísimo o seguimento que nos fai en redes sociais, e, sabendo ademais o que lle gusta, intentaremos esforzarnos máis aínda a partir de agora, xa verá. *(Aplausos.)* Intentaremos esforzarnos máis aínda.

E, señor Besteiro, vólvolle agradecer, porque non era habitual nas súas últimas intervencións, o ton cordial. Creo que así hai que facer as cousas e máis para falar dun tema tan serio. Pero, ¡home!, que me diga que a presenza hoxe do ministro... Claro que llo agradezo, eu pedínlle que viñese. Poñíalle textualmente, nunha carta que lle mandei, que cría que era o colofón, o mellor colofón, para unha historia que non empezou nada ben.

Se vostede pon como exemplo de colaboración a transferencia dunha titularidade por parte do Goberno central á que se opuxo, da que dixó que era unha declaración de independencia, que nos recorreu no Constitucional, á que se negou en todo momento e que tardamos en negociar moitísimo máis que o País Vasco, se iso é un exemplo de colaboración, hai moito



que mellorar, señor Besteiro, ¡hai moito que mellorar, señor Besteiro! ¡Hai moito que mellorar!... (Aplausos.)

Miren, eu xa sei que vostedes non van recoñecer nada, nin a min, que nunca me recoñecen nada, nin ao meu goberno, que tampouco, pero da perfección absoluta só falan cando falan de vostedes mesmos. Eu síntoo moito, pero hai cousas...

Mire, señora Pontón, é que teño aquí o orzamento de atención primaria e os números cantan, pero non vale a pena... Xa llo dixen outras veces e vostede segue mentindo descaradamente. Díciálle na sesión de control pasada que o meu pai dicía que o esforzo inútil produce melancolía, pero eu négome a que sexa así e quero seguir explicándolles as cousas, os datos. Sempre me escoitarán a engádegas de dicir, falando dun asunto tan serio como a sanidade, que hai cousas que hai que seguir mellorando, por suposto, pero que tamén hai cousas que están ben e que se deben ao esforzo conxunto, primeiro, dos galegos, cos seus recursos, e despois dos profesionais da sanidade, dos cales vostedes din unha serie de lindezas. Eu non vou dicir nunca o que dicía a última conselleira de Sanidade do Bipartito, que dicía que a culpa das listas de espera era dos médicos. Non vou dicir tampouco o que di o portavoz da plataforma SOS Sanidade Pública, que di que os colexios médicos son o reduto do conservadurismo dos doutores, ou algo así, e creo que dixon, ademais, que cando empezou a pandemia había un alarmismo xustificado por motivos económicos. E non vou dicir tampouco o que dixon o señor Besteiro, que falou de sanidade propia dos hospitais —como en Ucraína— de segunda rexional, ou de primeira preferente. Non sei o que dixon o señor Besteiro. Ningunha das dúas cousas. Non vou dicir nunca que os xestores do Sergas son «unha panda de psicópatas», señora Pontón, polo que nunca pediu desculpas vostede, que ten a pel tan fina para todo o que lle afecta a vostede, e iso pode dicilo sen ningún problema. (Aplausos.)

Miren, o 60 por cento dos galegos, segundo o CIS, cren que a sanidade pública funciona ben ou moi ben; tamén un 30 por cento din que hai cousas que mellorar. ¡Por suposto!, eu estou de acordo coas dúas cousas. Pero, precisamente por iso, o que vou facer —e é a miña obriga como presidente da Xunta— é desmontar os seus bulos, os que dixeron agora e moitos que van dicindo por aí e que coreaban o domingo pasado.

Mire, «recortes na sanidade». Este ano 2025 é o récord de consignación orzamentaria para a sanidade pública en Galicia. É a terceira comunidade autónoma que máis inviste en relación co seu orzamento; un 5,4 de aumento dun ano para outro na sanidade primaria e 1.000 millóns dende o ano 2008. (Aplausos.) Recortes no persoal sanitario: récord de persoal contratado, 43.700 profesionais na sanidade pública, 1.400 prazas que se van convocar este ano. «Caos nas listas de espera». É a terceira comunidade autónoma con mellores tempos de espera cirúrxica, 40 días menos que un catalán, por exemplo —que vostedes admiran tanto—. Houbo unha redución o ano pasado de trece días para as consultas con especialistas; é a segunda comunidade autónoma con menos espera. E aumento dun 5,6 por cento do número de operacións o ano pasado: 10,7 máis nas operacións de prioridade 1 e 4 por cento máis de probas diagnósticas no ano pasado; redución de tempo medio de acceso para facelas, 6,2 días dun ano a outro; sete novas patoloxías incorporadas ao sistema de vía rápida.



A privatización da sanidade é outro mantra que a vostedes lles encanta, señora Pontón, volvo dicilo. Mire, o aumento dos orzamentos de sanidade da Xunta de Galicia do ano 2009 ao ano 2025 é dun 46 por cento; o aumento dos concertos coa sanidade privada entre 2009 e 2025 é dun 3 por cento en catorce anos; e o aumento dos concertos coa sanidade privada no Bipartito, en tres anos, é dun 48 por cento. *(Aplausos.)* E despois teñen a cara de falar dos concertos coa sanidade privada.

Señor Besteiro, despois do espectáculo que nos deu o Goberno central —que vostede tanto defende— con Muface, que fale vostede de sanidade privada é case incomprendible; case tan incomprendible como que se poña entre as bandeiras estreladas. O 86 por cento dos galegos, segundo o CIS, elixirían a sanidade pública para un ingreso hospitalario. Con vostedes eran 14 puntos menos de confianza na sanidade pública. En saúde mental, duplicamos o número de profesionais en catro anos, 240 prazas. Vostedes tiñan un plan que nos deixaron para poñer 155 en seis anos; nós, 240 en catro anos; e un 33 por cento de aumento de psicólogos clínicos en catro anos, señora Pontón, outro acto que vostedes sempre falsea.

E habería un montón de cousas máis que dicir. Temos que seguir e eu quero seguir. A cidadanía galega ten dereito a saber o que estamos facendo, ten dereito a saber que non son verdade as cousas que vostedes lanzan como consignas, como mantras; ten que saber a realidade. Polo tanto, como creo que é bo todo isto, anúnciolles que esta mesma semana pediremos ao Parlamento que se celebre, na maior brevidade posible, o debate do estado da Autonomía, o debate de política xeral, *(Aplausos.)* para celebralo inmediatamente despois de Semana Santa.

Imos falar de sanidade en serio, imos falar de servizos públicos fundamentais en serio, imos falar de futuro industrial, imos falar de I+D+i, imos falar de educación, imos falar de cultura e imos falar de lingua; imos falar de todo aquilo que interesa aos galegos. Ao final, imos falar da contraposición de dous modelos, o modelo do non a todo, o modelo de opoñerse, o modelo de crispas, que vostedes instauraron e vostedes seguen, e o modelo de facer que Galicia avance; esa Galicia calidade e esa Galicia con sentidío, da que cada vez máis galegos se senten orgullosos.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos prolongados.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Avecíñasenos traballo. Iso é certo.

Continuamos.

Pregunta de D. Gonzalo Trenor López e oito deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre a valoración do Goberno galego respecto das incidencias que se están a rexistrar no transporte ferroviario

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra o señor Trenor López.

O señor TRENOR LÓPEZ: Moi bos días, señorías.



Conselleiro, presidente.

Esta enumeración de titulares é tan só unha mostra do que os galegos atopamos cada día cando lemos a prensa, e asegúrolle, ademais, como usuario do ferrocarril, que é certa: «Os puntos débiles que lastran o ferrocarril en Galicia». «Galicia non pode seguir con retrasos en cerca de 8 de cada 10 trens». «A escuras nun tren en Ourense. Tras case dúas horas de retraso, os pasaxeiros do servizo Madrid-Vigo puideron continuar o seu traxecto noutro ferrocarril». «As probas do tren entre Monforte e Ourense revelan problemas na vía». «Unha nova incidencia no tren e Santiago queda sen conexión coa Coruña unha fin de semana». «Os problemas de viaxar en tren a Galicia agrávanse: falta de prazas e dificultades para comprar billetes». O retraso, as cancelacións e as deficiencias de Renfe complican as viaxes de usuarios, que se agrupan en plataformas e redes para reclamar ao ministro Puente un tren digno».

E así podería seguir citando titulares de noticias por horas, porque isto é tan só unha mostra, pero hai centos e centos de incidencias como estas. Isto tan só é reflexo dunha realidade, o da precariedade do servizo ferroviario en Galicia: incidencias, avarías, retrasos, cancelacións dos servizos, falta de investimentos, incumprimentos...; en definitiva, abandono absoluto por parte do Goberno central do ferrocarril na nosa terra.

Fronte a esta situación, tanto o Parlamento de Galicia como tamén o Goberno galego reclamamos que a oferta de servizos ferroviarios na nosa comunidade responda á demanda dos galegos e garanta o seu dereito á mobilidade. Con este obxecto o Parlamento tense manifestado en múltiples ocasións e de forma unánime solicitando ao Goberno de España medidas para poñer fin a esta situación de precariedade. Acordamos demandar ao Goberno de España que se restablecesen e reforzasen os servizos ferroviarios, recuperando as frecuencias que se suprimiran, que se incrementasen as prazas e realizasen os investimentos necesarios nas infraestruturas ferroviarias, que se garantise que cidades como Lugo e Ferrol accedan en pé de igualdade á alta velocidade e á intermodalidade. Tamén reclamamos por unanimidade dende este Parlamento que se preste especial atención aos corredores ferroviarios da Coruña, Lugo, Monforte, ou tamén aos de Vigo e Ourense, así como tamén ás conexións entre Lugo e Madrid e co País Vasco e Cataluña. Tamén pedimos por unanimidade que se axilizase a execución da saída sur de Vigo e que se designase un interlocutor para requirir información e explicacións sobre as constantes incidencias que se rexistran no transporte galego.

Tamén onte mesmo aprobamos por unanimidade presentar de inmediato un plan, o Plan director do corredor atlántico, que inclúa compromisos concretos, cifras detalladas e prazos definidos para a execución das obras, porque ata o de agora o Goberno central se negou a proporcionarnos esa información. Tamén aclarar a composición e funcionamento do grupo de traballo, nomear con carácter urxente —e isto xa é un acordo de hai oito meses— o interlocutor de referencia, e así moitas outras cuestións.

Por iso, señor conselleiro, ¿que valoración fai o Goberno galego da situación de precariedade na que o Goberno de España mantén os servizos ferroviarios? *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.



Resposta do conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes, don Diego Calvo Pouso.

O señor CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES (Calvo Pouso): Grazas, presidente.

A valoración é pésima, señoría. A precariedade á que vostede aducía a verdade é que é o denominador común dos servizos ferroviarios en Galicia durante os últimos tempos. Estamos a falar de investimentos que estaban previstos, pero no día de hoxe pasan os días e seguen pendentes de executarse. Estamos falando das frecuencias dos trens que non foron recuperadas —coa covid anuláronse moitas frecuencias, pero, pasados varios anos dende a covid, seguimos sen que sexan recuperadas esas frecuencias no eixo atlántico fundamentalmente—, falamos da falla de oferta necesaria ante o incremento da demanda, falamos das prazas insuficientes, das frecuencias, como lles dicía, falamos dos incumprimentos horarios... Se hai un servizo de transporte que é susceptible de ser máis puntual, ese é o tren, pero, nos últimos tempos, vemos como eses incumprimentos horarios avanza cada vez máis. Falamos de avarías constantes, de distintos tipos de avarías, pero non hai unha semana na que non nos encontremos cun novo tipo de avaría que sofre un tren que circula por Galicia. E falamos esta mesma semana dos problemas das reservas dos billetes, que en Galicia só se poden reservar case no día, pero noutras comunidades poden reservarse con seis meses de antelación, o que dificulta enormemente a utilización do ferrocarril como medio de transporte.

Todo isto non é máis que unha mostra máis do agravio que fai o Goberno do Estado con respecto a Galicia no tema ferroviario. Isto xa nolo viñeron anunciando, e hai tempo. Acórdese de que Renfe tomou a decisión de incrementar os tempos de demora que daban beneficio ou que daban dereito a ter unha indemnización, e xa advertimos naquel momento que o que se estaba cambiando era a política comercial que levaba moitos anos implantada en España e, que, ademais, era un símbolo de calidade, e, con todo, cambiouse. Todo isto transformouse en máis beneficios para Renfe, pero moitos menos beneficios —ou máis ben prexuízos— para todos os viaxeiros.

Falamos de que quixeron tamén cambiar os trens que circulan polo eixo atlántico por trens que eran máis lentos e con menos prazas, e grazas á presión institucional e tamén á presión dos usuarios deuse marcha atrás. Pero para isto é necesario levar a cabo esas obras pendentes das que estabamos a falar e falar dese plan director. Levamos dez meses esperando por el, e cada vez que veñen a Galicia, aínda que algúns grupos o aplauden, o único que fan é traer un powerpoint tuneado, onde inclúen o cambio de travesas ou os desbroces dos taludes como obras do plan director —e non deixa de ser unha vergoña que haxa representantes institucionais que o aplaudan—. Pero falamos das obras necesarias entre A Coruña e Ferrol, entre A Coruña e Lugo, entre Ferrol e Ribadeo, entre Vigo e Ourense e tamén entre Lugo e Ourense. ¿Ou é que en Lugo xa teñen garantida a chegada do AVE? Non é verdade. A velocidade máxima á que vai circular o tren —a máxima— entre Ourense e Lugo son 160 quilómetros por hora. Pero falamos tamén das variantes, da variante exterior de Ourense e doutras obras das que lle falarei na próxima resposta.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.



Para a réplica, o señor Trenor.

O señor TRENOR LÓPEZ: Si, moitas grazas.

Señor conselleiro, é verdade que, por moito que o coñezamos, escoitar esa realidade é autenticamente desolador: a precariedade, o abandono, o maltrato do Goberno central cara a Galicia —como vostede estaba a sinalar e ademais destacaba que era o denominador común de todos os problemas do transporte ferroviario en Galicia—, eses investimentos pendentes que vostede citaba, os trens que foron suprimidos durante a pandemia e que aínda non se recuperaron, a falta de oferta de prazas e de frecuencias en alta velocidade e en media distancia, que son un auténtico problema para aquela xente que o necesita, que necesita coller o tren para poder desprazarse, porque non é unha opción máis, é a súa necesidade principal; tamén o incumprimento dos horarios, dos tempos de viaxe e a supresión de servizos sen previo aviso. Hoxe mesmo comentábame a miña compañeira que había 35 minutos de retraso nun tren de Ourense por falta de tensión. As avarías xa son constantes e habituais cada vez que collemos un tren. Tamén hai problemas coas reservas, co colapso da web, que vostede sinalaba, ou coa limitación da compra, porque só se poden anticipar a un mes, cando no resto do país se está a facer con seis meses de antelación.

Todo isto, conselleiro e señorías, é a consecuencia de sete anos de discriminación e maltrato a Galicia, de sete anos do Goberno de Sánchez cheos de incumprimentos, cheos de tratos discriminatorios e dunha xestión nefasta.

Nós temos claro o que precisamos —e dicíao vostede, señor conselleiro—, e ademais así tamén o solicitamos dende esta Cámara. Son moitas as demandas en infraestruturas que o Goberno central debe acometer en materia ferroviaria que non se están a facer. Aquí estamos a falar continuamente delas, pero o Goberno central non é capaz de atender nin unha soa delas; por exemplo, o corredor atlántico, polo que levamos anos pelexando e agardando, contempla 8.000 millóns de investimento e destaca esa conexión entre Vigo e Porto, que o Goberno central non toma en serio. E así co resto de necesidades de infraestruturas, como vostede destacaba, señor conselleiro. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Para o peche da pregunta, o conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes.

O señor CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES (Calvo Pouso): Moitas grazas, presidente.

Estáballe a falar, na primeira intervención, das obras pendentes. Falabamos da variante exterior de Ourense, sobre todo no tramo entre Seixalbo e a estación de Ourense, falabamos dos tramos de dobre vía pendentes, falabamos das melloras do túnel do Padornelo, ou desas obras que se van facer en corenta túneles para as vías de escape, como vai ser a afección das conexións que van ter no tren entre Madrid e Galicia. E a verdade é que isto foi un cúmulo de incidencias dende o primeiro día.



É certo que o primeiro día que se pon en servizo un tren pode haber incidencias; de feito, non o criticamos nin fixemos nada nese sentido. É normal que o tren non poida funcionar ou que teña algún problema, pero hai que recordar que os trens AVRIL xa ían chegar no ano 2022 para o Xacobeo; despois foise atrasando o ano tras ano; chegamos a xaneiro do ano 2024 e algún voceiro deste Parlamento foi darlle un bico a Vigo a unha locomotora, porque por fin chegaban os Reis Magos xa a Galicia. É verdade que tardaron cinco meses máis, e, cando chegaron, imaxinen como foi que na primeira viaxe oficial non foi capaz de chegar á estación Chamartín, en Madrid.

Isto é o que hai. A verdade é que chove sobre mollado. Todas as avarías que un pode imaxinar —e as que non pode imaxinar— se deron aquí: o pantógrafo, o bloqueo dunha porta, o RTMS, unha locomotora, as baterías... O último foi hai escasamente dúas semanas, cando, nunha expedición entre Madrid e Lugo, ao chegar a Monforte, ¿saben vostedes o que pasou? Que se acabou o combustible, (*Risos.*) e a partir de Monforte tiveron que desprazar os viaxeiros en bus ata Lugo.

É certo que aquí hai partidos que non din absolutamente nada. Se chega pasar algo parecido nun servizo de autobús en Galicia, ardería Galicia, habería unha manifestación e sacarían as pancartas, pero, como son os socios do Partido Socialista, neste sentido, non pasa absolutamente nada.

Levamos un montón de meses con promesas incumpridas, promesas incumpridas da chegada do AVE, dos tempos da chegada do AVE, do incremento do número de frecuencias que se ían producir, e un ano máis tarde case da chegada do primeiro AVE non se incrementou unha soa frecuencia. É certo que se cambiou algún Alvia por algún AVRIL, e isto incrementou o número de prazas, pero tampouco se fixo o compromiso do incremento do número de prazas que o propio ministro dixo no primeiro percorrido inaugural.

Pero hai escasas semanas estivemos en Vigo falando da necesidade de conexión do AVE con Porto, en Portugal, e tamén da conexión do porto —da Autoridade Portuaria— co corredor atlántico. Aí, nese momento, o alcalde decidiu que o porto de Vigo non necesitaba conexión na terminal de Bouzas, e o propio comisionado do corredor cambiou de opinión na súa intervención e dixo que esa liña, entón, se eliminaba porque non era necesaria.

Agora si seguimos pedindo que Vigo sexa un porto nodal. Nós, dende logo, imos seguir pedíndoo, e imos seguir dicindo que é necesaria a conexión da terminal de Bouzas co Corredor Atlántico de Mercancías. Claro que si, pese a que a algún non lle guste.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Pregunta de D^a Ariadna Fernández González e D^a Olalla Rodil Fernández, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a postura da Xunta de Galicia en relación co proceso de acollemento de menores estranxeiros non acompañados

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra a señora Fernández González.



A señora FERNÁNDEZ GONZÁLEZ: Grazas, presidente.

Bos días, señorías.

Conselleira, eu non son nai, non sei o que doe un fillo ou unha filla en carne propia, pero tampouco rompín nunca unha perna e sei que romper un óso doe moito. Chámase empatía, e é un signo —un dos primeiros— da civilización. Imaxinen a desesperación que pode ter unha nai ou un pai subindo a súa rapaza ou o seu rapaz a un caiuco, cheo de xente descoñecida, sabendo que posiblemente morra afogado no mar sen o seu abrazo, que posiblemente caia nas mans equivocadas e que posiblemente non o volva ou non a volva ver nunca máis. Pero é que non subilo é peor, é condenalo; é condenalo a que che pida de comer e non ter que darlle e é condenala a ser violada, é condenala a que lle fagan unha ablación de clítoris cunha cuchilla oxidada e é condenar a un neno menor de 2 anos a morrer por falla de vacinas. Ese é o motivo polo que o soben a ese caiuco e o mandan ao mar, porque no mar está a porta a unha nova vida, a unha vida, posiblemente, mellor, e aínda así é unha porta perigosa. E vostedes pónenlle trabas a ofrecerlles unha oportunidade desa nova vida. Non sei que lles pasa.

¿Miraríanlles á cara a eses nenos e a esas nenas dende a súa vida cómoda e diríanlles que non temos recursos para atendelos? ¿Miraríanlles á cara?, ¿serían capaces de facelo despois de sacar ao mar á Armada para loitar contra as mafias, cando no mar o que hai son caiucos cheos de xente que foxe da miseria? Porque iso é o que hai no mar.

O seu líder en Madrid puxo 1.400 prazas á disposición para acoller refuxiados ucráinos. Agora non teñen nin unha, nin unha soa praza, para os nenos e as nenas africanas, e aínda por riba reconece vostede ter o sistema de protección de menores colapsado, sobrepasado, ao 108 por cento da súa capacidade, e listo. É vostede a conselleira, reconece isto e nada máis. ¿Non vai facer nada ao respecto? Porque é vostede a responsable desta problemática.

Mire, acoller refuxiados brancos chamándolle solidariedade e non acoller refuxiados negros chamándolle avalancha é racismo. Ter preferencias pola cor de pel é vulnerar os dereitos humanos, é pasar por riba das liberdades fundamentais —¡si!— e por riba da igualdade; é racismo. Son irmáns xemelgos, conselleira, da extrema dereita. E pódense retorcer nas sillas, pero son responsables do que din e do que deciden. ¿Vanse retractar das súas palabras e axudar ou van continuar así? *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Resposta da conselleira de Política Social e Igualdade, dona Fabiola García Martínez.

A señora CONSELLEIRA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE (García Martínez): Grazas, presidente.

Señora Fernández, mire, en Galicia contamos cun sistema de acollida e de protección de menores que é un dos sistemas máis integradores de toda España a nivel nacional. Nunca, nunca facemos distincións pola procedencia de cada menor que está aquí, en Galicia, senón que todos os menores conviven sempre co resto dos menores e co resto dos adolescentes



que viven baixo o sistema de protección da Xunta de Galicia nos oitenta centros que temos na nosa comunidade.

Precisamente o que eu lle trasladei é que nós o que queremos é seguir apostando por este sistema de total integración en Galicia; un sistema que é integrador, que é inclusivo, que leva moitos anos demostrando que é un éxito e que nos intentan copiar doutras moitas comunidades autónomas a nivel nacional.

A realidade é que o Goberno de España, da man do señor Puigdemont, pretende romper de forma definitiva este sistema de integración que temos en Galicia. Pero Galicia sempre cumpre e sempre cumprirá a lei. Sempre demostramos que fomos solidarios ao longo dos anos; de feito, somos unha das comunidades autónomas que máis menores migrantes acolleu de Canarias, e tamén acollemos de Ceuta, recibindo o 16 por cento dos menores acollidos a través dos acordos voluntarios co Goberno de España. É dicir, Galicia acolleu o triplo de menores dos que nos correspondería por número de habitantes, e estamos dispostos a seguir así, a seguir sendo solidarios e a seguir acollendo menores migrantes.

Pero, insisto, ten que ser un acordo como ata agora, un acordo pactado e un acordo negociado, e sempre, por suposto, na medida das nosas posibilidades e da capacidade residencial que hai en Galicia, porque o obxectivo non é outro que darlles a mellor atención e a mellor calidade de vida a todos eses menores migrantes. Pero para poder poñer en marcha todo isto é necesario financiamento, é necesario acompañamento e son necesarios mecanismos por parte do Goberno de España, que é o que pretende repartir como paquetes a máis de catro mil menores migrantes.

Mire, non se trata só de darlles residencia, de darlles residencia durante un ano, de habilitar unha cama, de darlles o desayuno, a comida, a cea, senón que se trata de acompañalos dende o primeiro día, dende o primeiro momento, dende a chegada a Galicia, e de acompañalos durante 24 horas ao día, ata que superen a maioría de idade. Pero non soamente iso, tamén de darlles educación, sanidade, e de acompañalos de cara á inserción laboral de todas estas persoas migrantes. Isto é o que levamos feito durante todos estes anos, e isto é o que queremos seguir facendo ao longo dos próximos anos.

Por iso queremos —e pedímosllo unha vez máis ao Goberno de España— que deixe de pactar novos criterios co señor Puigdemont, que sente coas comunidades autónomas e que continúe coa vía do consenso e coa vía do diálogo.

Eu tamén me pregunto, señora Fernández, se o señor Pedro Sánchez e o señor Puigdemont miran á cara a todas estas persoas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora conselleira.

Para a réplica, a señora Fernández González.

A señora FERNÁNDEZ GONZÁLEZ: Só tiñan que facer, conselleira, o mesmo que fixeron cos refuxiados ucráinos; era o único que tiñan que facer. O sistema é integrador, pero é insufi-



ciente, e non llo digo eu, dío vostede mesma cando fala de que está sobreesaturado, ao 108 por cento. E apostar polo sistema é investir neste, é dar cifras fiables dos nenos menores de 6 anos que están nos centros, é dar cifras fiables e non bailes de cifras sobre os nenos que estamos acollendo e que son inmigrantes, é escoitar os traballadores e as traballadoras, que piden medios, persoal e investimento. Todo iso é traballar polos menores.

Pero vostedes teñen este sistema de protección de menores totalmente descoidado e desatendido, e é unha evidencia. É unha situación precaria, porque para vostedes son invisibles. E, miren, os nenos africanos non lle saben nin quen é Puigdemont, nin onde está Cataluña, nin o que é o independentismo, e tampouco quen é o presidente do Goberno de España. (*Murmurios.*) ¿Sabe o que lle saben? ¿Sabe o que saben eses nenos? O que é a miseria, a fame, a sede, as violacións dos dereitos humanos. (*Aplausos.*) Iso si que o saben eses nenos, señora conselleira.

Din vostedes que recorrerán aos tribunais, porque vostedes axudan porque lles obriga a lei, non por vontade, porque están obrigados pola lei, e por iso axudan vostedes. E din que esta é inxusta. ¿É xusto ir á escola descalzo? ¿É xusto pasar fame? ¿É xusto ter sede? ¡Que fácil é falar de inxustizas cando se deita un nunhas sabas térmicas! —perspectivas sesgadas do mundo—.

E falan de que a lei é discriminatoria. Discriminar é seleccionar excluíndo, e é o que vostedes fan cos nenos africanos. ¿Van axudar ou van seguir con esta política de chatarra? (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Para o peche da pregunta, a conselleira de Política Social e Igualdade.

A señora CONSELLEIRA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE (García Martínez): Grazas, presidente.

Señora Fernández, reitérolle unha vez máis que Galicia cumpre e que Galicia cumprirá estritamente a lei imposta por parte do Goberno de España, pero o Goberno debe de darnos o financiamento e os mecanismos necesarios para que as distintas comunidades autónomas poidamos cumprir esta lei. O que non imos aceptar nunca, e non o imos facer de ningunha das maneiras, é unha repartición á carta feita para beneficiar a Cataluña e feita polo señor Puigdemont; unha repartición coa que vostede ben sabe —que tanto coñece agora o sistema de protección de menores— que imos crear guetos, ¡guetos de persoas migrantes! Vainos romper o sistema integrador que temos en Galicia. O Goberno o que pretende é un sistema de segregación e non de integración.

Mire, eu creo que é obvio que a acollida de menores migrantes ten que facerse —como lles dicía— de forma voluntaria, de forma pactada e co consenso coas distintas comunidades autónomas, e ten que facerse co financiamento suficiente por parte do Goberno central, que unha vez máis nos descarga toda a responsabilidade ás distintas comunidades autónomas. As cifras déixano moi claro: acoller 326 menores migrantes supón a Galicia máis de 30 millóns de euros ao ano. ¿Quen vai pagar isto, señora Fernández? ¿Quen vai pagar isto?



Nós queremos seguir acollendo menores, pero queremos seguir facéndoo como ata agora: con todas as garantías. Son menores, son nenos que hai que atender as vinte e catro horas do día, e para iso é necesario planificación e acordos co Goberno de España e para iso é necesario que vaia acompañado cos fondos. Isto é precisamente o que non está a facer o Goberno de España nin o señor Pedro Sánchez.

¿É xusto, señora Fernández, que Galicia reciba 326 menores e Cataluña reciba 26? Mire, señora deputada, con diálogo e consenso Galicia vaino dar todo, pero con imposicións e con pactos ocultos co señor Pedro Sánchez con nós que non contén. Non imos aceptar nunca un *trágala*.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Pregunta de D. Rubén Lorenzo Gómez e oito deputados/as máis, do G. P. Popular, sobre a información que ten a Xunta de Galicia das previsións do Goberno central no que atinxe á procura dunha solución enerxética para os proxectos industriais estratéxicos de Galicia

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra o señor Lorenzo Gómez.

O señor LORENZO GÓMEZ: Grazas, presidente.

Señora conselleira, permítame que, como deputado e portavoz de Industria do grupo maioritario da Cámara, lle pregunte a vostede na súa condición de conselleira de Industria. Na planificación eléctrica de España 2021-2026 aprobada inicialmente, Galicia foi moi penalizada respecto aos plans anteriores, ao asignarlle tan só 68 millóns de euros dun total de 6.964 millóns. Isto foi menos do 1 por cento do total, fronte aos 308 millóns do período 2015-2020; unha cifra que entón representaba o 6,7 por cento. En paralelo á tramitación e á aprobación desta planificación, promovéronse en Galicia unha serie de proxectos industriais electrointensivos que precisan conexión á rede eléctrica para o seu consumo e para poder garantir a súa viabilidade e competitividade.

Con todo, coa planificación actual, quedan fóra proxectos que precisan case 1.200 megawatts adicionais para garantir a súa posta en marcha e a súa viabilidade, que constitúen proxectos industriais relevantes e que pretenden ser o motor da economía galega na próxima década nuns sectores tan diversos como os biocarburantes, a fabricación de hidróxeno e o amoníaco, que xerarían á súa vez emprego na nosa comunidade.

Por iso, dende Galicia demandouse en reiteradas ocasións que se inclúisen nas modificacións da actual planificación eléctrica as infraestruturas precisas para garantir a demanda dos proxectos industriais. Nunha desas ocasións, foi o propio presidente Rueda quen insistiu nesta demanda. A resposta do ministro foi contundente: «*No va a haber un proyecto que no cuente con el respaldo de suministro eléctrico por parte del Gobierno de España y por parte de Red Eléctrica*». Lamentablemente, sabemos da credibilidade que teñen os ministros do Goberno de Sánchez cando se trata de falar de compromisos con Galicia... Os feitos están aí.



Tras varios atrasos, finalmente, por Acordo do Consello de Ministros do 16 de abril do 2024, modificáronse aspectos puntuais do plan. Se ben é certo que o documento aprobado recolle un aumento dos investimentos de ata os 469 millóns, non se recolle ningunha das actuacións propostas nas alegacións remitidas pola Xunta. É dicir, mantivéronse as mesmas actuacións que xa incluía o documento inicial e volveron quedar sen resposta proxectos de grande interese para a nosa comunidade autónoma. De feito, o principal investimento destas modificacións puntuais é o da subestación Novo Vigo, que desapareceu na planificación 2021-2026, e si estaba na planificación 2015-2020, aprobada polo Goberno de Mariano Rajoy. Así mesmo, a pesar de incluír unha nova subestación na zona das Pontes, non debemos esquecer que pretende ser unha solución a un problema creado polo propio Goberno central, que deixou a capacidade no nó das Pontes a cero megawatts. Con todo, esta nova inclusión é insuficiente para a reconversión da comarca afectada polo peche da central.

Nós queremoslle preguntar, na súa condición de conselleira, se o Goberno galego ten coñecemento de se o Goberno de España vai dar unha solución enerxética aos proxectos industriais estratéxicos da nosa comunidade.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

Para darlle resposta, ten a palabra a señora conselleira de Economía e Industria, a señora Lorenzana.

A señora CONSELLEIRA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA (Lorenzana Somoza): Moitas grazas, presidenta, e bo día.

Ben, señor Lorenzo, a verdade é que non sei que crer en canto a se o Goberno de España vai dar unha solución enerxética á industria galega. Non sei que crer porque a realidade é que en todas as reunións cos ministros —e mesmo nas reunións do presidente da Xunta con Pedro Sánchez— trasládase que a Galicia si se lle vai dar a solución que precisa en materia enerxética e que se van atender as nosas demandas e as demandas da nosa industria, pero eu creo que isto é un «si, pero non». E digo isto porque na modificación de aspectos puntuais da rede de transporte do 2021-2026 nós fixemos sete alegacións moi concretas: en Belesar-O Mesón do Vento, en Sidegasa, en Sabón-O Mesón do Vento, en Meirama, en Tibo-Ludrio, en Maciñeira e en Naraío. Fronte a estas alegacións, o que aconteceu foi que —e vostede acábao de definir ben— soamente se atenderon en parte certas medidas que non son suficientes para a industria galega. En concreto, as dúas subestacións contempladas que acaba de referir estarán operativas, con sorte, no ano 2028. Ata entón, hai proxectos empresariais na zona das Pontes e na zona de Ferrol que teñen que estar esperando para a súa posta en marcha, coa inseguridade xurídica que isto lles xera.

Por iso lle digo, señor Lorenzo, que isto é un «si, pero non». O mesmo que está pasando co Goberno central é o que pasa aquí co señor Besteiro. O señor Besteiro promete en decembro do ano 2023 uns parques eólicos para Alcoa. El di que estes parques solucionarán nun mes o problema enerxético, e estamos a 9 de abril do 2025 e seguimos exactamente igual. Solu-



ción enerxética..., ningunha. O mesmo pasa co BNG: nada. ¿Reclama o BNG solucións enerxéticas para os proxectos galegos? Nada. O que dicía na miña comparecencia: hai un pacto de goberno asinado con Pedro Sánchez onde non se reclama absolutamente nada para a industria nin para a enerxía en Galicia.

¿E que pasa coa rede de evacuación? Exactamente o que está vostede expoñendo. No día de hoxe hai en Galicia parques eólicos que non poden evacuar toda a enerxía que están producindo e que están parados horas, porque a rede de transporte non é capaz de evacuar esa enerxía. Non contentos con isto, a ministra fai unha revisión do PNIEC con obxectivos mesmo máis ambiciosos e á alza que os que estaban establecidos, en concreto, en setembro do 2024. Co cal, ¿como pensan dar saída a toda esta enerxía renovable se non hai rede de transporte?

Ben, por iso dende o Goberno da Xunta imos seguir reclamando —logo o farei na nova planificación eléctrica na que se está traballando— para que se dea a resposta axeitada ás demandas de consumo da industria galega, e tamén á evacuación da enerxía eólica, aínda máis cando estamos, como saben, nun proceso de repotenciación obrigatoria dos parques, que vai dar lugar a máis potencia e a máis enerxía renovable que non se vai poder evacuar.

Nada máis. Grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Para a réplica, o señor Lorenzo.

O señor LORENZO GÓMEZ: Grazas, presidenta.

Conselleira, como ben dicía, de igual xeito que falamos de insuficiencia nas redes para dar resposta aos proxectos industriais consumidores de enerxía, tamén debemos falar —é algo moi importante— desa insuficiencia para evacuar a enerxía que vaíamos xerar no futuro. Cómpre acadar unha maior electrificación dos usos enerxéticos, e para conseguir os obxectivos fixados pola Unión Europea vai ser necesario incrementar ese parque de xeración eléctrica a partir de enerxías renovables. A isto súmase que as industrias irán sendo máis intensivas no seu consumo eléctrico, cunha electricidade xerada a partir de enerxías renovables, e abandonando, polo tanto, os combustibles fósiles.

O PNIEC soporta calquera dato que se lle antolle ao Miteco, pero eses obxectivos que poñen a medio e longo prazo non ten sentido metelos sen cumprir os do anterior plan. Temos que seguir reclamando infraestruturas chave como son o reforzo dos nós de Sabón e Meirama para atender o crecemento da demanda dos novos proxectos vinculados coa transición enerxética, especialmente co hidróxeno verde, e seguir coa mellora da seguridade e fiabilidade —¡como non!— do sistema eléctrico galego. O apoio expreso ao proxecto de Altri precisará da apertura dunha liña de alta tensión, a de Belesar–O Mesón do Vento, e da construción tamén dunha subestación. Veremos se nunha desas tres patas necesarias o Goberno pon o que está na súa man, pero vemos que non está polo labor de colaborar. O documento definitivo, publicado hai uns meses, tampouco contempla a ampliación da subestación de Sidegasa —que vostede acaba de mencionar— para atender o crecemento da demanda asociado á planta de Greenalia que pretende instalar en Cuntis.



Queda constatado, polo tanto, que as palabras do ministro sobre o compromiso cos proxectos industriais as levou o vento—nunca mellor dito—. En calquera caso, resulta necesario implantar de forma áxil nova infraestrutura eléctrica...

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas, señor Lorenzo.

O señor LORENZO GÓMEZ: ...e aí temos que estar todos a unha. Eu pediríalle que siga aprofundando nos pasos que van dar para reclamar ao Goberno que cumpra coas súas obrigas.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

Para a réplica do Goberno, a señora conselleira.

A señora CONSELLEIRA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA (Lorenzana Somoza): Grazas, presidenta.

Señor Lorenzo, como dicía e sinaléi na comparecencia específica sobre proxectos industriais, é imposible concibir hoxe en día o desenvolvemento industrial dun territorio sen o desenvolvemento enerxético, e a peza clave —ademais, por suposto, do abaratamento da enerxía— é a conexión eléctrica. Un país que non ten unha rede de transporte adecuada non vai poder ofrecer unha consolidación e un crecemento das industrias que están no seu territorio, e, polo tanto, tampouco vai poder atraer nova industria.

Por esa razón, estamos traballando nunha estratexia que concibe un binomio absoluto entre industria e enerxía, e cremos que, ademais, en Galicia podemos facelo porque temos os recursos. A base de toda esta estratexia é a Lei de recursos naturais e tamén, por suposto, as medidas transitorias que a desenvolven —adoptadas na Lei de acompañamento aos orzamentos do presente ano— e que, sobre todo, van nunha liña: que os beneficios do aproveitamento dos recursos naturais —do vento, da auga, dos recursos mineiros...— recaian no territorio. Isto permite abaratar particularmente o prezo da enerxía para a nosa industria e que, polo tanto, sexamos capaces de ir pouco a pouco incrementando o peso que ten o emprego e o desenvolvemento industrial sobre o noso PIB.

E para isto non existen os milagres; para isto hai que traballar en atraer nova industria e en facer crecer a que temos dentro da comunidade. Dentro de todas as competencias para desenvolver a industria nun territorio —en Galicia temos moitas, estamos traballando nelas—, hai unha que corresponde ao Estado pola Lei do sector eléctrico, que é precisamente o reforzamento da rede de transporte. Por esta razón —e porque así o di a Lei 24/2013—, temos que exixirle ao Estado que permita na nova planificación —que xa ten un horizonte do 2030— que en Galicia se poidan desenvolver proxectos industriais.

Imos seguir traballando na liña da colaboración tanto co Ministerio como con Redeia: estamos continuamente facendo alegacións e trasladando os proxectos industriais que existen en Galicia, e ensinamos a capacidade que ten de investimento e de xeración —tamén renovable— a nosa comunidade, e imos continuar así. Creemos que a capacidade renovable de



Galicia nos próximos anos é inmensa. Temos que exixir que esa capacidade renovable se converta en enerxía eléctrica, que esta vaia á rede, que repercuta nas industrias galegas e, polo tanto, faga baixar os prezos enerxéticos e faga de Galicia un lugar moito máis atractivo para o desenvolvemento económico.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

Pregunta de D. Armando Ojea Bouzo, do G. P. Mixto, sobre as razóns para non asignar a Ourense unha partida orzamentaria de 24 millóns non executada en Vigo

A señora PRESIDENTA (Candia López): Para formular a pregunta, e por tempo de tres minutos, ten a palabra o señor Ojea.

O señor OJEA BOUZO: Grazas, presidenta.

Señor conselleiro, como seguramente recordará ben, durante todo o proceso do debate dos orzamentos do 2025, reclamei para Ourense suficiente investimento para que deixase de estar discriminada —na nosa valoración— en relación coas outras grandes cidades e coas outras provincias de Galicia. E recordará tamén que puña especial énfase no trato —que nós considerabamos privilexiado— das cidades de Vigo e da Coruña, con certa frecuencia, en relación con Ourense.

E tamén recordará, tamén lembrará, seguramente, que durante o proceso das emendas parciais solicitamos que, dadas as grandes necesidades en materia deportiva, en materia de infraestrutura deportiva e en materia de infraestruturas sanitarias —das que puxemos incluso moitos exemplos concretos—, reclamamos que unha partida de 24 millóns de euros que ía dirixida a Vigo —que xa tiña suficiente investimento por outro lado e que ía destinada á reforma dun edificio para uso e desfrute de entidades privadas— fose destinada a estas grandes necesidades que tiña Ourense.

E para a nosa sorpresa, cando se empezou a proceder á execución desa partida en Vigo, atopámonos —como todos vostedes tamén seguirán pola prensa— con que o Concello de Vigo rexeitaba e puña moitísimas pegas para a execución desa partida de 24 millóns de euros. Iso foi unha cousa que os propios responsables do Goberno do Partido Popular dixerón de xeito explícito. Dixerón que a Alcaldía de Vigo puña un montón de pegas para que se puidese executar esa partida de 24 millóns de euros. Noutras palabras, dito de forma gráfica: parece ser que Vigo non quería eses 24 millóns de euros, cando estaban facendo tanta falta os cartos en Ourense para infraestruturas sanitarias. Temos o caso tan recente dese Hospital Materno-Infantil, que está caendo a cachos, de xeito literal, e ademais doutras moitas necesidades en materia de infraestruturas deportivas, que tamén xa nomeabamos na nosa emenda.

Na exposición de motivos da pregunta que se rexistrou e que lle estamos formulando agora figura un caso concreto tamén de investimento moi necesario para Ourense, xa moi reclamado desde hai moito tempo, que é o soterramento da rúa Otero Pedrayo, que daría lugar



—caso de procederse a ese soterramento— a un espazo diáfano na superficie que se podería humanizar. E, ademais, tendo en conta a proxectada construción do centro, do edificio administrativo da Xunta de Galicia no contorno, tamén proporcionaría moitos servizos.

É un dos posibles exemplos aos que se podían destinar totalmente ou en parte eses...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor OJEA BOUZO: ...24 millóns de euros.

O señor PRESIDENTE: Grazas. Ten outro turno despois.

O señor OJEA BOUZO: Moitas grazas, presidente.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Resposta do conselleiro de Facenda e Administración Pública, don Miguel Corgos López-Prado.

O señor CONSELLEIRO DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA (Corgos López-Prado): Si, grazas, señor presidente.

Grazas pola súa pregunta, señor Ojea. Perdoe que lle dea as costas, pero a disposición dos escanos é o que permite.

Respecto ao fondo da súa pregunta, quixera sinalarlle que non podo estar de acordo cos termos en que se formula nin co argumento que emprega sobre o fondo do asunto.

Dende o Goberno galego, como non pode ser doutro xeito, temos a obriga —e cumprímola en cada orzamento— de atender, cos recursos dispoñibles, as necesidades de toda Galicia.

Por tanto, a primeira idea que quero que quede ben clara é que o Goberno galego non actúa con criterios de cotas territoriais, senón con criterios de necesidades territoriais. Con este propósito, e como xa tivemos ocasión de debater noutras ocasións, por suposto que atendemos tamén as necesidades dos ourensáns, pero tamén, como é lóxico, atendemos as necesidades do resto das cidades e das provincias. Somos un goberno que traballa para o benestar de todos os galegos, vivan onde vivan.

E permítame tamén reiterarlle que, en atención a Ourense, se existe unha discriminación, esta é positiva, como vimos no debate orzamentario, porque temos claro que unha Galicia con futuro é unha Galicia cun territorio máis cohesionado e con máis oportunidades para todos, como acabo de dicir.

Indo xa á súa pregunta concreta, quixera explicarlle que en calquera concello —nos pequenos, pero, ultimamente, sobre todo, nas grandes cidades— hai uns proxectos que se executan con máis facilidade e outros con máis dificultades, como algún ao que acaba de aludir.



O compromiso do Goberno galego cando planifica un investimento nun lugar concreto e existen atrancos para materializalo é mantelo, dialogar e desbloquear a situación. En ningún caso queremos que calquera complicación nunha execución penalice os cidadáns aos que vai dirixida e perdan ese investimento.

E isto non só é específico dunha cidade en concreto; por exemplo, esa á que aludía vostede na súa pregunta, señor Ojea. Vostede é o primeiro que coñece que en Ourense tamén existen dificultades para levar a cabo investimentos orzados pola Xunta de Galicia. ¿Que lle parecería a vostede que cando hai unha complicación para executar algunha partida orzamentaria na cidade de Ourense ou na súa provincia outro grupo parlamentario nos pedise que reasignásemos eses recursos a outra cidade ou provincia? Supoño que non estaría de acordo.

Por tanto, señor Ojea, ten que entender que o que temos que facer no Goberno galego é tratar de executar o plan económico do Goberno —os orzamentos— e executar todas as actuacións previstas en cada territorio, en cada cidade e en cada provincia, pese ás dificultades e aos atrancos cos que nos poidamos atopar.

Xa para finalizar esta primeira quenda, quero reiterarlle que a norma deste goberno é apostar polo reequilibrio territorial, como sabe, e cada ano Ourense recibe un investimento per cápita sensiblemente superior á media. En concreto, no ano 2025, a Xunta adica a Ourense case 5.800 euros por habitante, moi por riba do das provincias da Coruña e Pontevedra, onde o investimento medio...

O señor PRESIDENTE: Grazas...

O señor CONSELLEIRO DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA (Corgos López-Prado): ...ronda os 4.400 euros por habitante. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Para a réplica, o señor Ojea.

O señor OJEA BOUZO: Grazas, presidente.

Volveu repetir o argumento, xa manido, do investimento per cápita. Como lles dixen durante o debate dos orzamentos, é lóxico que nunha poboación despoboadá, canto máis despoboadá estea, por pouco investimento que se faga, toca a maior investimento por persoa, per cápita.

Son curiosos estes razoamentos porque o outro día tamén se nos dicía que Ourense estaba á cabeza de certas axudas sociais. Efectivamente, o que nós quixeramos é que o desenvolvemento da provincia fose o suficientemente grande como para que non precisase absolutamente ningunha axuda social. Estar á cabeza das asignacións en axudas sociais significa a necesidade que teñen as persoas que a reclaman; é dicir, non é nada desexable que a nosa provincia sexa a que máis necesita axudas sociais. Se se lle teñen que asignar maiores axudas sociais á provincia, é precisamente porque, ao estar discriminada, non ten un desenvolvemento de seu, ¿non?



E vólvolles recordar que ese investimento que propoñen en Vigo é un investimento duns servizos públicos do que van facer desfrute entidades privadas, cando en Ourense estamos precisando investimento en infraestruturas de servizo público —volvo repetir— de tipo sanitario, en infraestruturas deportivas, sobre todo, e tamén de tipo viario, como a que propoñemos na exposición de motivos do soterramento da rúa Otero Pedrayo, na que, habendo xa un proxecto feito na época de Cuíña, está sen executar, e ben se podería utilizar, con cartos.

En canto á comparación que me fai, nós estaríamos incluso dispostos a ceder se houboese unha necesidade maior nalgún outro lado, como é o caso das necesidades que ten Ourense nestas materias, que son moi superiores ás que ten Vigo.

E nada máis. Grazas.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Peché da pregunta, conselleiro de Facenda e Administración Pública.

O señor CONSELLEIRO DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA (Corgos López-Prado): Si, grazas.

Como lle dicía, señor Ojea, este goberno está comprometido con Ourense non só de palabra, senón con feitos, como agora relatarei. pero ese edificio ao que vostede alude en Vigo si que é certo que alberga un espazo para entidades privadas, pero son entidades privadas sen ánimo de lucro; é para o asociacionismo de interese xeral da cidade de Vigo.

En canto aos feitos aos que me remitía e aos investimentos en Ourense, teño que dicir que Ourense foi a primeira cidade galega en contar, como sabe, cunha estación intermodal cun investimento de 12,2 millóns de euros. Nos últimos anos, investimos 36 millóns de euros na mellora das infraestruturas e servizos sanitarios da provincia e máis de 11 millóns de euros en obras de mellora nos centros educativos: no IES Celso Ferreiro de Celanova, no CIFP de Vilamarín; a rehabilitación do IES Eduardo Blanco Amor, do IES As Lagoas, de Ourense, ou a ampliación do IES Ferro Couselo. Tamén máis de 4 millóns para mellorar a operativa da prevención e defensa de incendios na provincia. E, por citar actuacións concretas, o Polo de Emprendemento de Verín, cun investimento de 4,2 millóns de euros, ou Monterrei, que dispón dun parque acuático, cun investimento de 5,2 millóns de euros para dinamizar a economía da provincia tamén.

Trátase dunha aposta continuada no tempo, pois dende o ano 2021 Ourense é a provincia na que máis medrou o investimento total da Xunta de Galicia —ja provincia na que máis medrou o investimento total da Xunta de Galicia!—, un 28 por cento, seguida moi preto de Lugo, cun 26 por cento, e moi por enriba da media, que apenas acada o 22 por cento.

Nos orzamentos deste ano seguimos incluíndo un conxunto amplo de actuacións e investimentos na provincia de Ourense. Por citar só algunhas partidas: 14 millóns de euros para rematar a obra BIC de Monterrei; 10,2 millóns de euros para o Parque Tecnolóxico de Galicia; 27 millóns de euros para actuacións de rehabilitación e impulso de vivendas para alugueiro



social; 15,6 millóns de euros para centros educativos, como o novo IES do Pereiro de Aguiar, a ampliación do CIFP da Farixa, a ampliación do IES Chamoso Lamas, no Carballiño; 6 millóns de euros para o Centro de Excelencia en Ciberseguridade tamén alí, en Ourense —ben, non é en Ourense exactamente, senón en San Cibrao—; 2 millóns de euros para o novo edificio da Delegación da Xunta en Ourense; 3 millóns de euros para mellorar a accesibilidade e a mobilidade sostible en paradas de autobús, aparcadoiros e sendas; 1,6 millóns de euros para mellorar a eficiencia enerxética nos centros de interpretación do Parque Natural da Baixa Limia e do Invernadoiro; ou un millón de euros para o vial de acceso ao CHUO dende a Nacional 525 e outro millón de euros para a obra da circunvalación leste de Ourense.

Tamén temos 1,7 millóns para reforzar as bases aéreas contraincendios de Muíños, Antela, Támega e O Barco de Valdeorras, ou 4,2 millóns de euros para a mellora de vías de comunicación no rural en toda a provincia, así como 27 millóns de euros para investimento para o CHUO, aos que hai que engadir máis de 5 millóns de euros para o Plan de infraestruturas de atención primaria, que recollen máis de 4 millóns para o CIS de Ourense e para o Centro de Saúde da Rúa. E tamén obras nos centros de Muíños e Boborás, con máis dun millón de euros.

O señor PRESIDENTE: Grazas. *(Aplausos.)*

Pregunta de D. Carlos López Font e D^a Paloma Castro Rey, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre os prazos previstos pola Xunta de Galicia para iniciar as accións necesarias co fin de conseguir a eliminación das peaxes nas autoestradas de titularidade autonómica AG-55 e AG-57

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra o señor López Font.

O señor LÓPEZ FONT: Grazas, presidente.

Bo día, conselleira.

Actualmente en Galicia os galegos e as galegas temos que pagar peaxes por catro autoestradas: dúas estatais e dúas autonómicas. Das estatais, hai que sinalar que seguimos pagando na AP-9 porque Aznar, presidente do Goberno do PP, no ano 2000, ampliou a concesión por vinte e cinco anos, levando á obriga de pagar peaxes ata o ano 2048. Hai unha data que foi histórica para Galicia: o 18 de agosto de 2023. Ese día, se non gobernase Aznar, serían eliminadas as peaxes na AP-9. É dicir, levaríamos hoxe máis de ano e medio sen pagar peaxes na AP-9. Fáltannos vinte e tres anos e medio de pagar peaxes pola decisión do Partido Popular.

Aznar non só ampliou a concesión, senón que tamén privatizou a AP-9. Pero o Goberno socialista de Pedro Sánchez inicia en 2021 un camiño co horizonte de chegar á gratuidade pola vía das bonificacións progresivas. Este camiño está dando os seus resultados. Da bonificación do 50 por cento chegouse na actualidade ao 75 por cento. O aforro para os galegos e galegas ben o saben cuantificar os usuarios. A mellor proba dese camiño, a gratuidade nas autoestradas estatais, é que o Goberno de España incorpora o próximo 1 de maio tamén esa bonificación do 75 por cento á AP-53 Santiago-Dozón. Decía a prensa de onte que quen pagaba ao mes, na AP-53, 280 euros, a partir do 1 de maio pagará 70 euros. As mesmas contas moi superiores valen para a AP-9.



Ese camiño á gratuidade debe recoñecérselle ao Goberno do Estado e non o leva a cabo a Xunta de Galicia nas autoestradas autonómicas AG-55 e AG-57, das que é titular a Xunta de Galicia. As bonificacións actualmente nestas autoestradas son moi inferiores ás aplicadas na AP-9, e o Goberno galego non se comprometeu ata o momento a manifestar o seu compromiso de chegar á gratuidade; bonificación que si lles parece ben nas estatais, pero non nas autonómicas.

Por iso a pregunta, conselleira, é moi concreta: ¿cando pensa iniciar a Xunta de Galicia as accións necesarias para conseguir a eliminación das peaxes nas autoestradas AG-55 e AG-57, de titularidade autonómica? A resposta debería ser sinxela: data de inicio.

Grazas.

O señor PRESIDENTE: Grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Resposta da conselleira de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, dona María Martínez Allegue.

A señora CONSELLEIRA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS (Martínez Allegue): Grazas, señor presidente.

Señor deputado, é innegable que na Xunta de Galicia levamos anos traballando para mellorar as condicións da xestión da AG-55 e da AG-57, Vigo-Baiona e A Coruña-Carballo, porque a Xunta —e aquí ten un primeiro dato— ten as autoestradas autonómicas coas peaxes máis baixas de toda España, grazas ás bonificacións que empezamos a aplicar no ano 2010, tras a saída do Bipartito, e que fomos ampliando ao longo destes anos, e tamén grazas á conexión das peaxes que fixemos nos anos de maior inflación e que se manteñen aínda no día de hoxe, (*Aplausos.*) xusto todo o contrario do que acontece coa AP-9 ou coa AP-53, que son as autoestradas de competencia estatal máis caras de toda España.

Na Xunta levamos anos compensando a suba do IPC —no 2022, no 2023 e no 2024— conxelando as peaxes e mantendo as tarifas rebaixadas no ano 2025. Máis datos: fomos pioneiros en aplicar as bonificacións ás persoas usuarias que fixesen o traxecto de volta nas seguintes 24 horas ao día, non só no día natural; unha medida pensada por e para os traballadores nocturnos. Quere dicir que foi paliada e copiada polo Goberno do Estado; polo tanto, non debemos estar a facelo tan mal. Tamén contamos con bonificacións adicionais en horario nocturno e con bonificacións para familias numerosas. Estamos a destinar cada ano 5,5 millóns de euros para manter esas bonificacións, que alcanzan preto dos 28.000 beneficiarios ao día.

Señoría, circular polas estradas galegas é hoxe máis barato que facelo pola AP-9, je que dicir de pola AP-53! O custo medio por quilómetro dun usuario que circula polas autoestradas galegas é un 6,5 por cento inferior ao da AP-9, aplicando xa as bonificacións, e un 11,6 por cento menor que o que usa a AP-53; cartos que se van dos bolsillos dos usuarios destas au-



toestradas estatais, e estamos a falar de autoestradas estatais que discorren e vertebran o noso territorio de norte a sur, como a AP-9, e que non teñen alternativa de balde.

Señor Font, o seu relato non se sostén. Os datos son os que son e non se admiten outras lecturas. Cambie xa o relato, faga valer a demanda de todos os galegos e de todas as galegas e a demanda desta Cámara, aprobada por unanimidade ante os seus en Madrid, para que a transferencia da AP-9 sexa xa unha realidade.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Para a réplica, o señor López Font.

O señor LÓPEZ FONT: A resposta debería ser sinxela: «non».

Desta pregunta e, sobre todo da súa resposta, están moi pendentes alcaldes, alcaldesas, empresarios e usuarios, aqueles que pagan as peaxes nas autoestradas autonómicas. Pois, nada, que saiban os usuarios da Coruña-Carballo e de Val Miñor-Vigo-Baiona que a Xunta lles nega as bonificacións do 75 por cento que se aplican na AP-9. Teñen que aplicar, conselleira, xa as mesmas bonificacións dese 75 por cento e teñen que comprometerse aquí a chegar á gratuidade nas dúas autoestradas, porque, se non aceptan esta gratuidade, están a discriminar unha parte dos galegos e galegas, están a discriminar zonas territoriais moi importantes, con grande actividade económica. De non comprometerse, conselleira, ao que se plantexa, o discurso do PP sobre a AP-9, o que fixo vostede agora mesmo, queda absolutamente falto de contido e hipócrita.

Miren, vostedes regalaron 300 millóns a empresas construtoras, rescatando catro autovías polas que non se pagan peaxes. Parte deses 300 millóns, conselleira, terían que utilizarse para deixar de pagar na AG-55 e na AG-57. A súa negativa e a falta de compromiso do Goberno galego son o mellor exemplo das políticas do PP: favorecer os intereses privados de grandes empresas e non apoiar as economías familiares e o tecido empresarial na súa actividade. Parécenlle moi ben as bonificacións estatais, pero non toman as mesmas decisións onde si poden adoptalas.

Grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Para o peche da pregunta, a conselleira de Vivenda e Planificación de Infraestruturas.

A señora CONSELLEIRA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS (Martínez Allegue): Grazas, presidente.

Señor Font, semella que vostede non escoita. O Goberno galego foi pioneiro na implantación das bonificacións na AG-55 e na AG-57 porque o Bipartito non fixera nada, ¡na-da! A AP-



53 ten o deshonroso mérito de ser a única autoestrada estatal que carece de calquera tipo de bonificacións. Agora semella, segundo anunciou o señor Besteiro, despois de que Carme da Silva anunciara que sería no primeiro trimestre do 2025, o señor Besteiro o 1 de maio e hai dous días o señor ministro que esta mesma semana... Cando sexa, pero que chegue xa; é o que estamos pedindo os galegos.

¿Que dicir dos agravios da AP-9? Non sei se sabe, señor Font, que agora o Goberno central exige, non a Audasa, senón á Xunta de Galicia, unha débeda pola eliminación das barreiras da Barcala e de Vigo-Morrazo de 19 millóns de euros. O que ten que facer o Goberno central é deixar de litigar, pagar as súas débedas e empezar a traballar para reducir o pago que está a facer a concesionaria, porque as subas da tarifa da AP-9 son totalmente desproporcionadas.

Mire, señor Font, remitimos un estudo obxectivo ao Ministerio do custo e da transferencia, remitimos un estudo obxectivo ao Ministerio do custo do rescate da gratuidade e remitimos esa información de que o custo da bonificación ata o remate da concesión e o custo da transferencia saen á par. ¿Sabe cal foi a resposta? O silencio, a calada por resposta. Igualmente remitimos varias solicitudes de reunión ao ministro. A resposta foi a calada de novo. ¿Que pasa?, ¿ten medo a recibírnos? Só queremos falar, pero semella que sente medo cando xa son 27 as veces que se leva adiado no Congreso dos Deputados o debate desta proposición de lei, aprobada por unanimidade neste Parlamento, para debater a transferencia da AP-9. Pero ten aínda máis sorna cando a secretaria xeral de Transporte nos responde por escrito que «...no se ha impedido» —e leo en castelán, porque leo entrecominado— «que se propicie el debate parlamentario sobre este asunto». ¡Pero, se xa levamos máis de corenta prórrogas co señor Sánchez, vinte e sete nesta lexislatura!

É capaz vostede, señor Font, de dicir na súa exposición de motivos que tamén os socialistas «apostamos de forma decidida pola transferencia da AP-9». Pero ¡vamos ver!, ¡se non nos permiten debatelo no Congreso dos Deputados! (Aplausos.) Din en Madrid que o rescate da AP-9 non é viable e vostede aquí, en Galicia, di o contrario. Algo está a fallar. Abran os ollos. Sánchez está a facer boicot das propostas dos galegos e das galegas; Sánchez está a facer boicot das propostas aprobadas por unanimidade nesta Cámara. Nin vostede nin eu nin os galegos podemos seguir a transixir. É tempo xa de que exixan tamén un trato igualitario para Galicia.

Moitas grazas. (Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Pregunta de D. Ramón Tomás Fernández Alfonzo e tres deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a dotación do sistema público de saúde de Galicia dunha unidade especializada na silicose

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra o señor Fernández Fernández.

O señor FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ: Presidente, bo día.



Antes de comezar, gustaríame, en nome do BNG, recoñecer a gran laboura da Asociación de Afectados pola Silicose de Valdeorras, pola súa loita para que as persoas afectadas por esta grave enfermidade profesional teñan atención médica na sanidade pública, no hospital de referencia para toda a comarca; é dicir, no Hospital de Valdeorras. A lousa xera riqueza, pero tamén ten esta parte negra e perigosa para os traballadores. Vai por todas estas persoas que sofren esta enfermidade.

A silicose é unha fibrose pulmonar producida pola inhalación de po de sílice no lugar de traballo. Non ten un tratamento efectivo e, cando se diagnostica, precisa que o paciente sexa inmediatamente apartado de toda fonte de exposición ao po de sílice. O que si é fundamental para o seu control é a prevención e o diagnóstico precoz.

Conselleiro, segundo os datos do Instituto Nacional de Silicose de Oviedo, temos que nos últimos doce anos houbo preto de mil casos en Galiza, un 40 por cento do Estado. En Ourense, son ao redor de 600, o que representa o 60 por cento dos casos diagnosticados en Galiza; é dicir, os casos de Ourense representan o 26 por cento de todo o Estado. (*O señor Fernández Fernández mostra unha gráfica.*) Esta é a gráfica do que representa. E, se falamos por sectores, temos que o 65 por cento proveñen da lousa, do sector da lousa. E, ¿onde está a produción de lousa neste país, conselleiro? Sabemos todos que esa produción está en Valdeorras. Así que, branco e en botella.

Ano tras ano, a comarca de Valdeorras leva esa negra honra de ser a máis afectada, xa non de Galiza, senón de todo o Estado. E, mentres tanto, a Xunta do Partido Popular, ¿que fai? En Valdeorras, nada, nin sequera hai un pneumólogo.

Señor conselleiro, ¿coñece a comarca de Valdeorras?, ¿sabe que estamos a 120 quilómetros de Ourense e a 230 de Vigo? Coñecerá que o tempo para desprazarse dende O Barco ata o hospital de Ourense é de hora e media, e se temos que ir a Vigo, pois está nas tres horas. ¿Por que lle comento isto? Pois moi fácil, porque vostede está enviando a toda esta xente, a todas estas persoas afectadas de Valdeorras —sacándoos da súa comarca, do seu hospital de referencia— a ser tratadas e diagnosticadas en Ourense ou en Vigo. Vostede, señor conselleiro, estalles dicindo á cara a todas estas persoas que teñen que coller o seu coche e marchar de Valdeorras; a José, a Alejandro, a Óscar, que están hoxe aquí e que son afectados pola silicose, que se despracen por estas estradas que temos para ser atendidos dunha enfermidade que colleron no seu posto de traballo e que vaian a Oviedo, a Ourense, a Vigo. ¿Non lle parece que isto é un abuso...? (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Ten outro tuno despois.

Resposta do conselleiro de Sanidade, don Antonio Gómez Caamaño.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Gómez Caamaño): Grazas, presidente.

Señor deputado, o centro do que fala en Asturias é o Instituto Nacional de Silicose, que é un centro de referencia para toda España e que está asignado desde os anos noventa para estas



funcións. Concretamente, a Lei de prevención de riscos laborais recolle que o Instituto Nacional de Silicose manterá a súa condición de centro de referencia nacional de prevención técnico-sanitaria das enfermidades profesionais que afecten o sistema cardiorrespiratorio. E significa que, unha vez feito o diagnóstico, as persoas afectadas de todo o país acoden alí porque este é o centro habilitado para emitir o certificado de paciente silicótico. Debería saber que as persoas traballadoras que padecen silicose son diagnosticadas e reciben tratamento por parte da mutualidade da súa empresa.

Mentres os pacientes seguen activos para a empresa, o papel da Xunta está centrado na xestión e coordinación das políticas en materia de seguridade e saúde laboral. O labor do Goberno galego, que exerce mediante o Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral de Galicia, é eliminar ou reducir a orixe dos riscos inherentes ao desenvolvemento do traballo. E tamén sabe que o traballo da Xunta nese sentido vai moito máis alá da realización dalgunha campaña informativa. No Servizo Galego de Saúde cumprimos co noso deber e atendemos a todos os pacientes que sofren esta doenza unha vez que deixan de estar en activo, xa que, mentres tanto, se trata dunha enfermidade do ámbito laboral. A sanidade pública galega conta cos medios, cos recursos e coa tecnoloxía precisos para a detección da enfermidade en calquera servizo hospitalario de pneumoloxía do Servizo Galego de Saúde. Desta forma, a atención aos pacientes diagnosticados de silicose en Galicia está perfectamente organizada e garantida en todas as áreas sanitarias.

A consulta monográfica de silicose do Hospital público Álvaro Cunqueiro de Vigo é de referencia en España. Na sanidade pública tamén contamos cun centro autorizado para realizar transplantes de pulmón, o Complexo Hospitalario Universitario da Coruña, un dos tres centros con maior experiencia en España en transplante pulmonar neste tipo de doentes. Para garantir a calidade da atención dos doentes transplantados, os controis periódicos posteriores á intervención fanse neste hospital. Nos casos de pacientes do resto de Galicia, existe unha magnífica coordinación do Servizo de Pneumoloxía dese complexo hospitalario coas correspondentes áreas sanitarias.

Polo que, señoría, o Servizo Galego de Saúde cumpre co seu deber de diagnosticar e tratar os pacientes de silicose. Os pacientes acoden a Asturias, teñen que facelo, porque así o determinan os protocolos e a normativa estatal de prevención de riscos laborais, para a súa certificación. Se non están de acordo con iso, señorías, deberían vostedes manifestalo no Congreso e reclamarlle as cousas ao Goberno de Pedro Sánchez, que parece que non lles gusta moito facelo.

Por agora, nada máis. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Para a réplica, o señor Fernández.

O señor FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ: Señor conselleiro, as persoas afectadas por silicose incrementáanse ano tras ano en Valdeorras, e os mortos, por desgraza, tamén. Os datos son moi teimudos e teñen detrás persoas, a pesar de que a Xunta do PP se empeña en ocultalos. Actúan coma se o Goberno galego non tivese responsabilidade no asunto.



Señor Caamaño, o Informe de remexencia da silicose do Ministerio de Sanidade indica que, claramente, a silicose mata: concretamente, 4.500 persoas nas últimas décadas. Unhas 145 persoas falecen ao ano como consecuencia dunha enfermidade que colleron no seu posto de traballo. Se extrapolamos isto, veremos que tamén hai falecidos anuais na comarca de Valdeorras. Datos concretos non temos, porque a Xunta non os dá. Non sei se vostede os ten.

Conselleiro, vostede é responsable da consellería que, segundo os datos da Xunta, manexa 1.500 millóns de euros, mais vostede non se compromete a pór pneumólogos no Hospital de Valdeorras, tal e como lle están pedindo os afectados de silicose e como lle transmitiron os da asociación Asilival. Conselleiro, ante esta situación, hai dúas cousas igual de nefastas: a primeira, é que deixa entrever que a súa resposta nin pode, nin dá conseguido pneumólogos para o Hospital de Valdeorras. Se con este orzamento que manexa non é capaz de conseguir especialistas para isto no Hospital de Valdeorras, entón, síntoo, pero vostede é un inútil político. Non sei que fai aquí, marche para a súa casa, porque se con ese orzamento non é capaz de conseguir iso para o hospital... A segunda opción sería aínda peor: se pode facelo e non quere, estamos, entón, ante unha negligencia e ante unha flagrante discriminación cara a Valdeorras, cara a esta comarca e cara aos milleiros de persoas que viven alí...

O señor PRESIDENTE: Grazas...

O señor FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ: ...e, entón, tería tamén que marchar, porque isto é un abuso, señor conselleiro. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Fernández.

Para o peche da pregunta, o conselleiro de Sanidade.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Gómez Caamaño): Grazas, señor presidente.

Señoría, en primeiro lugar, relacionar a dispoñibilidade dun profesional sanitario cun orzamento é unha barbaridade desde o punto de vista da xestión clínica. Non ten nada que ver a dispoñibilidade co orzamento. Ti podes ter moito diñeiro pero non ter médicos, que é o que está pasando no día de hoxe. Dito isto, o proceso diagnóstico das enfermidades pulmonares intersticiais, como é a silicose, é complexo e precisa dun estudo multidisciplinar no que pneumólogos, patólogos, radiólogos e outros especialistas avalíen as sucesivas probas realizadas ao paciente. A evolución variable destas enfermidades, ou a aparición de síntomas novos durante o transcurso da enfermidade, fai que en ocasións deba reformularse o diagnóstico inicial.

A actividade canteira e de procesado da pedra nas provincias de Ourense e de Pontevedra fai que as tres áreas sanitarias que comprenden este territorio teñan procesos específicos para a detección de pacientes con silicose. En concreto, na Área Sanitaria de Vigo, existe un protocolo de atención coordinado entre a atención primaria e o Servizo de Pneumoloxía do Hospital público Álvaro Cunqueiro. Contamos cun pneumólogo de referencia que establece as actuacións aos pacientes con silicose desa área sanitaria. Este procedemento elaborouse coa colaboración da asociación Osilice, que dispón dunha consulta monográfica e dunha vía específica desde a atención primaria dos municipios con maior incidencia da enfermidade. Do



mesmo xeito, na Área Sanitaria de Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras, dada a complexidade do manexo desta enfermidade, púxose en marcha o Comité Multidisciplinar para as Enfermidades Pulmonares Intersticiais Difusas do Complexo Hospitalario Universitario de Ourense, do que forman parte servizos como: Pneumoloxía, Radioloxía, Anatomía Patolóxica, Reumatoloxía e Medicina Interna, que avalían mensualmente os casos máis complicados.

Con todo, apostamos por mellorar a calidade asistencial e o diagnóstico coa creación dunha unidade de enfermidades pulmonares intersticiais difusas e, especificamente, cunha consulta monográfica de silicose. Hoxe mesmo reúnen os membros do equipo directivo da área sanitaria cos profesionais de medicina interna e de atención primaria do Barco de Valdeorras para presentar e para abordar a posta en marcha dun novo protocolo asistencial para a Unidade de Enfermidades Pulmonares Intersticiais Difusas, ou silicose. A posta en marcha desta unidade mellorará a calidade asistencial cunha atención centrada no paciente con esta patoloxía, que terá á súa disposición os exames complementarios pertinentes, permitindo unha optimización dos recursos diagnósticos ou terapéuticos e asegurando unha diminución dos tempos para o diagnóstico e para o tratamento. O protocolo asistencial prevé, ademais, a figura do xestor de casos no Hospital de Valdeorras. Trátase dunha enfermeira xestora de casos que centraliza o control e o seguimento dos pacientes.

Polo tanto, señoría, existe o máximo interese da Xunta de Galicia en garantir a atención aos pacientes diagnosticados de silicose en Galicia en todas as áreas sanitarias. Así o demostran o protocolo asistencial e a Unidade para o Tratamento de Enfermidades Pulmonares Intersticiais Difusas, como a silicose, que estamos a impulsar na Área Sanitaria de Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras, que se suman, desa maneira, á consulta monográfica de referencia na Área Sanitaria de Vigo.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Antes de continuar co debate, imos saudar os alumnos de 6º de primaria do centro Lois Tobío, de Viveiro, que hoxe visitan o Parlamento. Benvidos ao Parlamento.

Continuamos cun debate acumulado de dúas preguntas.

Alteración da orde do día

Pregunta de D^a María Encarnación Amigo Díaz e oito deputados/as máis, do G. P. Popular, sobre as medidas previstas pola Xunta de Galicia ante o derrubamento do falso teito no Hospital Materno-Infantil de Ourense

Pregunta de D^a María del Carmen Rodríguez Dacosta, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre o derrubamento do teito do Hospital Materno-Infantil de Ourense

O señor PRESIDENTE: Comeza formulando a pregunta dona Noelia Pérez López, do Grupo Parlamentario Popular.



A señora PÉREZ LÓPEZ: Bo día.

Señor conselleiro, hai uns días producíase a caída do falso teito no Hospital Materno-Infantil de Ourense, un incidente do que, afortunadamente, só temos que lamentar danos materiais. Con todo, como é lóxico, isto xera preocupación entre os usuarios do hospital e xera preocupación entre os profesionais do centro. Cómpre lembrar tamén que estas situacións se produciron en moitos outros hospitais do Estado. Víaio eu hai un momento en Badaxoz, en Sevilla e en Bilbao. Non é o ideal, pero producíronse, e eu quero pensar que noutros parlamentos os grupos da oposición actuaron con bastante máis responsabilidade institucional que a que vimos onte aquí, nesta Cámara. A caída do falso teito, señor conselleiro, non só deixou ao descuberto cables en Ourense, tamén deixou ao descuberto a vontade de manipular de quen aproveita calquera circunstancia para sementar a alarma e a desinformación na poboación.

O verdadeiro desplome que vivimos onte foi o nivel do debate político nesta Cámara sobre este tema. O Bloque Nacionalista Galego, o Partido Socialista e Democracia Ourensana competiron por ver quen se facía o máis indignado e quen dicía, nesta Cámara, a barbaridade máis grande. O Partido Socialista veu ilustrar aquí o incidente, chegando a afirmar que ser nai en Ourense era unha profesión de risco —incluso faláron literalmente de nais que se estaban plantexando parir na casa ou marchar a outra provincia—; o representante do Grupo Mixto imaxinou vítimas que non existiron nun exercicio macabro, tendo en conta que, por sorte, todo quedou nun susto; e o Bloque Nacionalista Galego volveu ao seu manual de sempre: acusacións ao aire, afirmando que a Xunta mira para outro lado e cuestionando, unha vez máis, o traballo dos técnicos da Administración galega, aos que acusa de saber que isto podía pasar e non facer nada.

Hoxe sumouse a esas acusacións e a esa competición a señora Pontón, que dixo que as persoas en Ourense non tiñan atención. Pero ¿sabe o que non lle escoitamos a ningún deles, señor conselleiro, e que nunca lle imos escoitar, ademais? Que desde que o Partido Popular chegou ao Goberno da Xunta a mellora do sistema público de saúde foi unha prioridade real e que hoxe a sanidade pública galega conta con máis fondos, máis profesionais e máis medios que nunca. Tampouco lle imos escoitar falar das importantes melloras postas en marcha no Complexo Hospitalario Universitario de Ourense, cun investimento de máis de oitenta millóns de euros.

Claro que existen problemas, todos os días. Recoñecíaio con humildade o presidente Rueda esta mañá, pero os problemas non se resoven nin con berros nin con pancartas, resólvense con xestión, e, por iso, no Complexo Hospitalario de Ourense nestes momentos estase realizando un importante proceso de modernización que pode xerar imprevistos, coma o acontecido.

Queríamos saber que medidas vai adoptar o Goberno galego referentes a esta situación. (Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Formula agora a pregunta dona María del Carmen Rodríguez Dacosta, do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia.



A señora RODRÍGUEZ DACOSTA: Conselleiro, bos días.

Sobre o Hospital Materno-Infantil de Ourense sobrevoan, dende hai moito tempo, sombras máis que escuras, ata o punto de que unha infraestrutura disposta para que a poboación recibira no seu interior asistencia sanitaria se converteu nunha ameaza seria para o primeiro eslabón da mesma saúde: a integridade física. Non caemos na esaxeración co afirmado se recordamos agora dous acontecementos, sumamente graves, acaecidos no escaso período de tempo de pouco máis de quince meses: o derrubamento do teito na sala de partos no ano 2023 e o recente desplome a finais do pasado mes.

Resulta fácil imaxinar a situación anímica na que os profesionais teñen que afrontar diariamente o seu labor e tampouco son precisos grandes esforzos para entender o desasosiego que se fai sentir entre as mulleres que son atendidas en tales espazos. Non parece admisible de ningún xeito a situación á que quedan expostas, e isto ponnos no camiño de pedir responsabilidades e explicacións a quen ten o cometido de xestionar as infraestruturas sanitarias; é dicir, a vostede.

Na sesión plenaria de xuño de 2024, esta mesma deputada dirixiuse a vostede, en primeiro lugar, preguntándolle pola situación real do edificio dende a perspectiva arquitectónica da seguridade e se consideraba acertado, logo do primeiro derrubamento, manter en uso unha infraestrutura con tales índices de accidentabilidade; e, en segundo lugar, demandábase un cronograma estimado con relación á apertura do novo edificio e á demolición do existente. A resposta que daquela ofrecía xa deixaba entrever o nivel de chapuza e ineficacia que, en relación con este asunto, leva marcando a actuación da Consellería de Sanidade.

Diciános vostede que os danos, segundo as análises técnicas, derivan dunha multicausalidade, como o paso do tempo.

Pois para combater eses efectos, conselleiro, o Goberno galego contaba con dous recursos: a planificación e os orzamentos. Non se fixo nin un, nin outro. Afirmaba vostede que o edificio é seguro, descartando un problema estrutural. Paréceme que confunde a seguridade coa intensidade do risco, coma se polo feito de que só exista a probabilidade de desprendemento do teito e en ningún caso exista a posibilidade de que a planchada da planta superior caia o persoal traballador e as usuarias poidan quedar tranquilos.

O edificio non é seguro, señor Gómez Caamaño. Non o era en decembro do 2023, nin o foi en todo este lapso de tempo. Por iso agora, oito meses despois e cun novo descalabro, anuncia o comezo dos traslados. O que afirmou en xuño do ano pasado non era certo, conselleiro, e queda no seu debe. Non obstante, téñolle que recoñecer un acerto. Non se cansou vostede de agradecer a paciencia que levan demostrado os profesionais e os usuarios, pero é algo que ao mellor se pode perder —esta paciencia— co paso do tempo.

Á vista de todo isto, preguntámoslle: ¿como valora o Goberno galego o acontecido en relación co derrubamento do teito do Hospital Materno-Infantil? (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.



Dá a resposta o conselleiro de Sanidade.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Gómez Caamaño): Grazas, señora deputada.

Quero agradecer a oportunidade que me ofrecen para trasladar a esta Cámara e á cidadanía as últimas decisións que adoptamos en relación co Hospital Materno-Infantil de Ourense, co fin de garantir a mellor asistencia e de achegar tranquilidade aos pacientes, aos usuarios e ao persoal que traballa no hospital. Cómpre explicar as razóns e os detalles do plan que deseñamos para adiantar o traslado dos servizos do Hospital Materno-Infantil; un traslado que xa hai tempo que estaba decidido e que agora acometemos por razóns de eficiencia e de tranquilidade. Como saben, hai uns días rexistrouse un desprendemento dunha parte do falso teito. Non afectou as zonas de especialización e non supuxo máis que danos materiais. Con todo, é un incidente que lamentamos polos inconvenientes e as molestias, tanto para os pacientes como para os profesionais sanitarios.

A semana pasada procedeuse a revisar os falsos teitos e detectáronse deficiencias nas súas ancoraxes derivadas da súa antigüidade, do paso do tempo —como é lóxico— e das distintas intervencións que se foron facendo ao longo dos últimos anos. Iso non ten nada que ver coa estrutura de formigón do edificio, que —repito— é estable, e dicir o contrario é completamente irresponsable. Son os técnicos os que din que a estrutura é estable e que convén un reforzo dos falsos teitos. Tendo en conta que ese reforzo dos falsos teitos afectaría profundamente a actividade asistencial e que xa estaba previsto o traslado, adoptamos a decisión de adiantalo. Xa saben que para a demolición e a construción do novo Hospital Materno-Infantil xa tiñamos programada unha reubicación provisional dos servizos de Obstetricia, Xinecología, Paritorio e Pediatría. O que pedimos agora é adiantar ese traslado provisional dos servizos do Materno, porque os técnicos din que hai que reforzar os falsos teitos, e queremos dar tranquilidade a pacientes e profesionais levándoo a cabo xa agora. Teñan en conta, señorías, que acometer o reforzo dos falsos teitos suporía a paralización da actividade asistencial do Materno varias semanas; algo totalmente inviable. Temos, polo tanto, que anticipar ese traslado e reubicar. Consideramos que esta é a decisión máis sensata, máis eficaz e máis áxil: planificar a reorganización do Materno e adiantar o seu traslado xa a este verán. Ultimamos toda esa reorganización da asistencia na reunión que mantivemos o mércores pasado coa Xerencia da Área Sanitaria; nese encontro, avaliamos todos os aspectos a ter en conta desde o punto de vista da prestación e organización sanitarias, desde o punto de vista loxístico e de equipamento e desde o punto de vista económico. O noso fin é axilizar ese traslado, minimizar interferencias na actividade asistencial e non afectar a calidade do servizo.

A reubicación dos servizos do Materno-Infantil pasa por unha reorganización do conxunto do complexo hospitalario, o que obriga a movementos previos e actuacións de menor entidade. Iniciamos, por certo, eses traballos estes días porque queremos actuar coa máxima axilidade. Eses traballos supoñen unha pequena intervención na planta cero de consultas do Materno —xa iniciada—, o traslado da unidade de Coidados Paliativos ao edificio do Piñor e a reubicación da Área de Dirección en módulos prefabricados. Ademais, establecemos catro intervencións: primeira, as áreas esquerdas do Cristal acollerán a Hospitalización Infantil e Obstétrica; segunda, unha parte dos quirófanos de Cirurxía Maior Ambulatoria da primeira planta do edificio cirúrxico acollerán os Paritorios; terceira, un dos novos módulos da UCI



converterase na UCI Pediátrica e Neonatal; e cuarta, ademais, para garantir a actividade da cirurxía ambulatoria, vanse instalar dúas unidades móbiles do Servizo Galego de Saúde que estarán equipadas como quirófano —por suposto, con todo o instrumental necesario—.

Señorías, a programación da que lles estou ofrecendo todos os detalles foi abordada e dialogada cos responsables do centro e cos profesionais sanitarios. Tamén, este luns a Xerencia da Área se reuniu coas asociacións de pacientes do Consello Asesor e informounas da programación prevista para o traslado da hospitalización do Hospital Materno-Infantil. Tal e como acordamos, eses traslados faranse de xeito progresivo. O obxectivo é que nun prazo breve de tempo —arredor de dous ou tres meses; a comezos do verán, máis ou menos— estea xa realizado ese traslado provisional das áreas de Hospitalización Infantil e Obstétrica e dos Paritorios do Materno-Infantil de Ourense.

Polo tanto, señoría, non pode negar vostede o traballo de planificación, a capacidade para resolver problemas e a anticipación do Servizo Galego de Saúde. Se prefiren o camiño do alarmismo e da crítica permanente, alá vostedes. Mentres fan de comparsa do BNG nas rúas, nós falamos con feitos, planificamos as actuacións para adiantar o traslado dos servizos do Materno e achegamos desta maneira tranquilidade a todo o persoal e aos pacientes.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Para a réplica, a señora Pérez López.

A señora PÉREZ LÓPEZ: Grazas, presidente.

Señor conselleiro, eu agradézolle os detalles que nos deu nestes momentos. En todo caso, o que está claro é que a realidade e a verdade son incómodas para o populismo. ¡Pois que se sigan incomodando! Vemos aquí un casco no escano da deputada socialista, non sabemos moi ben se é para facer un tiktok ou se é para que non lle penetren as solucións que vostede lles acaba de dar aos cidadáns a través da súa resposta. Eu recomendaríalle que o gardase, porque se aveciñan tempos convulsos no Partido Socialista en Ourense. *(Aplausos.)*

A realidade, señor conselleiro, é que a Xunta de Galicia planifica, actúa e está a investir en Ourense. Mentres uns exaxeran e non propoñen nada, mentres outros rexeitan fondos para Ourense por capricho, mentres os independentistas galegos acusan sen demostrar nada, o Goberno galego traballa; traballa para que Ourense teña unha sanidade digna e moderna e para poder prestar a mellor das asistencias aos ourensáns e ás ourensás.

Ademais, estase a facer nestes momentos unha obra de cincuenta millóns de euros para solventar todas esas deficiencias que estamos a ver. Nós, a traballar. A axitación social e as manifestacións constantes xa llas deixamos a outros: ao nacionalismo e as súas organizacións satélites que están seguindo ao dedillo o guión marcado pola UPG, e ao socialismo galego, convertido en peón e marioneta da estratexia nacionalista; *(Murmurios.)* ese Partido Socialista que agora lle está a facer o caldo ao Bloque Nacionalista Galego. Levan anos detrás da pan-



carta, mentindo sobre recortes na sanidade, cando temos o maior orzamento da historia e cando estamos en máximos de persoal —hai 7.500 persoas máis traballando que cando gobernaban socialistas e nacionalistas—, pero nada falan do verdadeiro problema que temos na sanidade —e quen ten que actuar é o Goberno central—: nada falan da falta de médicos. Nin pancarta nin debate; quedan calados...

Gustaríanos que afondase un pouco máis nas medidas das que falaba neste momento. (Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Para a réplica, a señora Rodríguez Dacosta.

A señora RODRÍGUEZ DACOSTA: Grazas, presidente.

Conselleiro, a súa consellería abordou o problema do Hospital Materno-Infantil de Ourense dende o inicio de maneira totalmente errada. Seguramente confiaba en que o método aplicado en xeral coas cuestións da provincia de Ourense —o remendo, o parche, a solución pequena e de terceira categoría; nunha palabra, o trato diferenciado cara abaixo, é dicir, a discriminación— ía, neste caso, funcionar igualmente, sen maiores sobresaltos.

En vez de acometer dende o primeiro momento a planificación e construción dos edificios adecuados para unha atención hospitalaria decente —como se fixo no caso das outras provincias, e sábeo—, no caso de Ourense houbo que esperar a ver que a casa caía en anacos para finalmente entender que cumpría construír unha nova. Como non había planos nin cálculos botados e, ademais, conselleiro, os cascallos empezaban a cercar as cabezas do persoal e das usuarias, o xerente e os directores tiveron que saír nunha comparecencia, en rolda de prensa o día 2 de abril, atoleirada e caótica. Isto acabou de afundir as persoas afectadas e de sumir a opinión pública en xeral nun estado de confusión que vostedes propiciaron dende o primeiro momento.

Vostedes foron incapaces de entender o alcance dos problemas que afectaban este edificio cando empezaron a manifestarse. Mantivéronse na rácana idea da pequena intervención coa que a Xunta de Galicia agrava a provincia de Ourense en tantas ocasións. E vense agora na obriga dun cambio de postura que encaran coa mesma ineptitude e falta de decisión que nos trouxo ata este punto. Admite vostede que a construción do novo edificio de hospitalización está ralentizada por mor dun cambio de criterio á hora de tomar por fin a decisión de tirar o Materno e de facer un novo. Falta á verdade, señor conselleiro: a construción está parada. Para coñecer os prazos de dispoñibilidade dese novo edificio remítenos vostede nesa rolda de prensa ao limbo dos tempos da Administración e, para os prazos da demolición do vello, queda supeditado —díxoo vostede— «a lo que se vaya encontrando y a cómo responda el edificio»...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora RODRÍGUEZ DACOSTA: Despropósito tras despropósito, señor conselleiro... (Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodríguez Dacosta.



Para o peche da pregunta, o conselleiro de Sanidade.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Gómez Caamaño): Grazas, presidente.

Señoría, nós temos claro que o noso deber é protexer e optimizar a sanidade pública en todos os ámbitos, pero non se confunda: respectamos a opinión dos pacientes e dos traballadores, escoitamos e tomamos nota daquilo que é preciso mellorar. Pero vostedes, señoría, están nas antípodas: non fan nin unha crítica construtiva, nunca achegan solucións, sempre están enlodando o debate e desprestixiando a sanidade pública que temos. Coido que deberían reflexionar sobre a súa actitude e sobre a súa estratexia política se queren deixar de ser algunha vez a segunda forza política da oposición, sinceramente. Mentres vostedes fan seguidismo «dos do non», na Xunta dicimos «si» á mellora... *(O señor Gómez Caamaño detén o seu discurso polos murmurios que se escoitan.)* Na Xunta dicimos... *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: Eu entendo que a quen está no uso da palabra lle molestan os comentarios. Iso pásalle a todo o mundo... *(Protestas.)* Non, non, a todo o mundo. E é que vostedes están detrás. Se non, sempre temos unha solución: se lle é moi molesto, pode intervir desde a tribuna. Vostede mesmo, conselleiro... Se ve que lle molesta, veña á tribuna.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Gómez Caamaño): Non. ¡Que máis dá!

O señor PRESIDENTE: Vale. Grazas.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Gómez Caamaño): Mentres vostedes fan seguidismo «dos do non», na Xunta dicimos «si» á mellora continua da sanidade. Por iso estamos a realizar unha maior renovación das infraestruturas da sanidade pública que se está a impulsar en España cun investimento de oitocentos millóns de euros. É un traballo moi complexo que afrontamos con dilixencia.

A vostedes nada lles gusta: non lles gusta o traslado do Materno, tampouco a reubicación dos servizos, terxiversan a realidade dos problemas, eluden concretar alternativas, censuran a construción de todo o novo, fan críticas ás obras de execución no complexo hospitalario... ¿Que se supón que habería que facer no Materno?, ¿pechalo sen garantir a atención e asistencia aos pacientes durante meses? Porque hai que ter claras dúas cousas: en primeiro lugar, o edificio non ten problemas estruturais, pero é aconsellable actuar e facer un reforzo dos falsos teitos. En segundo lugar, acometer ese reforzo dos falsos teitos na situación actual implicaría parar a actividade asistencial durante varias semanas. Ante esta situación, ¿que fixemos? Desde logo, non quedamos parados, señoría, reaccionamos de modo inmediato buscando solucións, presentando unha planificación completa para a reubicación dos servizos do Materno co fin de ofrecer tranquilidade a pacientes e profesionais e garantir a asistencia sanitaria en todo momento. Xa sabemos que a celeridade non é o seu. Están bastante acostumados á inacción. Só hai que mirar ao Goberno central. Nós somos un pouquiño máis rápidos e tamén algo máis previsores. Insisto en que o que estamos a facer é anticiparnos e adiantar unha decisión de traslado que xa estaba tomada desde hai tempo. A planificación coa que traballamos di que a comezos do verán estean culminados todos os traslados dos distintos servizos do Materno, logo de acometer a adecuación nos espazos que os van acoller.



No edificio do Materno só quedarán as consultas, polo que se farán as actuacións dos falsos teitos da planta baixa. De feito, este luns xa se comezou a traballar nos falsos teitos da planta cero; uns labores que tamén realizaremos por fases para interferir o menos posible na actividade asistencial.

Quero recoñecer publicamente o traballo da Xerencia da Área Sanitaria de Ourense e de todo o seu equipo para presentar en tempo récord unha planificación de reubicación que permite garantir a mellor asistencia aos pacientes. Tamén, que o teña feito en constante diálogo cos profesionais. Sen dúbida, todo o traslado dun servizo sanitario hospitalario require de planificación, de coordinación e da implicación de todos os profesionais, a quen quero agradecerlles especialmente a súa disposición para colaborar.

Por outra banda, seguimos traballando na renovación do Complexo Hospitalario de Ourense. Destinamos máis de 52 millóns de euros a unhas obras que suporán a construción dun novo edificio de hospitalización e dun novo hospital materno-infantil. As obras do novo edificio de hospitalización teñen un prazo de execución de doce meses. Están a coller ritmo tras os axustes que foi preciso realizar no proxecto, ao decidirse construír un novo hospital materno-infantil. A previsión é que o novo edificio de hospitalización estea en funcionamento sobre mediados do vindeiro ano. O obxectivo é encadear ese final de obra do edificio de hospitalización coa demolición do Materno para a construción dun novo edificio.

Coido que a capacidade de resposta do Servizo Galego de Saúde está acreditada. Tamén está o noso interese por ofrecer tranquilidade e garantir a mellor asistencia aos pacientes. E, por outra banda, apostamos por dotar Ourense de infraestruturas sanitarias de vangarda. Acababamos de poñer en marcha a Unidade de Coidados Intensivos, cun investimento da Xunta de máis de 10 millóns de euros. Investimos 2,8 millóns nunha nova Unidade de Medicina Nuclear, que permitiu instalar o primeiro equipo PET na Área Sanitaria de Ourense; un servizo que evita o desprazamento de múltiples pacientes de Ourense a Vigo para a realización de probas complementarias. Estamos a renovar e a ampliar o Complexo Hospitalario de Ourense cun investimento superior aos 52 millóns de euros, que implica a construción dun novo edificio de hospitalización e dun novo Hospital Materno-Infantil, tras a súa demolición. E estamos a avanzar para construír un novo centro integral de saúde, no que investiremos arredor de 14 millóns de euros, e que fará necesaria unha profunda reorganización da asistencia dialogada e consensuada.

Señoría, podo garantirlle que a Consellería de Sanidade e a Dirección da Área Sanitaria estamos a tomar moi en serio o obxectivo de mellorar cada día a sanidade pública de Ourense, e por iso tomamos as mellores decisións para as infraestruturas e tamén para ter unha mellor asistencia sanitaria. É un traballo que xa está dando os seus froitos, xa que permitiu rebaixar en nada máis e nada menos que 44 días o tempo de espera para as consultas especializadas durante o último ano.

Moitas grazas pola súa atención. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.



Comparecencia do Sr. conselleiro de Emprego, Comercio e Emigración, por petición propia, para informar sobre as liñas mestras do Plan estratéxico do comercio 2025-2030

O señor PRESIDENTE: Para formular esta comparecencia ten a palabra o conselleiro de Emprego, Comercio e Emigración, don José González Vázquez.

O señor CONSELLEIRO DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN (González Vázquez): Bos días, presidente.

Deputados e deputadas, moi bo día a todos e a todas.

Quero, antes de comezar a miña comparecencia, aproveitar para agradecer a todos os grupos a colaboración no cambio desta comparecencia.

E a verdade é que ter a oportunidade de comparecer aquí neste mes de abril para falar dun asunto que estou seguro de que a todos nos interesa como é o comercio, ademais un ano despois de tomar posesión como conselleiro de Emprego, Comercio e Emigración, pois —permítanme que llelo diga— para min é un orgullo tamén; un orgullo que se explica grazas aos feitos, porque este goberno é máis de facer que de falar. E, non obstante, aínda sendo o Goberno das accións, tamén creo que está acreditado que somos un goberno aberto e plural, que cando é posible ou necesario lle gusta dar conta desas mesmas accións aquí, na casa de todos os galegos e as galegas, no Parlamento de Galicia.

Neste sentido poderíamos falar de moitas accións que temos acometido neste último ano, pero hoxe voume centrar na presentación, na recente presentación, do Plan estratéxico do comercio de Galicia 2025-2030, que representa a folia de ruta de todas as políticas de índole comercial da Xunta de Galicia para os próximos anos. Por certo, téñeno colgado na páxina web da consellería.

Sen dúbida ningunha, falamos dunha planificación que representa moito máis que o cumprimento dun compromiso electoral, porque é unha estratexia ambiciosa que non tería sido o que é de non ser —e logo referireime a iso— pola participación masiva que prestou o sector comercial de Galicia. (*Aplausos.*)

E eu quero, antes de entrar en materia, investir uns minutos dese tempo en agradecer esa colaboración firme e contundente do comercio galego, desde asociacións, pasando por federacións, coa Federación Galega de Comercio á cabeza, centros comerciais abertos, prazas de abastos e un longo etcétera ao que iremos no transcurso desta comparecencia poñendo nomes e apelidos.

Grazas precisamente á colaboración do noso sector comercial, pero tamén —e teño que dicilo aquí— á implicación da Dirección xeral encargada desta materia, á Dirección Xeral de Comercio e Consumo.

Grazas tamén ás preto de duascenas trinta visitas, setenta reunións mantidas este último ano entre este conselleiro que lles fala ou o director xeral co sector e tamén ás vinte e catro mesas locais de comercio convocadas e realizadas por esta mesma dirección.



Miren, por poñernos en contexto, conscientes de que o comercio local, aquí en Galicia, no resto de España e en Europa, é a alma das cidades máis grandes, pero tamén das vilas máis recónditas ou pequenas, un motor que impulsa a economía e preserva a identidade galega, que é ademais gardián das tradicións por medio da venda do noso produto máis autóctono, que mantén vivos os costumes e reflicte a esencia de cada un dos recunchos da xeografía galega; conscientes disto, pero tamén da necesidade de preservar algo tan xenuinamente galego, acometemos a elaboración deste plan estratéxico.

E o primeiro paso foi facer unha análise pormenorizada da situación real deste sector na nosa comunidade. Hai unha potencialidade, pero tiñamos que facer esa diagnose. Os datos están no plan, pero eu, por centrar algún deles, dicirlles, en primeiro lugar, que falamos dun sector, señorías, que abrangue máis de 32.000 establecementos comerciais, un eido produtivo que nos permite ocupar a quinta posición de España entre as comunidades autónomas con maior número de establecementos de comercio retalista; o número de empregados, entre traballadores autónomos e traballadores por conta allea, é 107.000 persoas; falamos dun número tamén importante. E eu creo que reflicte, ademais, que son cifras dun medio fundamental que favorece o potencial e o desenvolvemento integral de cada localidade, impulsando ademais tamén o tecido emprendedor e garantindo servizos de proximidade esenciais. Porque se algo está fóra de toda dúbida é que a importancia do comercio non radica só na súa pegada económica, que tamén, senón tamén no seu carácter vertebrador.

Porén, temos que facernos eco do contexto actual, no que o local moitas veces queda soterrado polo global. Non debemos esquecer que o comercio é un sector suxeito a unha forte transformación. É certo que resistiu os efectos da pandemia pola covid-19, pero agora volve estar sometido a unha importante proba de resistencia, debido, entre outros motivos, ademais de á competencia —poderemos falar sobre iso, o das vendas por internet—, tamén a unha retracción no consumo das familias galegas, pola incerteza no IPC, a subida dos tipos de xuro ou o complexo contexto internacional que estamos vendo estes días.

A este respecto o sector comercial galego enfrenta dificultades que son comúns —e creo que isto hai que telo moi en conta— en España e en Europa, derivadas dun mercado global e hiperconectado e tamén dun contexto inflacionista, que fai preciso o apoio do conxunto de todas as administracións, a Administración autonómica, por suposto, pero tamén a central e a local, e o traballo coordinado con cada un dos axentes implicados de cara á recuperación, modernización e potenciación do comercio tradicional. *(Aplausos.)*

Señorías, isto non se vai conseguir solucionar comercio a comercio, isto soluciónase pola vía da asociación e pola vía da cooperación entre administracións, e tamén aquí, por suposto, escoitando as súas propostas.

Ben, como lles dixen, partimos aquí dunha escoita activa a todos os axentes que conforman o ecosistema do comercio; escoita que comezou tamén no ano 2022, pero que se reforzou a partir, se me permiten, de setembro do ano 2024. E nesta activación que tivemos no último cuatrimestre do 2024, a través da colaboración coa Federación Galega de Comercio, tivemos unha vintena de reunións con máis de trescentos representantes das asociacións e federacións do comercio, dos centros comerciais abertos, das prazas de abastos, representantes



tamén da venda ambulante, persoas consumidoras, grandes superficies, cámaras de comercio, artesáns e autónomos, e tamén, por suposto, con representantes da Administración local; encontros que, —estou completamente seguro— marcan a diferenza e deben levar esta estratexia ao éxito.

Nestes encontros debatéronse e identificáronse os retos aos que se enfronta ao sector, así como tamén as medidas máis axeitadas para poder contribuír ao seu efectivo desenvolvemento. O resumo das conclusións desas reunións está tamén recollido na parte de diagnose do propio Plan estratéxico.

Este compromiso da Xunta de Galicia, por suposto, non é novo. Levamos anos traballando respecto del. E eu, por citar e facer antecedentes, citaríase o Plan Ágora, no período 2009-2013, o Plan de impulso ao comercio galego 2015-2020 ou o programa Comercio 360, 2019-2021. Todos estes non son máis que antecedentes claros tamén deste Plan estratéxico do comercio 2025-2030.

Unha estratexia na que, por suposto, hai novidades —logo llelas contarei—, pero tamén medidas que están sendo exitosas. E vou citar, por poñer algunha delas enriba da mesa, tanto as axudas que estes días estamos completando de modernización de centros comerciais abertos ou de prazas de abastos para a súa conversión en mercados excelentes ou o Bono Comercio, que saben que ten un orzamento de 5 millóns de euros e que proximamente imos convocar.

O plan, e por entrar xa en materia, e unha vez que ten a fase de diagnose que nos dá o contexto da situación, ten tres eixes de actuación prioritarios. Eses tres eixes de actuación prioritarios derivan en dezaseis medidas e concrétanse en setenta e catro accións, que teñen un orzamento conxunto, non só da Dirección Xeral de Comercio, senón do conxunto da Xunta de Galicia, de 320 millóns de euros para o período 2025-2030. Eu teño que dicir que creo que é un orzamento potente, co obxectivo de colocar o noso comercio local como a primeira e a mellor opción.

Miren, ademais, se me permiten, e dicíao o outro día na miña intervención cando presentamos o plan tamén a todo o ecosistema do comercio, creo que é moi importante tamén dar esa sensación de motivación, de visibilización, que creo que estamos acadando, entre outras cuestións con esta comparecencia hoxe aquí precisamente. Eu creo que os nosos comerciantes así nolo reflicten, que nolo agradecen, e creo que entre todos temos que tratar de darlle tamén esa visibilización.

E, centrándome nos tres eixes, que se relacionan, como non pode ser doutro xeito, tamén cos tres obxectivos estratéxicos, dicirlles, en primeiro lugar, que avogamos pola mellora da competitividade para consolidar o sector comercial galego como un sector moderno, atractivo e de calidade.

Este primeiro eixe está dotado con 227,4 millóns de euros. E, por citarlles algunhas das actuacións, en primeiro lugar, no que se refire ao impulso da dixitalización, aquí hai unha acción novidosa, eu creo que ademais interesante, que é a creación de espazos de demostración



tecnolóxica para os comerciantes. Aquí imos ir da man dos recintos feirais de Galicia, buscando que poidan descubrir novas experiencias de compra e estar tamén ao día dos avances na innovación comercial.

Pero tamén hai que apostar, como non pode ser doutro xeito, pola modernización dos espazos comerciais como ferramentas atractivas de venda en si mesmas. Eu creo, ademais, que este é un dos elementos diferenciadores do comercio local.

Hai que apostar tamén polo incremento da capacidade profesional. E aquí poñemos en marcha microformacións dixitais en temáticas moi específicas de interese para o día a día dos negocios ou tamén o plan de formación á medida das necesidades de dúas figuras importantes —permítanme que llelo diga—, como son os xerentes dos centros comerciais abertos, pero tamén das prazas de abastos.

Eu diríalles que a estas experiencias de formación de microformacións, das que temos visto o seu bo funcionamento en diferentes sectores a través dos clústers, cremos que aquí se lles pode dar tamén un impulso no ámbito do comercio, en accións específicas a prol do emprendemento e a continuidade de negocios viables; aquí evidentemente apostamos polas sinerxías con outra das ferramentas da nosa consellería que son os polos de emprendemento, buscando atraer o talento de perfís estratéxicos ao comercio polo miúdo, como pode ser a mocidade e os galegos retornados.

E neste eido tamén dicirlles que unha das medidas contempla a creación de polos de emprendemento especializados no comercio local, precisamente para ser capaces de impulsar ese emprendemento.

Outra das cuestións importantes, transcendentales, señorías, sen ningunha dúbida, non só no comercio, senón que eu diría no comercio tamén especialmente, é a remuda xeracional, que temos como un dos grandes obxectivos deste plan estratéxico. Saben que dentro das axudas a autónomos temos precisamente o Bono Remuda, para ser capaces de conseguir este remuda xeracional, e está moi centrada nun comercio polo miúdo, pero tamén aquí no plan recóllese unha aposta por esa remuda xeracional e pola recuperación dos oficios tradicionais no ámbito de artesanía de Galicia. Imos impulsar neste eido tanto bolsas de aprendices como tamén o programa que xa temos en marcha de aprender da tradición.

Primeiro eixe, como dicía, a mellora da competitividade. O segundo eixe é a maior visibilización do comercio. Buscamos aquí estimular a oferta e revitalizar espazos urbanos e rurais.

Neste segundo eixe imos ter un investimento previsto, orzado, de 76,7 millóns de euros. E temos que contar con figuras claves do comercio galego, como poden ser os centros comerciais abertos, que teñen que incidir especialmente na dinamización, e, de feito, as axudas xa deste ano xa van moi ligadas ao cumprimento de obxectivos de dinamización por parte dos centros comerciais abertos; as prazas de abastos, fomentando e redefinindo o selo de mercados excelentes. Esta é unha demanda do sector e imos ir da man, queremos que esas prazas de abastos que temos en Galicia, 94, o maior número delas sexan mercados excelentes, buscando optimizar as súas infraestruturas, mellorar a ocupación dos postos e tamén o



seu funcionamento; en definitiva, conseguir multiplicar o número de prazas de abastos que contén coa certificación de mercado excelente.

Tamén prestar atención ao comercio ambulante, e aí levamos o distintivo Feiras de Galicia, ou os obradoiros artesanais. E teño que dicirles, evidentemente, que Artesanía de Galicia, a fundación, ten un funcionamento extraordinario, pero queremos seguir incidindo, por suposto, nese funcionamento extraordinario.

O terceiro eixe ten que ver coa colaboración institucional e a gobernanza. E aquí contamos cun orzamento de 16,6 millóns de euros. Fundamental a colaboración público-privada e a cooperación entre administracións, sobre todo entre a Administración autonómica e as administracións locais.

Neste eixe contemplamos como novidades a creación da Mesa do Comercio Galego, instrumento clave para buscar esa axeitada colaboración de todo o ecosistema e tamén das administracións públicas, por suposto, mantendo vivas —non pode ser doutro xeito— as mesas locais de comercio, que imos seguir impulsando.

Tamén a colaboración institucional a prol do comercio coa Federación Galega de Municipios e Provincias, que teño que dicir que tamén participou no proceso de elaboración do plan. As cámaras de comercio e os recintos feirais, porque cremos que aí se poden impulsar moitísimas sinerxías. E o reforzo do labor, que xa fai un moi bo traballo, do Instituto Galego de Consumo e da Competencia, a favor dos dereitos das persoas consumidoras e, por tanto, tamén da calidade dos servizos do sector comercial.

Déixenme tamén que lles mencione algunhas accións singulares ou pioneiras que están contempladas dentro do plan; xa lles digo: son setenta e catro accións e algunhas delas quere-mos destacalas hoxe aquí nesta comparecencia.

Eu destacaríaa, en primeiro lugar, un proxecto de recuperación das contornas comerciais urbanas senlleiras, co nome de Vilas vivas, que temos comprobada a súa potencialidade na práctica mediante unha experiencia piloto que fixemos o pasado mes de decembro na vila ourensá de Ribadavia.

Esta iniciativa, por concretalo, céntrase naquelas vilas galegas —hai varias— que contén cun casco urbano histórico ou singular, cunha alta concentración de comercios pechados, por desgraza, que teñan potencial turístico e que teñan unha produción local senlleira como motor económico; no caso de Ribadavia, como todos saben, o viño do Ribeiro. Nelas motívarase o desenvolvemento dun proxecto de revitalización comercial a través do alugueiro de baixos comerciais en desuso, a súa restauración e posta á disposición dos comerciantes e tamén dos artesáns en formato efémero; efémero ao principio, oxalá sexa de xeito continuo.

Esta iniciativa completárase con diferentes melloras nos espazos comerciais e o impulso dunha estética homoxénea para a contorna, ademais de desenvolver actividades de dinamización sociocultural, co obxectivo de incrementar o seu atractivo turístico e contribuír ao fortalecemento da súa actividade económica.



Outra iniciativa que creo que é relevante, que ten que ver coa necesidade imperiosa de atraer a xuventude ao comercio local, é o proxecto Localízate. Aquí o que imos facer é desenvolver experiencias educativas nas que a mocidade de entre 12 e 18 anos cree vínculos reais coa oferta comercial, sobre todo en relación co territorio no que residan. É dicir, trasladarlles aos máis xoves a importancia que ten o acto de comprar no comercio local, non só pola compra, senón tamén pola transcendencia que ten, como digo, en todo o territorio, pola súa repercusión.

Outra iniciativa novidosa dentro das accións é a creación dunha marca de comercio galego, nesa liña de visibilización do comercio galego. Aquí o que pretendemos é que esa marca transmita a calidade do servizo que se presta no comercio de proximidade; unha marca paraugas da que penderán todas as demais marcas e outros distintivos comerciais.

Hai outro eido importante, polo menos na miña opinión e na dos redactores do Plan estratéxico, que é ligar o comercio polo miúdo á nosa gastronomía. E aí a proposta que facemos é Prato de mercado, que pon en valor a importancia do produto fresco dos mercados de abastos cos menús dos mellores restaurantes galegos; é dicir, aproveitar as sinerxías entre produto e gastronomía de Galicia. Saben que temos tamén Artesanía no prato e queremos combinar precisamente esa utilización da artesanía tamén cun produto local nos mellores restaurantes de Galicia que se sumen a esta proposta.

No que se refire a remuda xeracional, xa lles digo: nós temos en marcha o Bono Remuda, estamos implementando todas as melloras que sexan necesarias para que funcione tamén o mellor posible, pero tamén apostamos nesa remuda nos oficios artesanais —xa o comentei antes—, en Artesanía de Galicia. Xunto con aprender da tradición, unha das accións é precisamente a creación de bolsas de aprendices.

Neste ámbito da remuda xeracional, como lles dixen antes, tamén os polos de emprendemento teñen que cumprir un papel fundamental para potenciar esa remuda nos comercios do conxunto do territorio. Lémbrolles que temos quince polos de emprendemento, catorce dos cales están situados precisamente no territorio e fóra das cidades.

Señorías —e vou rematando—, temos un sector comercial único cunhas expectativas de futuro certas, que, se o facemos ben entre todos, son tamén únicas. Este Plan estratéxico, certamente ambicioso, non deixa de ser resposta ás necesidades e requirimentos dun sector que quere medrar, unha resposta adaptada á realidade, conscientes do contexto tamén creo que contundente. Unha folla de ruta elaborada de man de todo o sector, que nos permitirá facer do noso comercio local un comercio forte e resiliente, moderno e innovador, especializado en liña cuns consumidores e o territorio, que promova o consumo responsable e a protección do medio, que contribúa a dinamizar a nosa economía local e a fixar poboación e que continúe tamén revitalizando os nosos barrios e vilas, por suposto conectando coas novas xeracións.

Chegados a este punto, rescato a reflexión que facía ao comezo da miña intervención, posto que neste escaso ano, con esta planificación sobre a mesa, damos un paso decisivo —diría eu— cara ao futuro do comercio en Galicia. Porque, como lles dixen, non só trazamos un camiño claro ou ambicioso, senón que o facemos da man de quen mellor coñece o sector: os



seus protagonistas. Por iso, señorías, pediríalles que así o tomen. Isto non é só un plan do Goberno galego, é un compromiso colectivo, é a aposta firme por un comercio que dinamiza as nosas rúas, que xera emprego e que forma parte da nosa identidade.

Quero facer consciente a este Parlamento deste compromiso, a través do cal avanzaremos con determinación, con confianza e coa certeza tamén de que estamos a construír unha economía máis próspera e preparada para o futuro.

Máis nada polo de agora, moitas grazas pola súa atención. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

Quenda do Grupo Mixto, pero, como non se encontra no salón de plenos, avanzamos co Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, e ten a palabra a señora Dacosta.

A señora RODRÍGUEZ DACOSTA: Grazas, presidenta.

Bos días a todos de novo.

Conselleiro, benvido.

Hoxe comparece vostede para dar conta das liñas mestras do Plan estratéxico do comercio 2025-2030, plan que está colgado na páxina web dende o mes pasado, un plan de 139 páxinas divididas en sete capítulos; plan que xa presentou o presidente Rueda o pasado 31 de marzo, xunto con vostede, anunciando as liñas mestras do dito plan, e agora veñen dar conta ao Parlamento para buscar un novo foco de difusión e propaganda para o Partido Popular, de algo xa anunciado, ao que ten acceso xa todo o mundo, e está claro que a finalidade non é dalo a coñecer, senón, como dicía, buscar un novo titular.

Segundo se recolle no propio Plan estratéxico, para a súa elaboración, si, é certo, a consellería reuníase —vostede dicíao— no último cuadrimestre de 2024, en vinte reunións, con dez colectivos, o que supón máis de trescentos representantes de asociacións e federacións de comercio, centros comerciais abertos, prazas de abastos, venda ambulante, persoas consumidoras, grandes superficies, cámaras de comercio, artesáns e autónomos, así como con representantes da Administración local.

Pero no caso dos representantes da Administración local, conselleiro, non especifica quen son eses representantes, pero moito me temo que non hai ningún concello gobernado por un alcalde ou unha alcaldesa socialista. Sabemos da importancia do comercio local como axente dinamizador das rúas, barrios, vilas e cidades e tamén sabemos dos retos e dificultades que ten o pequeno comercio. Os pequenos negocios, combinados con outros servizos, xeran un desenvolvemento económico e social de grande impacto no territorio. Nos últimos anos son moitas as ameazas que están a sufrir, dende a chegada de internet, que está a cambiar o modo de como nos comportamos e como compramos, ata a perda e envellecemento da poboación, sobre todo nas pequenas localidades. O comercio tradicional e local hai que coidalo para que non desapareza, para a súa supervivencia. Os pequenos comercios débense



adaptar aos novos tempos, conservando algunha das súas características máis esenciais, como son a proximidade e o trato personalizado, así tamén como a confianza que xera.

E as vantaxes do comercio local son moitas e dispares: converten os lugares en zonas de referencia para os barrios, para as vilas e para as cidades; prestan o seu servizo cun trato personalizado e de calidade, non ten présa e a súa prioridade é aconsellar o seu cliente, que posiblemente sexa un familiar, un amigo, un veciño, un cliente, que se converterá, unha vez que merque no seu negocio, nun cliente fiel. Outra vantaxe é a do propio beneficio do comprador, porque os cartos alí gastados seguen a circular no territorio, fomentando así a economía do seu contorno.

E o comercio local foi un dos sectores, como vostede tamén entende, que se viu agravado pola situación da crise económica derivada da covid e agudizada pola situación bélica que aínda estamos a vivir.

Cando falamos de apoio á economía local, falamos tamén de apoio aos negocios locais, porque, entre outras cuestións, estamos investindo directamente na nosa comunidade. Isto axuda a manter empregos, fortalecer a economía local e fomentar o crecemento a nivel comunitario. As cadeas de subministración local teñen demostrado ser máis resilientes durante a crise, e priorizando o comercio local reducimos a nosa dependencia de provedores afastados e aumentamos a capacidade da nosa comunidade para abastecer as súas propias necesidades.

Dende un punto de vista medioambiental, as compras locais teñen un impacto moi positivo, xa que teñen unha pegada de carbono máis baixa, xa que reduce o transporte e, polo tanto, as emisións asociadas coa distribución de produtos de longa distancia. Os comercios locais ofrecen produtos e servizos singulares, mostrando a diversidade e particularidade dun contorno, co que contribúen a poñer en valor a identidade territorial.

Cando apoiamos o noso comercio, estamos fortalecendo os vínculos e a relación tamén das persoas. Este comercio supón unha parte fundamental na vida das rúas, dos barrios, das vilas e das propias cidades. Os pequenos negocios, combinados con outros servizos, xeran, por certo, un desenvolvemento económico e social de grande impacto no territorio.

E estamos a falar dun sector que xera arredor de corenta mil postos de traballo, con vinte mil comercios, e fai unha aportación ao PIB dun 13 por cento, co 43 por cento de autónomos sen ningún traballador ao cargo, e un 90 por cento que ten de 0 a 9 traballadores, xerando emprego e riqueza moi espallada polo territorio e case na totalidade dos 313 concellos. Estes datos eran aportados pola Federación de Comercio e entendo que vostede está de acordo con eles.

Segundo anunciaban, este plan conta cun orzamento de 320 millóns para a realización de setenta e catro accións. Moita literatura, si, pero pouca concreción, conselleiro, con accións xenéricas e abstractas, como impulsar a dixitalización, demostracións tecnolóxicas, facturación electrónica —isto no eido da tecnoloxía—. E, se falamos da formación, falamos de intanxibles, como incrementar a capacitación realizando un plan formativo á medida das necesidades; impulsar programas como a artesanía na escola, que dicía vostede; estudar a implantación de novas fórmulas de xestión; e poderíamos seguir así, coas setenta e catro



accións, todas elas recollidas en seis eixes; o eixe primeiro, competitividade do sector comercial, en trinta e unha accións; dinamización e visibilidade do comercio, en vinte e sete; e gobernanza e colaboración institucional, en dezaseis.

E, en canto aos indicadores para valorar o resultado, baséanse basicamente en número de solicitudes concedidas, número de estudos publicados, número de traballos realizados, número de accións realizadas, número de diagnósticos de necesidades realizadas, número de persoas participantes, número de vídeos desenvolvidos, número de visualizacións, número de visitas ao Portal do Comercio, chegando xa á desfachatez de número de descargas de folletos dixitais ou soportes de campaña. Son números, números, números. E niso vai basear o éxito do programa: en números, en cantidade, conselleiro, pero non en calidade, sen saber se eses números contribúen a aumentar o número de comercios, o número de empregados, a riqueza que xeran os números; claro que son importantes, pero non van ter en conta o que estou a referir. E tamén terán como indicador o orzamento executado; trátase de gastar, pero non de gastar ben e gastar menos que o ano pasado, pola mingua que tivo o orzamento do ano 2025.

O que lle dicía, señor conselleiro, en resumo: moita palabrería pero pouca concreción.

E, como son, noutra orde de cousas, de Ourense, non podo deixar pasar esta intervención sen aludir á praza de abastos número 1 de Ourense. É certo que o representante de Democracia Ourensana pois non se encontra tamén na sala. Os mercados de abastos vostede dicía que constitúen uns espazos paradigmáticos da cidade. Eu concordo e creo que todos concordamos con isto, e entón entendemos as socialistas que constitúen unha peza fundamental, e falaba vostede de moitos deles.

Agora, ante a última arrouxada do alcalde de Ourense, que racha coa comisión de seguimento creada entre a Administración municipal, a Xunta de Galicia e os praceiros, pode provocar de novo a perda da partida orzamentaria consignada pola Xunta de Galicia de 1.200.000 euros, como xa se perdían 3 millóns de euros de fondos estatais, pois o orzamento vostede sabe que tamén o Grupo Parlamentario Socialista o pedía nunha iniciativa presentada neste Parlamento en diversas iniciativas en comisión. Agradecemos, conselleiro, a súa implicación, pero non podemos permitirnós perder un minuto. Xa o dicía a portavoz municipal en rolda de prensa: nin un euro máis con esta instalación pechada, como pulmón verde da alameda ocupada, ademais de levar por diante a Administración local e os praceiros e praceiras cara a unha batalla xudicial na que ninguén gaña e perde Ourense. As socialistas continuaremos tendendo a man fronte ao bloqueo. Estaremos, como sempre, conselleiro, ao dispor para axudar e atopar puntos de encontro a través do diálogo e o consenso entre as partes. Non obstante, pois agradecemos, conselleiro, que isto se desbloquee canto antes. Seguramente seguiremos falando na segunda intervención.

Nada máis e grazas.

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Quenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora González.



A señora GONZÁLEZ IGLESIAS: Grazas, presidenta.

Bo día a todos e a todas.

Bo día, conselleiro.

Permítanme comezar falando do proceso de elaboración deste Plan para o comercio galego, un proceso de elaboración do que vostede facheu agora dicindo que se reuniu con todos os axentes implicados. Permítame dubidalo, sobre todo porque falta unha das patas que nós consideramos que é fundamental nesas reunións, que son as organizacións sindicais. Este sector ten traballadores e traballadoras, que teñen representantes, e eses representantes son as organizacións sindicais, que non foron convocadas a esas reunións.

E, por outro lado, falaba vostede de que se reuniu coas corporacións municipais. Mire, eu creo que un goberno que vén aquí fache de diálogo con todas as organizacións cando menos tería que ter convocado todas as corporacións municipais, e non só os seus concelleiros na oposición (*Aplausos.*), como pasou no caso de Vigo, cando vimos que na reunión do director xeral co sector comercial estaban algúns deputados e deputadas deste Parlamento, por suposto non os da oposición, e algúns concelleiros dos concellos da área metropolitana, por suposto ningún do Partido Socialista nin do Bloque Nacionalista Galego. O diálogo demóstrase camiñando, señor conselleiro.

E mire, non era sen tempo que o Goberno do Partido Popular acordara poñer en marcha un plan para o comercio galego. Por certo, o BNG trouxemos en varias ocasións ao longo de toda a lexislatura pasada a este Parlamento iniciativas instando nese sentido. ¿E sabe vostede que pasou? Que o Partido Popular votou sempre en contra. Son vostedes os do «non» a calquera proposta que veña da oposición. (*Aplausos.*) E vímolos onte, cun 5 a 1, 5 «non» do Partido Popular fronte a 1 «non» da oposición.

Son vostedes o Partido Popular do «si» ao espolio dos nosos recursos, do «si» ás empresas amigas e do «si» ás portas xiratorias, e os do «non» aos sectores produtivos económicos galegos, o «non» á sanidade pública e o «non» aos intereses das galegas e os galegos.

Mire, acertan vostedes cando rectifican, conselleiro. E alegrámonos de que rectifiquen, pero é unha lástima que tardaran tanto en rectificar, porque nos últimos catro anos baixaron a persiana na Galiza máis de catro mil negocios e máis de nove mil nos dezaseis anos de goberno do Partido Popular.

Leva vostede un ano na consellería, pero o Partido Popular leva dezaseis anos gobernando este país, e digo eu que algunha responsabilidade deben ter vostedes, que teñen as competencias nesta materia.

Botei en falta na súa comparecencia unha valoración dos resultados acadados nos anteriores programas e plans aos que vostede fixo referencia. Resulta moi difícil elaborar un novo plan sen ter unha análise de resultados dos plans anteriores. ¿Que fixemos mal para perder nove



mil negocios en dezaseis anos? Nunca neste Parlamento houbo unha comparecencia de ningún conselleiro nin de ningún director xeral de Comercio para dar resultado deses plans.

E, ademais, imos tarde, porque este plan ten eivas importantes. Estamos ante un plan que debería ser a folla de ruta para frear a sangría de pequenos comercios, pero o que lle falta é o que debería de ser a primeira medida a adoptar: a redacción dunha nova Lei de comercio interior de Galiza que se adapte á realidade actual no sector. Tendo en conta que a actual lei é do ano 2010, absolutamente nada ten a ver a situación actual do comercio coa de hai quince anos, e cómpre adaptar a lexislación á actualidade.

O propio documento reconece a necesidade de regular algunhas cuestións, como os centros comerciais abertos, o que evidencia aínda máis a necesidade desa nova lei.

Tampouco recolle o documento ningunha acción para avanzar na recuperación das competencias na regulación dos período de rebaixas e horarios comerciais; unha demanda do sector que, ademais, está recollida no documento, no punto das principais conclusións dos apartados abordados no proceso participativo no eido da actividade comercial local; unha cuestión que lastra o pequeno comercio fronte aos xigantes comerciais, baixo a escusa da libre competencia; unha situación inxusta para o comercio galego, que non pode competir coas grandes en igualdade de condicións.

O pequeno comercio denuncia que as rebaixas e descontos continuados ao longo de todo o ano, como ocorre na actualidade, están a provocar que o sector estea pasando un momento moi crítico. E, mentres, o Goberno galego do Partido Popular asume en silencio esta vulneración de competencias propias por parte do Goberno do Estado.

Outra cuestión que non aborda este plan é a expansión sen control das grandes superficies comerciais. Nas principais conclusións da análise estatística do plan indícase que, mentres o comercio polo miúdo está a diminuír, as empresas con máis de duascientas cincuenta persoas empregadas incrementáronse. Correspóndelle a Galiza a terceira parte de todas as xurdidias en España desde o ano 2020. Isto é unha brutalidade, conselleiro. Unha de cada tres grandes superficies que se construíron no Estado español, desde o 2020, construíuse na Galiza. Un dato co que loxicamente deberíamos sacar a conclusión de que cantas máis grandes superficies menos pequeno comercio.

Pero grave xa non é que o plan non aborde este problema, senón que se recollen no documento as demandas destas grandes superficies, que pasan e piden a liberalización, aínda máis, deses horarios.

Agardamos, conselleiro, de corazón, e pedímoslle encarecidamente que non se lles pase pola cabeza esta posibilidade, senón que tomen a decisión de declarar Galiza como zona saturada de grandes superficies comerciais e aprobar unha moratoria que impida a implantación doutras novas, así como regular, controlar e poñer límites ás xa existentes.

O documento tampouco contempla medidas reais de apoio ao comercio ambulante, máis alá da creación do distintivo de calidade Feira de Galicia, e da actuación de apoio de visibilización e mellora destas feiras, cun escaso orzamento de algo máis de 108.000 euros ao ano.



Nada aparece do prometido Bono Comercio para o comercio ambulante, nin tampouco da demanda deste comercio para que se homoxeneicen as regularizacións das feiras nos distintos concellos do noso país; unha cuestión que lles dificulta moito a súa actividade, xa que cada concello ten distintas normativas e criterios, e o Goberno galego ten que consensuar e colaborar cos concellos para igualar as distintas normativas que faciliten o traballo a estes comercios.

No referente á artesanía, este plan non contempla ningunha nova acción de apoio ao sector artesanal galego; as que contemplan xa están desenvolvéndose na actualidade, conselleiro; cambiámoslle de nome a algunha, pero máis do mesmo.

Nada de poñer en marcha un calendario anual de feiras de artesanía ao longo de todo o país, nada de crear unha feira internacional de artesanía, nada de medidas para controlar a utilización fraudulenta da marca «Artesanía de Galiza», nada novo, conselleiro. *(Aplausos.)*

E o que sobre todo fai ao BNG dubidar de que este Plan estratéxico do comercio de Galiza vai cumprir co obxectivo de frear a perda de tecido comercial da Galiza é o seu orzamento, conselleiro. O orzamento total deste plan, para seis anos, é de 320.862.632 euros, dos que a Dirección Xeral de Comercio pon 123.180 euros, menos da metade. Esta cantidade significa que o orzamento que a Dirección Xeral de Comercio vai destinar ao sector é de pouco máis de 20 millóns de euros. ¿Sabe canto é o orzamento da Dirección Xeral de Comercio para este ano 2025? 21.727.845, incluído o capítulo I, de persoal. Isto na práctica é unha conxelación de orzamento, conselleiro. Co agravante de que, desde o ano 2019, o orzamento da Dirección Xeral de Comercio reduciuse sistematicamente ano tras ano, o que se traduce nunha perda acumulada de máis de 251 millóns de euros, sen ter en conta a inflación, que xa sabe vostede que 1 euro de agora non é o mesmo que 1 euro do ano 2009; 252 millóns de euros que terían servido para paliar, segurísimo, a grave crise que atravesamos o comercio galego.

Conclusións: estamos ante un plan estratéxico para o comercio galego que nace con graves eivas, que non recolle algunhas das accións ou medidas fundamentais para o sector e que, ademais, conta cun orzamento totalmente insuficiente...

A señora PRESIDENTA (Candía López): Ten que rematar.

A señora GONZÁLEZ IGLESIAS: ...—remato xa, presidenta—. No BNG sentimos que unha ferramenta que, xunto co sector, levamos anos demandando non vai cubrir todas as necesidades do sector e, como consecuencia, conselleiro, non vai frear a sangría de negocios no noso país.

O comercio galego precisa de políticas valentes e decididas, que poñan o pequeno comercio no centro, freando os xigantes comerciais e loitando contra a competencia desleal que practican, e precisa dun orzamento suficiente para apuntalar un sector estratéxico para a economía e o emprego na Galiza e para manter vivas, tal e como vostede dixo, conselleiro, as rúas dos nosos pobos e cidades.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*



A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

Antes de darlle paso á seguinte intervención, que será a do Grupo Parlamentario Popular, saudamos e tamén damos a benvida aos alumnos e alumnas de formación profesional do ciclo superior da Fundación-A Coruña, benvidos ao Parlamento.

Por parte do Grupo Parlamentario Popular, ten a palabra dona María Felisa Rodríguez.

A señora RODRÍGUEZ CARRERA: Grazas, presidenta.

Benvidos a todos os alumnos ao Parlamento galego.

Benvido de novo a este Parlamento, señor González.

Mire, señor González, son realmente como avestruces, estiran o pico en Galicia e esconden a cabeza en Madrid. *(Aplausos.)*

O Grupo do Partido Popular agradece a súa comparecencia nesta Cámara, e ademais que o faga a petición propia, para falar de algo tan importante, tan necesario, tan demandado como é o Plan de comercio de Galicia 2025-2030, que acaba de poñerse en marcha, como vostede ben dixo.

Miren, non poñer en valor este plan, tildalo de titular e facer unha crítica sen argumentos, equívocanse. Os que tratan de confrontar coa Xunta de Galicia, en realidade, están a darlles as costas a eses máis de trescentos representantes do comercio de Galicia comprometidos e implicados na súa elaboración.

Porque, señorías, un factor diferencial deste Plan estratéxico foi que precisamente nace do consenso e das achegas dos sectores implicados, os homes e mulleres profesionais do comercio galego, que decidiron dar un paso ao carón da Xunta e sumar esforzos neste obxectivo.

Puidemos velo o pasado xoves. Teño que felicitalo, conselleiro, pola impresionante boa aco-llida que se viviu. Porque vostede o dixo: é un plan feito desde o consenso, desde a escoita, desde o compromiso, desde a transparencia, un plan feito entre todos os sectores implicados. Falou vostede de vinte reunións, vinte reunións de traballo con trescentos representantes de asociacións e federacións de comercio, de centros comerciais abertos, de prazas de abas-tos, de venda ambulante, de consumidores, de grandes superficies, de cámaras de comercio, artesáns, autónomos, representantes das administracións, e todo iso coa colaboración da Federación Galega de Comercio.

Hai quen actúa e legisla de costas ao sector, agochado na Moncloa, incapaz de someterse ao escrutinio público das decisións que se adoptan, e gobernos, como os do Partido Popular, que saben ir da man daqueles que mellor coñecen o que é un comercio, aqueles que direc-tamente teñen no comercio o seu medio de vida.

Por iso que este Plan estratéxico non esquece as eficaces medidas que están en marcha e que teñen demostrado que funcionan. Falamos do Bono Activa Comercio, das axudas á di-



xitalización, á modernización, á sustentabilidade, á dinamización a través dos centros comerciais abertos, e o impulso nas prazas de abastos. *(Aplausos.)* Pero tamén incorpora novos apoios e novas medidas, como as que vostede hoxe explicou aquí.

Mire, hai dúas formas de gobernar: quen di que fai e quen cumpre con feitos. Este Plan estratéxico non queda só en palabras, senón que vén acompañado dun importante financiamento para o seu desenvolvemento; repito: un importante financiamento.

Vostede falou de tres eixes sobre os que xira este plan: aumentar a competitividade do sector comercial, dotado con preto de 228 millóns de euros; un segundo eixe, da dinamización e visibilidade do noso comercio, dotado con preto de 77 millóns de euros; e un terceiro eixe, da gobernanza e da colaboración, dotado con preto de 17 millóns de euros.

Ademais, aplaudimos esas accións novidosas, como son as Vilas vivas, o proxecto Localízate, esa marca paraugas da marca do comercio galego e o selo Prato do mercado.

O pasado xoves na presentación deste Plan estratéxico todos os que estabamos alí nos demos conta da importancia de expandir o comercio máis alá da ubicación física. Permítanme que traia a esta tribuna un exemplo. Estaban presentes dúas propietarias dun comercio de Arzúa, que tiñan unha tenda de roupa por onde pasa o Camiño de Santiago. Elas dicían literalmente: «Estar á beira do Camiño é un escaparate a todo o mundo.» Falaban de que vendían desde a súa pequena tenda en Arzúa, á parte de aos veciños, a todos os países do mundo; repito: a todos os países do mundo. Por iso a aposta que fai este plan pola dixitalización do comercio retalista, e aproveitar tamén as sinerxías, non é unha alternativa, é unha necesidade. *(Aplausos.)*

Miren, destes tres eixes quedo co resumo de tres palabras: compromiso, escoita e transparencia. Compromiso co noso comercio, coas súas asociacións e federacións, que son dinamizadores da economía local e xeradores de emprego. Escoita; a consellería ten como prioridade as experiencias e as aportacións do sector do comercio, que, como se relatou, foron imprescindibles para darlle forma a ese Plan estratéxico que hoxe se presenta. A transparencia; a transparencia para deseñar entre todos un comercio moderno, un comercio resiliente, un comercio competitivo e que dea respostas a todos os desafíos actuais.

Pero tamén hai que dicilo alto e claro, que hai dúas formas moi diferentes de exercer a responsabilidade de goberno: poñerse ao lado de Galicia, aquí e en Madrid, e logo está a bancada da esquerda, escondidos en Galicia e contra Galicia en Madrid. *(Aplausos.)*

Hai uns días lemos na prensa a preocupación da Asociación dos Traballadores Autónomos, baseada nas trabas que o Goberno central pon ao comercio de España, que cada día se lle fai máis insostible abrir a persiana. Sánchez só foi quen de impoñer máis trabas, máis trámites, máis obrigas, e subirlles os impostos un día si e outro tamén.

A voracidade fiscal do Goberno ameaza con asfixiar o noso comercio. Os partidos, como os representados na oposición, socialistas e nacionalistas, lonxe de exixir un sistema fiscal equilibrado, parecen aplaudir que a diario moitos comercios baixen as súas persianas, inca-



paces de facer fronte a esas cargas fiscais. Teñen que pedirlle a Madrid, pedir a Sánchez que esa voracidade fiscal do comercio desapareza.

Mire, como lle dicía, o presidente da Asociación de Traballadores Autónomos tamén falaba da falta de realismo, da falta de realismo que o Goberno de España está a impoñer no anteproxecto de lei para reducir a xornada laboral, na que calquera empresa ou autónomo que teña traballadores se verá obrigado a contratar unha empresa de software para poder rexistrar a información exixida para o rexistro horario.

Ningún profesional do comercio galego ten inconveniente en contribuír cos impostos e mellorar os servizos públicos, mellorar as rúas, as infraestruturas, tampouco en abrir un debate serio sobre horarios de conciliación, pero ningunha destas medidas debe facerse desde a imposición, que leve a un profesional á quebra, ao peche e á perda da riqueza de emprego.

O comercio, señores e señoras, corazón das nosas vilas e pobos, merece un respecto. A Xunta de Galicia busca solucións, ao lado do comercio, para que o comercio de Galicia creza e se expanda. Iso si, non podemos contar coa oposición neste obxectivo. O pasado día 25 de outubro debatíase en comisión unha iniciativa proposta por este Grupo Parlamentario Popular para demandar ao Goberno de España a transferencia á Galicia dos fondos Next Generation para financiar necesidades do comercio. Os socialistas non apoiaron esta iniciativa. Esa valentía, esa bravura lévena a Madrid, e pidan o que lle corresponde ao comercio galego, nin máis nin menos, o que nos corresponde. *(Aplausos.)*

Miren, ata tal punto é así que o groso das axudas ao comercio galego só procede de fondos propios da Xunta de Galicia, só procede de fondos propios. Sabemos, conselleiro, que vostede reclamou en Madrid recentemente que eses cartos, eses fondos europeos de recuperación cheguen a Galicia. Así o fixo nesa reunión coa secretaria de Estado de Comercio, pero hai quen prefire deixar fondos europeos sen executar antes que darllos a Galicia, fondos que poidan ser investidos a favor do noso comercio.

Está claro que hai grupos deste Parlamento para os que a súa prioridade é Sánchez e non é Galicia. A prioridade son os intereses do Goberno central.

Por máis que queiran facelo, os galegos non son parvos; levan cinco lexislaturas dicindo quen quere que os defenda. Desde este Grupo Parlamentario Popular animámolo, conselleiro, a seguir sempre mirando polos intereses de Galicia e polos intereses do comercio de Galicia en particular, porque, como dixo vostede, o Goberno da Xunta de Galicia é máis de facer que de falar.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

E antes de darlle o turno de réplica ao señor conselleiro, se non me fallan as anotacións, cómpre dar a benvida ao Parlamento de Galicia aos alumnos de 5º e 6º de primaria do CEIP Plurilingüe Carlos Cid Arregui, de Rairiz de Veiga. Benvidos e benvidas ao Parlamento.



Señor conselleiro, turno de réplica.

O señor CONSELLEIRO DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN (González Vázquez): Moitas grazas, señora presidenta.

Moi bo día aos alumnos de Rairiz de Veiga, que, ademais, é un concello da miña provincia de Ourense, da comarca da Limia, produto agrícola absolutamente extraordinario, e polo tanto moi benvidos. Como todos os galegos, señorías, pero permítanme que faga esta aclaración coa Limia.

Ben, eu, dende a máxima cordialidade, como fago sempre e co ánimo de debater, pediríalles tamén, se pode ser, na seguinte intervención, ¡home!, que algunha das medidas das que falamos polo menos a critiquen en concreto, porque creo que algunhas delas son bastante novidosas e tratan de resolver problemas, ¿non?

Hai outra cuestión que a min tamén me gustaría aclarar, porque, señorías do meu grupo parlamentario, se viñeramos aquí sen publicar o plan, ¿que nos dirían? Escurantismo. E resulta que o publicamos para que se poida ter presente, e, ademais, vostede leuno, é evidente, señora Rodríguez Dacosta, porque o leu e colleu os datos, e é que é propaganda e publicidade; é que eu non dou entendido exactamente que é o que se quere. *(Aplausos.)*

Eu aquí ao que veño, señorías, como facemos sempre dende o Goberno galego, é a dar conta a este Parlamento. Vimos explicar un plan que, ademais —e agora vou falar diso—, está consensuado co sector, pero, por suposto, se os grupos parlamentarios teñen aportacións, este é un plan vivo, ¡eh!, non crean que non se pode mellorar coas súas aportacións; se estamos aquí caladiños, criticando todo o que se fixo...

Representantes da Administración. Permítame que lle diga, señora Rodríguez Dacosta, que pensa o ladrón que son todos da mesma condición. Porque iso de que non falamos con representantes da Administración local, ¿de onde o sacou? Deberíalle preguntar ao presidente da Fegamp, non sei de que partido é. A Fegamp foi citada, porque consideramos que é a representación de toda a Administración local de Galicia, a participar neste plan, e pediúselle expresamente —e non busquen dúbidas, porque hai correos, varios ademais, porque tardaron en contestar— que designaran representantes locais —tamén, señora González— dos tres ámbitos, que eran os concellos máis pequenos, os medianos —as vilas— e as cidades.

E os representantes que designaron foron —tamén para aclarar—: Bande —certo, Partido Popular—, Viveiro —naquel momento— e A Coruña. Foi a representación determinada pola Fegamp. Polo tanto, imos quitar de enriba un bulo de que non se contou coa Administración local; non volvan, porque se contou coa Administración local. *(Aplausos.)*

Pero, señorías, resulta que, logo de falar con trescentos representantes do sector —xa o dixo moi ben a señora Rodríguez na súa magnífica intervención, pero eu vounos citar outra vez—: asociacións e federacións de comercio; centros comerciais abertos, que representan precisamente a todos os comerciantes dese eido territorial; praza de abastos, noventa e catro; venda ambulante, por suposto; persoas consumidoras; grandes superficies —que, mal que



lle pese ao Bloque, tamén é comercio de Galicia—, cámaras de comercio, artesáns e autónomos, e velaí que o Bloque encontra que faltaron os representantes sindicais. Non se preocupe tamén, señora González, que tomo nota, autocrítica, e nos reuniremos cos representantes sindicais para explicarlles tamén este plan. *(Aplausos.)*

E fíxense: nesa liña, señorías, a eiva que encontrou o Bloque no plan: unha nova Lei de comercio; é o primeiro que tiñamos que facer, jeh! ¡Anda que non lle gusta o intervencionismo ao Bloque! ¿E que me veña chamar aquí unha representante do Bloque que somos os do «non»? *(Risos.)* Ben, en fin... Eu ¿que quere que lle diga?

Falan de intervencionismo, falan de que hai que facer unha lei, e a única receita que ten o Bloque é que hai que regular as rebaixas e que hai que regular os horarios. Dígolle tamén unha cousa: non o aplicou moi ben mentres gobernou o Bloque en Ribadeo, que foi o que impuxo precisamente que se abriaran os comercios locais no domingo, cousa coa que por suposto eu estou totalmente de acordo, porque creo que ten sido unha actividade evidentemente moi a prol do comercio local e que agora está funcionando tamén moi ben. Por certo, dicir que o centro comercial aberto en Ribadeo é un exemplo de bo funcionamento neste ámbito.

E fala tamén de que o inimigo do comercio local son as grandes superficies. Señora González, ¿e a venda por internet? ¿A venda por internet non é inimigo do comercio local? Ou sexa, ¿Amazon —a vostedes non lles gustan moito as multinacionais— non é un inimigo do comercio local? ¿E as grandes superficies non crean emprego en Galicia? Porque Amazon crea pouco, jeh!, terá aquí ao mellor un centro de distribución, pero crea pouco; é certo; ademais, non ten moitos centros de distribución porque se está aproveitando dos nosos comercios locais para que sexan os seus almacéns. Ese si é o inimigo, *(Aplausos.)* ese si é o inimigo, e aí o que temos que facer —e deberíamos facelo todos— é moita pedagogía coa xente xove; eu trato de facelo na miña casa, que teño tres fillos; moita pedagogía coa xente xove. É facilísimo comprar por internet, pero cada vez que compramos por internet estamos contribuíndo a que se acumule —e fíxese como estou falando, jeh!— moitísima riqueza nunha parte do mundo, en concreto onde están as grandes tecnolóxicas, e esa riqueza co comercio local repártese en todo o territorio. Polo tanto, nós temos que facer moita pedagogía para tratar de convencer sobre todo a xente xove de que compre no comercio local. Porque, cando compra no comercio local, está favorecendo a súa familia, os seus amigos, moita xente que está nese comercio local, polo que todos estou seguro de que tratamos de loitar.

Falou tamén a señora Rodríguez de non sei exactamente os números, pero eu apuntei do 3 ao 6; do 3 ao 6 quero dicir que comparto total e absolutamente a súa intervención, cando fixo referencia a como debemos de apoiar o comercio local.

Falou dos postos de traballo, do que tamén dixo algo a representante do Bloque. Concretarlle que son 107.000, non 40.000, está no propio plan, son 107.000. Hai 80.809 postos de traballo por conta allea e 27.183 no RETA, o cal reforza aínda máis a importancia dun sector como é o comercio local, que estou seguro de que vostede tamén comparte.

Fixo unha crítica de que tiñamos números nos indicadores. Ben, ten que entender tamén que eses números son indicadores de calidade.



E referiuse a que as medidas eran pouco concretas. Eu o que lle podo dicir é que as medidas son as que se consensuaron co sector e teñen un grao de concreción moi importante, porque, ademais, eu, como vostede, lin varias veces o plan.

Falou tamén, cando nos referimos á Administración local, que me gustaría tamén reforzalo, de que hai un mecanismo —creo que é bo ademais, mantémolo e, por suposto, vaise manter— que son as mesas de comercio local. Eu aí non lle podo dicir se vai un concelleiro dun partido ou doutro, porque son mesas de comercio local, señora González, que teñen unha normativa na súa convocatoria. Imaxino que irá o concelleiro representante de comercio. Pero simplemente sinalarlle tamén, como lle dixen no comezo da miña intervención, que este ano se convocaron vinte e catro mesas de comercio local, e non está mal, ademais de todas as reunións que tivemos con todos os representantes do sector.

E a señora González, do Bloque —desculpe, porque como non é a portavoz habitual do meu ámbito de competencias—, falou tamén de Artesanía de Galicia. Eu creo que ao Bloque non lle gusta moito que o Partido Popular teña tanto éxito no que se refire en artesanía á Galicia e ao bo funcionamento da fundación. Porque aí xa lle podo dicir que non hai ningún artesán que non recoñeza o labor que está facendo a Xunta de Galicia a prol da artesanía. É dicir, que non estamos tendo preocupación pola artesanía cando eu mesmo a semana pasada estiven en dous artesáns, vou estar mañá noutro, está constantemente o director xeral tamén reforzando o traballo da artesanía, pois, ¡home!, creo que non se corresponde moito coa realidade.

E na súa última parte da intervención fixo pois unha intervención máis propia de economía respecto dos orzamentos, a conxelación, se o euro non avanzara respecto do 2009 en canto ao seu valor. ¡Home!, eu diría que 320 millóns de euros..., ben, podemos dicir tal, pero é unha cantidade importante, non só na Dirección Xeral de Comercio, senón tamén na coordinación, o que ten que ver tamén coa colocación de comercio nesta consellería. Porque unha parte moi importante do que ten que ver co orzamento do comercio está noutras direccións xerais desta consellería e, polo tanto, increméntase de xeito importante.

Pero doulle un dato tamén, do que falamos na miña primeira intervención. Fíxese: eu dixen claramente que hai unha medida que fala de que, antes de abrir os comercios, pois que se lles teña un acompañamento para facer o seu plan de negocio e se vexa a súa viabilidade económica; estas cuestións que ás veces parece que todo é por parte do Bloque dar subvencións e que así se manteñan os comerciantes, ¿non? O que habería que pensar, en primeiro lugar, é que haxa rendibilidade nos comercios. Ten moito que ver tamén co que dixo a representante, a portavoz do Partido Popular: non somos conscientes do que supón o inferno fiscal para as pequenas e medianas empresas, ¡eh!; é dicir, a suba que temos experimentado dende o ano 2018 tanto en impostos directos como tamén en cotizacións á Seguridade Social o que está facendo é precisamente pechando moitísimas pequenas e medianas empresas, e na que haxa algunha dificultade económica vaise ver aínda moito máis. *(Aplausos.)*

Pero dicíalle que varias das medidas que están neste plan teñen que ver, como non pode ser doutro xeito, coa formación, e faláballe deses plans. Aí apostamos por unha especialización dos polos de emprendemento. Non sei se lle gustan moito os polos de emprendemento ou non, pero creo que están facendo un bo labor, sobre todo nunha cuestión que a min polo



menos me importa moitísimo, ao meu grupo parlamentario e tamén ao Goberno da Xunta, que é o emprendemento ligado ao territorio, que é manter ese emprendemento no conxunto do territorio. Porque Galicia non son só as cidades, é tamén o rural, o conxunto do territorio. Eu falaría do conxunto do territorio, porque se falaba antes de Ribadavia ou falamos pensando nos alumnos, Xinzo non é rural rural, quero dicir, son vilas tamén. Entón, ese emprendemento ligado ao territorio, que ten que manter postos de traballo e, sobre todo, ten que dar servizos e produtos esenciais á nosa poboación no seu conxunto, ten moito que ver cos polos de emprendemento, porque alí non estamos atendendo a grandes empresas; para iso temos a Oficina Económica de Galicia, dentro da Consellería de Economía. O emprendemento ligado ao territorio é un conxunto —o seu asesoramento— de quince polos, que tamén están nesta consellería, totalmente adaptados a ese emprendemento vinculado —como digo— ao territorio. E aí imos especializar polos para precisamente o comercio.

Hai outra cuestión sobre a que si me gustaría reflexionar con todos vostedes, que é a remuda xeracional. Eu, que teño unha idade, se botamos a vista atrás e pensamos nas vilas, que eran o centro de comercio das nosas comarcas, hai aquí xente tamén do Ribeiro, e hai trinta anos o que era Ribadavia e o que é hoxe dende o punto de vista comercial, digo que naquel momento os que tiñan os comercios non tiñan moito interese en pechar nin eles nin os seus fillos, porque había unha rendibilidade, ¿non? E creo que debería ser a primeira reflexión que deberíamos facer.

Esa rendibilidade, que hoxe se ve afectada, como moi ben dicía a voceira do Partido Popular, polas dificultades fiscais e de Seguridade Social, debe de ser a clave de todo o noso traballo conxunto. E digo, por unha banda: axudalos a darlles viabilidade aos seus negocios e, por suposto, tamén a través de subvencións, pero tratando de que haxa esa rendibilidade nos negocios.

Ben, eu, que estou aquí para falar do Plan estratéxico, esbocei, como non pode ser doutro xeito, as medidas principais e, dentro delas —tamén lles recordo— falei do programa Localízate, que, por unha banda, ten por obxectivo incentivar os máis xoves para que saiban que o comercio é algo máis que ir comprar, que para iso está internet, pero, por outra banda, tamén ten que ver con apostar pola remuda xeracional. E creo que aí os polos e todo este traballo que estamos a facer cumpren tamén un bo labor.

Quero dicir con todo isto que eu polo menos estou moi satisfeito do traballo que se fixo aquí. O que me chega a min —e houbo moita asistencia na presentación— é que o sector está moi ilusionado tamén con esta aposta que fai a Xunta de Galicia. E o que lles digo é que dende a Xunta de Galicia e dende o Partido Popular non teñan absolutamente ningunha dúbida de que temos por obxectivo revitalizar, reforzar e manter o noso comercio local, non só nas cidades, senón tamén no conxunto do territorio.

E por iso adoptamos este plan, que, como xa viron, pois creo que está suficientemente debullado e que trae esa fortaleza para apoiar o comercio local, como non pode ser doutro xeito.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.



Réplica.

Pasamos directamente ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, señora Dacosta.

A señora RODRÍGUEZ DACOSTA: Grazas, presidenta.

Ben, conselleiro, desde o Grupo Parlamentario Socialista pedimos que se presentara este plan antes de dar unha rolda de prensa, porque, primeiro, dan a rolda de prensa, véndeno aos medios e despois veñen ao Parlamento. Obviamente non é un debate dun documento de traballo, é un debate no que xa fan vostedes primeiramente a venda política. A iso me refería.

Vostede tamén falaba de propostas do PSdeG. Pois temos levado á Comisión 6ª ou ao pleno distintas iniciativas no eido do comercio, pois como son: ¿que tiñan pensado facer co Bono Remuda ante a falta de relevo xeracional?, que é un dos grandes problemas que ten o sector, e vostede mesmo agora falaba desta problemática. É que vostede mesmo, de forma tácita, tamén recoñeceu que fora un desastre, onde non se consumiu o crédito dispoñible ante a falta de solicitudes.

Tamén, que nas actuacións promocionais da Xunta de Galicia financiaran premios tipo tarxeta prepago, por ser efectiva e demandada polo sector, tanto no eido dos comerciantes como por parte dos consumidores. E o Partido Popular pois votou en contra, señor conselleiro. Iso si, logo son os primeiros en poñerse nas fotos na entrega dos premios.

Que a Xunta asumise —tamén pedimos— a porcentaxe complementaria que non financia Europa, para que tiveran a oportunidade as distintas federacións, os centros comerciais abertos, as asociacións de comercio, de acceder aos ditos fondos. E o Partido Popular, ¿que votaba? En contra, chegando ao colmo de transaccionar o punto de acordo para que ao final se volvesen atrás na propia transacción acordada. E vostede está ao tanto destas votacións, porque obviamente dirixe ese tema.

Tamén instamos a Xunta de Galicia a publicar as subvencións para as asociacións de comerciantes sen fins de ánimo de lucro de ámbito superior ao municipal ou federacións para a revitalización do comercio de proximidade, e a incentivar o consumo a través do ticket dixital de dinamización comercial, que a Xunta deixou de publicar. E incluso pedimos que as mellorase, para que todas as pequenas asociacións teñan cabida e non quedasen excluídas. E sabe, señor conselleiro, cal foi o sentido do voto do Partido Popular, porque lle consultan, e foi en contra. Ese é o compromiso que ten o Partido Popular co comercio galego, a pesar de que estas son demandas que nos trasladaba o sector, non eran demandas do Grupo Parlamentario Socialista, vostede sabe que eran demandas do propio sector.

E o que pretende o Partido Popular con este plan é facer —pois si, e benvidos— unha autoemenda ás liñas de actuación levadas a cabo nos últimos anos por parte da Xunta de Galicia para tapar os seus fracasos, e, como sempre, cun cambio de nome á fronte da consellería, cren que o contador pois se pon a cero, e non é así.

O exemplo podémolo ver no que propón agora, que logo de deixar sen efecto as mesas locais de comercio, que foron creadas e reguladas pola Lei 13/2010, de comercio interior de Galicia,



neste plan pois propoñen crear a mesa de comercio; iso si, quítanlle o apelido de local, non vaia ser que teñan que escoitar os concellos, e cando os concellos lle poderían aportar moito por coñecemento e porque están a tomar medidas, como poden ser iniciativas que están levando a cabo ante a falta de iniciativa da Xunta de Galicia.

Pois poño un caso: Pol. O alcalde anunciaba que se faría cargo dun supermercado ante un peche inmediato do mesmo. Ou o Concello de Ribeira de Piquín, que vai asumir a xestión dunha gasoleira para que os concellos non perdan servizos. Un labor eu creo que heroico. Unha vez máis, os concellos indo ao rescate da Xunta de Galicia. Ambos os dous concellos con alcaldes socialistas. E o dito, señor conselleiro: pois moito texto e pouca chicha.

Atopámonos cunha grave problemática tamén que se orixina no envellecemento da poboación galega, trinta e sete mil autónomos vanse xubilar nos próximos tres anos; isto abarca obviamente máis sectores que o propio comercio, pero si que é certo que aí non só se ten que implicar a Consellería de Emprego senón toda a Xunta de Galicia, por ser unha sangría e ser un problema de país.

Nada máis e moitas grazas.

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

Quenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora González.

(Pronúncianse palabras que non se perciben.)

Ben, os aplausos non son obrigatorios; se o grupo non o considera, ¿non? *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Silencio, por favor.

A señora GONZÁLEZ IGLESIAS: Señora Rodríguez, xa pode marchar contenta para a casa, que ata o conselleiro, membro do Goberno galego, lle aplaudiu a súa intervención; *(Aplausos.)* unha intervención tan boa que fala de que a oposición vimos aquí sen argumentos. Para argumentos rigorosos e serios, os do Partido Popular, que, ante un tema como o comercio interior de Galiza, saca a relucir a Pedro Sánchez, a Madrid... Faltoulle Cataluña, Bildu e ETA, señora Rodríguez; sería o argumentario completo do Partido Popular.

Mire, conselleiro, o que é este plan..., é que estiven a piques de non saír, porque xa llo cualificou a señora Rodríguez. Leo textualmente o que dixo: este plan contempla as eficaces medidas postas en marcha... Continuismo, o que eu lle dixen; poucas medidas innovadoras, poucas medidas novas se recollen neste plan que non estiveran xa en marcha nos últimos anos.

E mire, eu non lle falaba da convocatoria das mesas locais, jeh!, porque eu creo que as deputadas e deputados deste Parlamento e os concelleiros na oposición do Partido Popular nos concellos non forman parte das mesas locais de comercio, jeh! As reunións das que eu lle



falaba, nas que non foron convidadas nin as organizacións sindicais nin o resto dos deputados e concelleiros dos grupos da oposición deste Parlamento, non eran as mesas locais de comercio.

Despois, regular as rebaixas e horarios comerciais non é unha demanda do BNG, señor conselleiro, é unha demanda do sector, e se non o ve así é que non leu a prensa, porque cada vez que chega o período de rebaixas o sector sae demandando que se regule o período de rebaixas e de horarios comerciais. E está recollido tamén no propio plan.

Este plan ten medidas tan innovadoras como a activación do Observatorio do Comercio Galego, un observatorio que foi creado na Lei do ano 2010, conselleiro. Quince anos despois imos activalo, unha medida innovadora *y de lo más actual*, jeh!

Certo que un dos problemas máis graves ou un dos graves problemas que ten o comercio é a venda por internet: Amazon, Temu, Shein, etc., etc., unha cuestión que xa trouxemos a este Parlamento o Bloque Nacionalista Galego, cunha iniciativa na que instabamos a Xunta a crear unha grande plataforma de venda *on line*, en liña, galega á que puidera acollerse todo o tecido comercial galego. ¿Sabe vostede que votou o Partido Popular? «Non», (*Aplausos.*) «non»; o Partido Popular do «non».

Mire, máis de nove mil negocios pechados en dezaseis anos, máis de 250 millóns de euros de perda acumulada nos orzamentos da Xunta. Que pechen comercios non é unha desgraza, señor conselleiro, non é unha praga bíblica que veña do ceo. O peche de comercios é consecuencia da falta de medidas e políticas, da falta de orzamentos e da falta dunha folla de ruta do Goberno galego, que ten competencia na materia de comercio interior, (*Aplausos.*) ten todas as competencias. ¿Sabe a que equivalen 250 millóns de euros? 250 millóns de euros de perda acumulada en dezaseis anos, xusto os que o Partido Popular lle quere agasallar a Altri. ¡Fíxense vostedes (*Aplausos.*) o que poderíamos facer! Poderíamos recuperar o orzamento que perdeu o comercio galego en quince anos se, en vez de agasallarse a unha empresa espoliadora dos nosos recursos, o destinamos a un sector económico estratéxico para o noso país como é o comercio galego.

Eu non dixen que o plan non recollía ningunha medida para a artesanía, o que dixen é que é máis do mesmo. Faltan medidas novas que impulsen, que afiancen e que poñan o foco na artesanía tradicional; en ningún momento. E, ¡home!, poderíamos criticar e falaremos deste Plan estratéxico para o comercio galego ao longo do que nos queda de lexislatura. Era algo que nós levabamos demandando hai anos. Hai medidas coas que nós xa acordamos e xa votamos a favor neste Parlamento, pero que se queda coxo, que lle faltan moitas medidas que son fundamentais é algo incuestionable.

E unha nova Lei de comercio galego non é intervencionismo, señor conselleiro. É moi simplista dicir que poñer en marcha unha nova lei é intervencionismo, jeh! O que é é dar seguridade xurídica a un sector que se atopa nunha crise brutal, brutal, que cada día pechan máis e máis negocios, que temos rúas. E vostede e eu, que vivimos en Vigo, temos rúas que son rúas fantasmas, nas que non queda practicamente ningún negocio aberto.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.



A señora GONZÁLEZ IGLESIAS: E a gran solución que nos deu durante esta lexislatura o Partido Popular para non ver rúas con comercios pechados ¿cal é? Convertelas en vivendas, proxecto estrela, *(Aplausos.)* proxecto estrela. Imos maquillar as rúas e pechar comercios e convertelos en vivendas.

Necesitamos máis ambición, conselleiro, máis ambición para un sector que é estratéxico. Agardo que teña esa ambición. Recolla o guante de que este non é un plan pechado...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora GONZÁLEZ IGLESIAS: ...e que van recoller todas as propostas que traíamos o Bloque Nacionalista Galego a este Parlamento. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Grupo Parlamentario Popular, señora Rodríguez Carrera.

A señora RODRÍGUEZ CARRERA: Grazas, presidente.

Señora Dacosta, ¿como financiar co que non dá Europa o comercio?, se lle acabo de dicir que o Goberno central non nos dá eses fondos de Europa. Vostede ¿que vén dicir aquí?

Outra pregunta que lle quero dicir: ¿vostede falou realmente coas federacións de comercio? Non falou, porque, se falara, non intentaría ocultar o seu mal facer, aínda que sexa faltando á verdade e ao comercio galego. *(Aplausos.)*

Mire, señora González, non vou entrar, porque realmente se limitou a mentir directamente, pero voulle dicir unha cousa: en Vigo hai rúas pantasma, claro que hai rúas pantasma, pero tamén hai dous centros comerciais en marcha; aí terá algo que dicir tamén vostede.

Mire, ¿sabe o que lle digo, conselleiro? Moi envalentonados en Galicia e moi dóciles a Madrid, e vai por ese grupo da bancada da esquerda. *(Aplausos.)* ¿Por que non se poñen ao lado do comercio galego? ¿Por que non queren apoiar o comercio galego? ¿Por que lle dan sempre as costas a Galicia? E ¿por que poñen os intereses partidistas por riba dos intereses dos galegos e das galegas?

Conselleiro, aquí no Parlamento galego temos dous grupos parlamentarios aos que pouco lles importa Galicia. Como lle dixen, os socialistas non apoian o comercio galego e os seus intereses son defender o sillón de Pedro Sánchez. Galicia non é a súa prioridade, non é a prioridade para os socialistas.

E logo están os do «non», o Bloque Nacionalista do «non», «non». Mire, cando falamos da AP-9, porque me toca moi de cerca, eles contestan «non», «non». Se falamos da empresa en Galicia, eles contestan «non», «non». Se falamos de Xacobeo, contestan «non», «non». De turismo, «non», «non». Do Camiño de Santiago, «non», «non». E hoxe, de comercio galego, «non», «non». *(Aplausos.)* Parece que o que beneficia a Galicia prexudica



o BNG. Esta é a marca do BNG e agora tamén lla copian os socialistas. Non hai política máis destrutiva que a que se fai en contra dos intereses dos propios votantes.

Conselleiro, a mobilización de máis de 320 millóns de euros para un dos principais motores da nosa economía como é o tecido comercial é probablemente a aposta máis ambiciosa feita polo Goberno galego na súa historia. Falou vostede de trinta e dous mil establecementos comerciais na nosa comunidade, ocupando no eido produtivo a quinta posición nas comunidades autónomas de España, (*A señora Rodríguez Carrera mostra un documento.*) o maior número en comercio retalista, só por detrás de Andalucía, de Cataluña, de Valencia e de Madrid, dando emprego a 107.000 persoas. Os socialistas non se molestaron en concretar os datos. Fronte ao catastrofismo, a realidade dos datos.

Nós non vemos nin no comercio nin nos empresarios un inimigo, nós cremos no comercio, dinamiza a economía, xera emprego e verteбра o progreso dos concellos, en consecuencia o progreso de toda Galicia. O noso comercio é o noso orgullo, conselleiro.

Os pequenos comerciantes artesáns, ao longo dos anos, foron e son a forza viva dos pobos e dos barrios, xeran cercanía, calidade e xeran confianza. O comercio local crea vida alí onde se asenta.

Como hoxe dixo vostede aquí, o comercio galego está suxeito a unha forte transformación, e aí está e estará a Xunta de Galicia con ese Plan estratéxico, protexendo e acompañando, feito desde o consenso, desde o traballo conxunto, desde a escoita, e recollendo as respostas deses máis de trescentos representantes do sector implicado na busca desa transformación, dixitalización, innovación, do relevo xeracional, da modernización e do aproveitamento das sinerxías, con eses tres eixes, con dezaseis medidas e setenta e catro accións e cun investimento —repito— de 320 millóns de euros.

Pero o comercio galego quere esa política, esa política de seguridade, esa política de tranquilidade, de acompañamento e esa política de traballo, esa política de menos palabras e máis feitos. E, para dar fe, está a mellor das enquisas, onde os galegos e as galegas falan alto e claro cada catro anos. Un plan que busca adaptarse ás necesidades da clientela e busca a remuda xeracional, e, como vostede ben dixo, pensando no emprego autónomo, coordinado coa Estratexia de impulso autónomo, que contempla medidas importantes para iniciativas de autoemprego en xeral e para o comercio en particular.

¡Ah!, por certo, conselleiro, parabéns por eses datos do paro do mes de marzo, a cifra de paro máis baixa dun marzo desde 1996, a segunda comunidade autónoma en que é máis baixa. (*Aplausos.*) Está claro que o traballo ben feito dá eses froitos.

Xa remato, non antes sen felicitalo, pero non só a vostede, non só a vostede e ao seu equipo —vaimo permitir—, senón tamén a eses máis de trescentos representantes de asociacións e federacións de comercio, de centros comerciais abertos, de prazas de abastos, de venda ambulante, de consumidores, de grandes superficies, de cámaras de comercio, de artesáns autónomos, que están detrás deste plan, ou, mellor dito, ao carón da Xunta de Galicia, neste obxectivo, que entre todos fixeron este Plan, extraordinario, de comercio de Galicia 2025-



2030, que hoxe agradecemos que presentara neste Parlamento, plan que non dubido que comezará a dar os seus froitos máis pronto que tarde.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas.

Peche da comparecencia, conselleiro de Emprego, Comercio e Emigración.

O señor CONSELLEIRO DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN (González Vázquez): Grazas, señor presidente.

Señorías.

Vou facer algunha aclaración respecto das súas intervencións, que, por certo —volvo repetir— non avanzaron moito nin profundizaron moito nas medidas.

Si, señora González, dicía vostede que agradece que sexa un plan aberto para que acolla todas as propostas do Bloque. ¡Home!, todas non, pero, se hai algunha que sexa razoable para o comercio galego, teña por suposto que así o imos considerar, contando, como non pode ser doutro xeito, con todos os axentes, incluídos tamén os grupos parlamentarios, neste caso os partidos.

E, señora Álvarez, vaime permitir que a corrixa tamén de novo. Eu non dixen que o Bono Remuda fora un desastre; eu dixen que o Bono Remuda é unha medida moi novidosa e que, por certo, está tamén recollida no plan. Por exemplo, a semana pasada, en que estivo o director xeral de Comercio reunido con todos os directores xerais de Comercio de España, pois foi recoñecida como algo certamente moi positivo, porque todas as comunidades autónomas —e isto é algo que non deberíamos esquecer neste Parlamento— teñen a mesma situación. É dicir, o problema do comercio local non é un problema local —e permítanme a expresión— de Galicia, senón que é un problema de toda Europa —dixen eu na miña primeira intervención—.

Polo tanto, cando nós falamos de que estamos afrontando a problemática e tratando de melloralo, o que deberíamos de escoitar nos grupos parlamentarios é precisamente propostas para mellorar no seu caso estas medidas, sabendo que son medidas que temos que adoptar.

Dicía, repetiulle tamén —e é certo— a voceira do Partido Popular: eu practicamente hai un mes estiven reunido co secretario de Estado do Comercio e fomos alí cun plan no que lle poñiamos enriba da mesa unha proposta para converter ao redor de quince prazas de abastos de Galicia en mercados excelentes, cunha temática diferenciada, sen contar para nada que partidos están gobernando nos concellos, senón aquelas prazas que entendiamos —porque xa teñen a diagnose grazas ás axudas que nós sacamos cada ano— que se podían converter en mercados excelentes. Non sei se saben vostedes que hai uns fondos —sábeno, porque se falou moitas veces aquí—, uns MRR, que están retidos polo Goberno central para facer —imos entender todos— as súas propias medidas. Eses MRR vanse ter que devolver a Europa. Nesa medida en concreto teñen moitísimos excedentes que lle puxemos enriba da mesa ao secretario de Estado



de Comercio, secretaria de Estado de Comercio, que é unha muller e dixémoslle, señora Rodríguez, que nós estabamos en disposición de podelos investir en Galicia inmediatamente antes de 2026, porque temos os traballos feitos. As prazas de abastos. Sábeo vostede e, se non, dígollo eu: a subvención primeiro ten unha diagnose, despois ten a subvención do proxecto, e polo tanto hai prazas de abastos en Galicia con proxectos xa listos para poder facer as obras. Pois non houbo forma. Non sabemos onde van ir eses fondos MRR, pero dende logo ás prazas de abastos de Galicia non van ir, e, polo tanto, cando llo di a voceira do Partido Popular, si se pode consultar a secretaria de Estado de Comercio e se pode facer algunha presión para que nos manden os cartos, eu dígolle que antes de 2026 somos capaces de executalos. *(Aplausos.)*

A señora González dixo que o plan non tiña medidas innovadoras. Volvo repetir: a medida innovadora para o comercio galego do Bloque é unha nova lei; esa é a medida innovadora. Permítanme, permítanme que... ¡Ah!, por certo, dixo outra tamén: para loitar contra as vendas por internet, ten que haber unha páxina web pública da Xunta de Galicia, e con iso solucionamos todas as vendas por internet. ¿Solucionamos o problema?

Eu digo: imos ver, medidas novidosas. Hai unha problemática... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Ben, pois, se non o dixo, desculpe, que igual entendín mal, desculpe entón. Eu crin entender que era a única medida que se podía utilizar para loitar contra a venda por internet, pero, se non é así, pídolle desculpas.

Dicía que, dentro das medidas innovadoras, ¡home!, hai unha problemática, eu polo menos así o percibo. É certo que vivo en Vigo, pero fago moita vida tamén en Ourense. E volvo: hai vilas en Ourense e no resto das provincias que teñen unha problemática bastante maior que algunhas cidades, que ten que ver coa perda do tecido comercial; en concreto, nunha primeira análise, algunhas delas co 80 por cento ou o 90 por cento dos locais pechados.

Temos o proxecto Vilas vivas; non escoitei aquí nada falar del. Creo que pode ser unha boa medida para dinamizalas dende a perspectiva das sinerxías que ten o comercio local co turismo e tamén coa gastronomía.

Temos todos claro que o comercio local se ten que apoiar na xente máis nova. Non escoitei aquí tampouco ningunha reflexión sobre o proxecto Localízate, que é precisamente o que pretende dar ese apoio ao comercio local nos menores de 12 a 18 anos.

Por certo, tamén no plan, que vai iniciarse en maio, hai unha campaña publicitaria de moito investimento para a promoción do comercio local. Creo que é importante esa visibilización, ou polo menos así nolo di o sector.

Non escoitei aquí falar por parte de vostedes da proposta dunha nova marca de Comercio Galicia que sirva de paraugas para todo o comercio local, para darlle tamén ese apoio e que poida dalgún xeito visibilizar ese esforzo que van facer como comercio local.

Non lles escoitei falar de se é interesante ou non especializar os polos de emprendemento, que están referidos a ese emprendemento ligado ao territorio, tan necesario pola dispersión poboacional que ten Galicia.



Non lles escoitei falar a vostedes nada do Prato de mercado. ¿Ou non é bo que os restaurantes de Galicia compren nas prazas de abastos para manter esas prazas de abastos? Porque eu si creo que as prazas de abastos cumpren un papel importantísimo no comercio local.

Non escoitei tampouco dicir se é bo ou non —ben, si, díxoo a señora Rodríguez— o tema da renovación en materia dixital. Dende logo, o que non é bo é facer unha páxina web pública. O que si é bo é que os comerciantes locais teñan armas no eido dixital para poder loitar contra os seus inimigos. *(Aplausos.)*

E deixei para o final, señora Rodríguez, evidentemente, a praza de abastos de Ourense, porque, se está o representante de Democracia Ourensana, que non está, pois falaba con moito máis interese porque é parte interesada. Eu agradezo o seu posicionamento, o posicionamento do Partido Socialista e tamén do Bloque, en relación coa praza de abastos, porque o obxectivo neste caso é abrir un edificio absolutamente extraordinario como é a praza de abastos número 1 de Ourense no prazo máis breve posible, agora —iso si— en condicións de accesibilidade e funcionalidade que permitan, por unha banda, que os ourensáns poidan desfrutar dese edificio e, por outra banda, que os comerciantes que están alí evidentemente fagan o seu negocio.

E facerlles unha precisión: a Xunta de Galicia na súa última proposta elevou a súa aportación —lembren, señorías, nunha praza de titularidade municipal— a 1,4 millóns de euros e tamén se comprometeu por axilidade —porque creo que o Concello de Ourense non é un especialista en axilidade no que se refire ás licitacións— a licitar nós a obra e facela no prazo máis breve posible. Agora, o que non se nos pode pedir é imposibles. *(Aplausos.)* Dito isto, e déixoo moi claro tamén —supoño que ao alcalde algo lle chegará—, man tendida, e nós mañá mesmo firmamos ese convenio e pasadomañá, ben, en canto o firmemos, poñémonos a mover todo para que canto antes a praza poida estar aberta.

Eu remato xa dicíndolles que, ben, a miña consellería trouxo aquí o Plan estratéxico, unha planificación a curto e a medio prazo para reiniciar —se queremos, dalgunha forma— pois traballar a prol do noso comercio local.

Eu creo que, ademais de recursos económicos —320 millóns de euros—, hai que poñer enriba da mesa —e así o estamos acreditando— esforzo e dedicación para mellorar dun xeito contundente a competitividade do sector comercial galego.

E voules dicir o comercio que dende a Xunta de Galicia queremos: queremos un comercio moderno, atractivo e de calidade. Ten que ser —ou procuraremos que sexa— a primeira e a mellor opción da cidadanía. Temos que fomentar fórmulas de dinamización e colaboración comercial que permitan unha maior visibilización do comercio e, por suposto, temos que traballar sen ningunha dúbida coa colaboración institucional e a gobernanza. Hai que buscar que os apoios públicos teñan maior eficiencia na dinamización do comercio local.

Creo que as setenta e catro medidas, señorías —e remato xa—, son medidas branco sobre negro, converxen. Por unha banda, é certo que son iniciativas que xa estaban en marcha, pero que están dando bos resultados e que imos manter, e, ao mesmo tempo, tamén con novidades.



En definitiva, señorías, unha folla de ruta que representa un paso totalmente decisivo de cara ao futuro do comercio retalista en Galicia, unha aposta e un compromiso con este eido produtivo xenuinamente galego.

Moitísimas grazas.

(Aplausos.)


O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

Pois non hai máis asuntos. Remata aquí o pleno.

Boa tarde.

Remata a sesión á unha e cincuenta e dous minutos da tarde.





PARLAMENTO
DE GALICIA

DIARIO DE SESIÓN DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

